



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 66

Sesión plenaria
10 de abril de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria (doc. núm. 24332, 10/PPL-000012)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 31.01.2018

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, pola que se modifica a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co obxecto de establecer un mecanismo compensatorio de repercusión do imposto sobre bens inmoables para as persoas arrendatarias de vivendas do parque público de vivendas da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 25509, 10/PPL-000013)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 261, do 15.02.2018

Punto 2. Comparecencias

2.1 28681 (10/PPP-000053)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a implantación da categoría estatutaria de enfermeiro/a especialista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 4.04.2018

Acumúlase na anterior a seguinte:

2.2 28514 (10/PPP-000052)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, para dar conta da privatización de servizos sanitarios na EOXI da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 4.04.2018

Punto 3. Mocións

3.1 28401 (10/MOC-000079)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, así como de atención ás persoas dependentes. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 26404, publicada no BOPG nº 267, do 27.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

3.2 28402 (10/MOC-000080)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e trece deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27145, publicada no BOPG nº 272, do 07.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

3.3 28409 (10/MOC-000081)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazos de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e precarización do emprego na sanidade pública. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27038, publicada no BOPG nº 272, do 07.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.03.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

Punto 4. Proposicións non de lei**4.1 8161 (10/PNP-000757)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade en Galicia co fin de eliminar as listas de espera

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

4.2 26706 (10/PNP-001890)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co título de adquisición do Pazo de Meirás por Francisco Franco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

4.3 26713 (10/PNP-001893)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e oito deputados/as máis**

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de medidas que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, así como a elaboración dun programa de colaboracións cos centros de estudos xacobeos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

4.4 27164 (10/PNP-001930)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dun plan de compensación en materia ferroviaria que inclúa compromisos concretos especialmente dirixidos ao interior de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

4.5 27382 (10/PNP-001952)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e once deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

4.6 27978 (10/PNP-002003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes na Administración xeral e no sector público autonómico, nas empresas e no emprego, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

4.7 28005 (10/PNP-002007)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para a mellora da seguridade viaria no conxunto da estrada N-540, así como a reforma e reparación dos tramos Guntín-Vendas de Narón, Chantada-Taboada e A Barrela-Chantada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

4.8 28112 (10/PNP-002016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

4.9 28329 (10/PNP-002041)

Grupos Parlamentarios Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Manifesto para a flexibilización da obriga de desembarque das capturas realizadas pola frota da Unión Europea, elaborado pola Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

Punto 5. Interpelacións

5.1 27661 (10/INT-000891)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

5.2 28365 (10/INT-000915)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en relación coa prestación de asistencia sanitaria no Ser-
gas por medio de concertos coa sanidade privada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

5.3 28372 (10/INT-000916)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as deficiencias existentes nos servizos de urxencias hospitalarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 28665 (10/POPX-000082)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante da enésima discriminación do Go-
berno central con Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 4.04.2018

6.2 28666 (10/POPX-000083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a necesidade de garantir a igualdade de acceso ao Sistema sanitario público de Ga-
licia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 4.04.2018

6.3 28670 (10/POPX-000084)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das decisións do Goberno central referidas á
construción dunha autovía paralela á AP-9 entre A Coruña e O Porriño mentres se rescatan
autoestradas privatizadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 4.04.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 25989 (10/POP-003094)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis

Sobre a información do Goberno galego respecto dos prazos de licitación e execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

7.2 28664 E C.E. 28671 (10/PUP-000157)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis

Sobre o cumprimento da obriga do Goberno galego de defender o medio ambiente, mediante o control da minaría potencialmente contaminante que opera en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 4.04.2018

7.3 26873 (10/POP-003195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a protección patrimonial da calzada de acceso ao castelo de Monterrei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

7.4 27325 (10/POP-003247)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da participación dos centros educativos nas iniciativas desenvoltas ata o momento en relación coas vocacións nas áreas STEM, ou de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

7.5 23213 (10/POP-002779)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e oito deputados/as máis

Sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal da Barbanza dende a entrada en funcionamento do sistema de estruturas organizativas de xestión integrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

7.6 27566 (10/POP-003267)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do número de persoas en situación de dependencia que van estar atendidas no ano 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

7.7 28010 (10/POP-003311)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

7.8 28644 (10/PUP-000156)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para corrixir as deficiencias denunciadas polo Comité de Empresa na residencia de persoas maiores de Campolongo, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 4.04.2018

7.9 27773 (10/PUP-000154)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da aprobación, antes da Semana Santa, do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

7.10 28322 (10/POP-003335)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre o custo real para o erario público de Galicia da contratación dos servizos da UME e da Operación Centinela para labores de loita contra os incendios forestais nos anos 2016 e 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

7.11 22762 (10/POP-002742)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Consellería do Mar do uso, para a trazabilidade nos produtos pesqueiros, dun método telemático punteiro no ámbito europeo, a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca e por medio dos terminais Ticpesc existentes nos portos de titularidade autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 13.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 16.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 20.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 23.)

Rolda de réplica: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 27.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola que se modifica a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co obxecto de establecer un mecanismo compensatorio de repercusión do imposto sobre bens inmoables para as persoas arrendatarias de vivendas do parque público de vivendas da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 29.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 33.), *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 36.) e *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 38.)

Rolda de réplica: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 42.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, pola que se modifica a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co obxecto de establecer un mecanismo compensatorio de repercusión do imposto sobre bens inmoables para as persoas arrendatarias de vivendas do parque público de vivendas da Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

O señor presidente anuncia a acumulación de dúas comparecencias para o seu debate conxunto. (Páx. 44.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a implantación da categoría estatutaria de enfermeiro/a especialista. (Punto segundo da orde do día.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, para dar conta da privatización de servizos sanitarios na EOXI da Coruña. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 45.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 52.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 54.), Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 57.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 61.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 64.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno (Páx. 67.). Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 67.), o señor Torrado Quintela (S) (Páx. 69.), a señora Solla Fernández (EM) (Páx. 71.), o señor Núñez Centeno (P) (Páx. 73.) e o señor conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña) (Páx. 75.).

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto da tarde.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, así como de atención ás persoas dependentes. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 77.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 80.) e *Sra. García Miguez (P)*. (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 84.)

A señora Vázquez Verao (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 85.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 87.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 80.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 92.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 94.)

Nova intervención da señora Vázquez Verao (EM). (Páx. 98.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e precarización do emprego na sanidade pública. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 104.) e *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 106.)

O señor Torrado Quintela (S) (Páx. .) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 108.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, así como de atención ás persoas dependentes: *rexeitado por 29 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 110.)

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións con-

tributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia: *rexeitada por 29 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)

Votación do derradeiro punto da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e precarización do emprego na sanidade pública: *rexeitado por 25 votos a favor, 36 en contra e 5 abstencións.* (Páx. 111.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, agás o derradeiro punto, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e precarización do emprego na sanidade pública: *rexeitada por 29 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade en Galicia co fin de eliminar as listas de espera. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 112.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 112.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 117.) e *Sra. Vázquez Verao (EM).* (Páx. 119.)

A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. .)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co título de adquisición do pazo de Meirás por Francisco Franco. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 122.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Cuña Bóveda (EM).* (Páx. 123.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG) (P)* (Páx. 126.) e *Sra. Burgo López (S).* (Páx. 127.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 128.)

A señora Cuña Bóveda (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 130.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e oito deputados/as máis, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de medidas que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, así como a elaboración dun programa de colaboracións cos centros de estudos xacobeos. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 131.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Antón Vilasánchez (P). (Páx. 132.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 135.) e Sr. Pérez Seco (S). (Páx. 137.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Cuña Bóveda (EM). (Páx. 138.)

A señora Antón Vilasánchez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 139.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dun plan de compensación en materia ferroviaria que inclúa compromisos concretos especialmente dirixidos ao interior de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 141.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Fernández Fernández (S) (Páx. 143.), Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 145.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 147.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 149.)

Suspéndese a sesión ás oito e dous minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron a inasistencia ao pleno a deputada dona Magdalena Barahona Martín e o deputado don Carlos López Crespo.

Comezamos coa orde do día. En primeiro lugar, textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

A sanidade pública de Galiza está en auténtico estado de emerxencia, non por casualidade senón froito das políticas que está a levar a cabo o Partido Popular. As enquisas recollen que a valoración da sanidade galega cae, e isto, evidentemente, é indicador dos problemas que está xerando o modelo sanitario de Feixóo e do Partido Popular, consistente en privatización, recortes e precarización da sanidade.

Desde o regreso ao Goberno da Xunta do Partido Popular no ano 2009 non fixo máis que levar a cabo fortes recortes no orzamento sanitario, o que produciu unha deterioración preocupante na calidade da sanidade pública galega. Dentro desta deterioración xeneralizada, a atención primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas destas nefastas políticas do Partido Popular. Todas as decisións tomadas foron en detrimento dunha atención primaria como eixo fundamental do sistema sanitario, como a porta de entrada, como elemento de coordinación clave para que o modelo sanitario sexa sostíbel.

A atención primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes que o Goberno do Partido Popular realizou en sanidade usando a escusa da crise: 234 millóns de euros menos que os que había no ano 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.000 millóns de euros. O gasto hospitalario vai en aumento. Agora que o Partido Popular xa presentou neste ano 2018 uns orzamentos en sanidade nuns números similares aos do ano 2009, nove anos despois temos uns orzamentos similares aos do ano 2009. O gasto sanitario global empeza a ir en aumento e, pola súa parte, o recorte realizado foi moito maior en atención primaria que en gasto hospitalario. Nove anos despois a atención primaria ten 234 millóns de euros menos que no ano 2009.

Estes recortes, por suposto, teñen consecuencias —e moitas, evidentemente—: 2.000 millóns de euros menos investidos en atención primaria. E que nove anos despois teñamos 234 millóns de euros ao ano menos, evidentemente ten que notarse, evidentemente nótase: masificación de consultas; cupo de profesionais por enriba do establecido; redución de profesionais; non substitución nin por xubilación nin vacacións, nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos. As listas de espera dunha semana ou dez días para o médico de familia son habituais. O Partido Popular inventou esa cuestión tan fantástica para dicir que non se substitúe os profesionais das intersubstitucións, é dicir, que o profesional do lado atende dous cupos: o seu e o dun dos profesionais máis. Peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas. Está de actualidade a situación dos profesionais dos PAC, que dixeron «ata aquí chegamos», onde vemos como están ao límite da súa capacidade. O alto nivel de sobrecarga e frustración existente entre os e as profesionais é brutal.

O Partido Popular foi reducindo o funcionamento do Sistema sanitario pola porta de entrada, que era por onde tiña que ter un funcionamento moito máis cercano, áxil e resolutivo. E hai un sentimento xeral de que a atención primaria está avanzando cara a unha deterioración clamorosa. As probas da progresiva descapitalización da atención primaria son múltiples e son evidentes. Non se trata de casos puntuais, como queren facernos crer os responsables do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan a unha deterioración estrutural da atención primaria, decisións que, dende logo, non son inocentes senón que son froito dunha escolla ideolóxica. Esta situación é denunciada por profesionais, por organizacións sindicais, por asociacións, ademais de por doentes individuais, que están vendo, alarmados e alarmadas, a deterioración da sanidade pública en Galiza en xeral e na atención primaria en particular.

Dende logo, no BNG consideramos imprescindible un cambio de rumbo na política sanitaria do Partido Popular e a empezar pola porta de entrada, que é a atención primaria. Por iso traemos hoxe aquí a debate esta lei que propón un incremento inmediato dos recursos para a atención primaria, cunha modificación orzamentaria urxente de 223 millóns de euros, un 19 % máis, simplemente para recuperar a contía previa á chegada de Feixóo á Presidencia da Xunta. Esta modificación orzamentaria, dende logo, non é para solucionar os problemas da atención primaria; é simplemente para facer unha freada e significa un cambio de marcha. En 2009 a atención primaria contaba cun orzamento de 1.439 millóns de euros, mentres que no orzamento para 2018 para atención primaria esta cifra caeu e simplemente ten unha contía de 1.214 millóns de euros.

Esta proposición de lei propón unha serie de modificacións co obxectivo de acadar recursos para destinar a este plan de mellora da atención primaria, porque a baixada dos recursos en atención primaria nestes nove anos de goberno do Partido Popular na Xunta o que orixina é unha situación de deterioración e, polo tanto, é preciso adoptar medidas con urxencia. Proponemos este incremento de 223 millóns de euros a respecto do orzamento para este ano 2018 para efectivizar con urxencia neste ano 2018, simplemente para efectivizar neste ano 2018. Non se trata, polo tanto, dun plan de mellora nin a curto, nin a medio, nin a longo prazo, senón dun plan de mellora de urxencia para este ano 2018, que signifique un punto de inflexión, que signifique un freo a este proceso de deterioración e inicio dun proceso de recuperación e mellora.

E estas modificacións orzamentarias —para o incremento destes recursos— propoñemos que se produzan mediante dúas vías: por un lado, a introdución de modificacións tributarias, e, por outro, a modificación no estado de gastos dos orzamentos para o ano 2018 en diversas consellerías. A modificación nos tributos nos que Galiza ten capacidade normativa aportaría 135 millóns de euros e varias partidas no estado de gastos de orzamentos en varias consellerías aportarían 92 millóns de euros.

Son modificacións posibles, dende logo no BNG consideramos que, efectivamente, si o son, de feito estamos debatendo hoxe aquí esta lei, co cal legalmente é posible; o que é necesario é ter vontade política para facelo, o que é preciso é ver a necesidade de que a sanidade pública do noso país, que a atención primaria necesita esta inxección de recursos, e é necesario ter vontade política para facelo.

Polo tanto, introdución de modificacións tributarias, ¿que propoñemos? Pois modificacións no IRPF, de xeito que propoñemos a introdución de maior progresividade na escala autonómica, do cal obteríamos 23 millóns de euros, cunha reforma do tramo autonómico do IRPF. A reforma levada a cabo no ano 2015 polo Partido Popular, pese a ser anunciada como unha rebaixa ás rendas baixas, distou moito de que isto fora así, co cal o que propoñemos é unha reforma onde ás rendas máis baixas se lles rebaixe ese tramo do IRPF, e o que propoñemos é subir o tramo das rendas máis baixas. Un tipo impositivo maior para as rendas máis altas, xa que as rendas de entre 47.600 a 60.000 euros pasan do 20,5 % ao 21,5 % e as de 60.000 a 120.000 euros pasan do tipo impositivo do 21,5 % ao 24,5 %. E insisto que de aí recadariamos 23 millóns de euros. Progresividade e que pague máis quen máis gaña, parécenos que é xusto que así sexa.

Seguinte medida que propoñemos, no imposto do patrimonio, e establecemos que o mínimo exento en vez de estar en 700.000 euros que baixe a 300.000 euros. Insistimos na idea de que pague máis quen máis ten, e de aí recadariamos 37 millóns de euros.

¿Que outra medida propoñemos? Derrogar a modificación no imposto de sucesións aprobada no ano 2015 polo Partido Popular, que implicaría recadar 45 millóns de euros. Propoñeríamos, tamén, crear o imposto sobre as grandes superficies comerciais, que achegaría 30 millóns de euros, que con este imposto o que propoñemos é gravar a capacidade de incidencia económica dos grandes establecementos comerciais, un feito impoñible ás grandes superficies, que ademais de ser unha competencia totalmente desleal co pequeno comercio do noso país, parécenos que, dende logo, a imposición fiscal que teñen é realmente ridícula, e con esta medida achegariamos 30 millóns de euros.

Insisto que con estas medidas fiscais recadariamos 123 millóns de euros e, logo, cunhas modificacións no estado de gastos de diferentes consellerías, que nos parece que son menos importantes que a necesidade que hai en atención primaria, recadariamos unha cantidade de 92 millóns de euros.

Unha proposta que nos parece moi razoable e unhas medidas para aplicar en atención primaria para cousas concretas. En primeiro lugar, para a dotación de persoal, consideramos imprescindible incrementar o número de profesionais en todas as categorías, en todas as categorías,

para poñer cota á masificación de cupos, de tal xeito que médicos, enfermeiros e enfermeiras teñan un máximo de 1.200 tarxetas sanitarias; poñer en marcha unha política de substitución do persoal decente, que realicen contratos pola causa real da ausencia e polo tempo real da mesma, non esta infame política de contratacións de que unha persoa teña vinte contratos nun mes, que se lle fagan contratos por horas ou contratos por días; permitir o acceso ás probas diagnósticas por parte do persoal de atención primaria; mellorar os equipamentos dos centros de saúde; poñer en marcha procesos de formación para as necesidades reais dos profesionais de atención primaria. Cuestións perentorias imprescindibles en atención primaria.

Dende logo, no BNG temos moi claro que hai que revertir a situación de recortes e de privatizacións consumadas polo Partido Popular ao longo destes últimos anos, que está provocando, dende logo, unha situación de alarma xeneralizada, e cremos que o problema estrutural non se soluciona con malos parches, senón cun cambio de rumbo que implica, necesariamente, unha posta en marcha dun plan de atención primaria que reverta toda esta serie de recortes, que significa dotar de persoal suficiente, de recursos suficientes, e que poña fin a esta sangría na atención primaria. Unha atención primaria afogada, colapsada, non resolutiva, que deriva nunha fragmentación do sistema.

Eu pido o voto favorable para esta proposición de lei modesta que presenta hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego e que insisto que non pretende resolver todos os problemas, nin moitísimo menos, da atención primaria, que é para efectivizar neste ano 2018, que pretende ser unha actuación de emerxencia que signifique un punto de inflexión nesa política de recortes do Partido Popular e que cambie a tendencia de que a atención primaria sexa esa gran damnificada dos recortes do Partido Popular e signifique un cambio de rumbo nesa política sanitaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado Cores.

Rolda de grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Dende o Grupo Socialista, con base na nosa posición, imos apoiar esta toma en consideración desta proposición. Temos algúns matices, algunhas discrepancias sobre a formulación específica en si, basicamente sobre o contido do que sería a proposición concreta, pero a proposición pasa hoxe pola toma en consideración e iso ímolo apoiar indiscutiblemente, porque compartimos, basicamente, a necesidade dunha proposta nese sentido.

Como dicimos, hai algunha discrepancia nas formulacións específicas, hai algún matiz como a derogación da modificación do imposto de sociedades, que entendemos —cremos—,

aínda que así o pon o texto, que se refire ao de sucesións e doazóns, e a supresión en 75 millóns de infraestruturas, que tamén nos resulta difícil —de entrada— de avaliar con bos ollos. Pero, en todo caso, sería iso parte da tramitación posterior, polo tanto, a toma en consideración para nós merece un apoio e así o imos amosar.

Dende o PSdeG compartimos esta idea fundamental desta proposición de lei. Nós temos feito traballo neste sentido e fixemos, tamén, unha proposta de incremento do orzamento en sanidade a través do debate dos orzamentos. Propoñiamos unha emenda transversal feita, traballada, a partir dunha necesidade de aumento de ingresos e da facilidade que se podía ter para un maior endebedamento grazas ao aumento do teito de gasto, negociado no Congreso dos Deputados a partir dos orzamentos estatais, e que o noso partido pelexou ata que conseguiu que o Partido Popular entendera que era necesario. A utilización dese aumento do teito de gasto podía permitir un aumento de ingresos, que tamén, a través dun aumento de ingresos propio, podería permitir ter un maior número de ingresos e dedicalos, especialmente, a aquelas políticas de cohesión social que máis necesitadas están, que é que un contexto de recuperación macroeconómica se traslade á necesidade de recuperación tamén da economía social e da economía das familias, neste caso no eido sanitario, especificamente.

E compartimos esta necesidade, basicamente, porque observamos un problema que levamos demandando dende hai tempo, que levamos reclamando en canto á atención primaria. Dende o noso punto de vista a utilización de termos en atención primaria como «porta de entrada», «acceso», «piar fundamental»..., están sendo baleirados de contido. A atención primaria está sendo ninguneada, certamente, porque unha cousa son as grandes declaracións e outra cousa son os compromisos reais. E os compromisos reais determinan a política real dos gobernos e dos partidos políticos, non hai ningunha dificultade en facer grandes promesas, pero si hai algunha dificultade en facer compromisos reais. E aí este Goberno da Xunta de Galicia ten algúns problemas, porque xa amosa realmente cal é a súa vontade. E hai problemas en atención primaria que nós cremos esenciais resolver, basicamente en tres aspectos: en infraestruturas, en persoal e nas funcións dos profesionais e das profesionais do eido sanitario.

En infraestruturas. Nos últimos orzamentos o PSdeG propuxo un incremento de aproximadamente 20 millóns de euros en infraestruturas. ¿Por que? Porque cremos que dende o Plan de mellora da atención primaria non existiu a partir de aí unha defensa real das infraestruturas da atención primaria. Existe un cumprimento de promesas moi repetidas nos medios de comunicación, pero que non teñen realidade palpable e que, ademais, deixan os centros de saúde con dificultade para traballar de maneira correcta. Moitísimos problemas de accesibilidade, problemas de espazos, problemas, ás veces, de reutilización de espazos que non están moi axeitados pero que necesitan ser utilizados porque os profesionais, os que viven o día a día, necesitan eses espazos e, polo tanto, teñen que adaptarse a condicións que non son realmente as necesarias.

Ademais, hai un déficit non só nesta calidade dos espazos, senón no número dos centros de saúde. Non se pode ter un centro de saúde en cada aldea, iso é unha evidencia, e todas as reclamacións serán aparentemente lexítimas, pero é certo que non todos os núcleos poboacionais deben ter un centro de saúde porque son núcleos poboacionais moi pequenos, e isto

é unha evidencia. Pero o que non é posible é planificar o deseño dos centros de saúde e da rede dos centros de saúde de Galicia con escuadra e cartabón e unha calculadora nunha mesa de despacho, porque hai que coñecer unha realidade que é a galega, e a galega ten unha realidade moi específica demográfica e xeográfica, que necesita, ademais, atender outros déficits históricos como o de comunicacións, como o avellentamento da nosa poboación, que ten esas dificultades para moverse e para acceder, e polo tanto é necesario, a través disto, ter en conta isto para o deseño de infraestruturas.

¿Que plantexamos? Que non existan trucos. Isto é un compromiso necesario, que non existan trucos; trucos orzamentarios basicamente como os que se utilizan a través dos orzamentos da Xunta sistematicamente. Por exemplo, o corta e pega literal, corta e pega para facer as memorias de orzamentos. Hai centros de saúde que se repiten sistematicamente todos os anos nas memorias, e un ano ou dous é posible escudarse naquilo tan glorioso de que os investimentos e as infraestruturas teñen, evidentemente, un carácter plurianual, obviamente que o teñen. Pero a plurianualidade non é soamente para lanzar noticias de prensa, porque hai centros de saúde que se levan anunciando catro e cinco anos e alí onde se di que se van facer ás veces o solar non está nin en titularidade, e cando o está, está a monte; catro ou cinco anos anunciando un centro de saúde que aínda non está nin licitado, non é posible. E isto ocorre.

Existen 8 millóns de euros nos orzamentos para melloras e construción de novos centros de saúde, 8 millóns de euros en toda Galicia. Pero nin sequera son certos, algunhas desas partidas están modificadas para logo reintegrar noutros espazos os orzamentos da Consellería de Sanidade. Nin sequera se executan 8 millóns de euros ao ano en centros de saúde, ¡nin sequera! ¿Que ocorre? Que hai provincias —vou poñer, por exemplo, a que máis coñezo, que á miña, a de Pontevedra— que teñen 2 millóns de euros, aproximadamente, para os centros de saúde na provincia, e con eses 2 millóns anúncianse en medios ata sete centros de saúde novos cada ano. (*Murmurios.*) Salceda, A Estrada, Caldas..., podería poñer moitísimos exemplos. E, sen embargo, todos estes se anuncian sistematicamente todos os anos, e todos os anos parece que vai ser xa, que vai ser xa, e aínda hai dificultades nalgúns deles. Non se pode anunciar con 2 millóns de euros a construción de 10.000 millóns de centros de saúde, porque non é posible, sexamos realistas, adaptemos os orzamentos ás necesidades e, polo tanto, teñamos, a partir diso, unha política de infraestruturas razoable.

Hai moitas promesas, pero hai poucas realidades, o Partido Popular promete moi ben, cumpre bastante mal.

Hai un problema, ademais, de persoal. Fundamentalmente os cidadáns veno nas non substitucións. E hai un truco. Outra vez un truco. A verdade é que hai moitos trucos de falsidades documentais ultimamente. Hai un truco básico sobre as ratios de persoal —fundamental— que é que alá onde hai 100 pacientes ao día para 3 médicos, a ratio di que cada un ten, pois, non 33,3, pero unha división clara lévanos a trinta e poucos para cada un dos médicos. E ese é o deseño básico das ratios que a un lle permite dicir que estamos nunha ratio aceptable. ¿Que ocorre? Pois que onde hai seis médicos, incluso onde hai tres e, por suposto, onde hai dez ou doce, non están todos traballando o mesmo día. Hai algunhas vacacións, hai algunha baixa, pero nunca se reformulan as ratios para asumir que ao final o que pasa é que hai mé-

dicos atendendo de maneira normal 50, 55 ou 60 pacientes ao día, o cal nos alonxa definitivamente dos dez minutos por paciente que os médicos e os profesionais demandan hai moito tempo. E achéganos a cinco minutos por paciente, sen parar case nin para respirar. E non é aceptable, porque hoxe en día todo o mundo é consciente de que hai moitos pacientes que cinco minutos os necesitan case para entrar, sentarse e iniciar unha conversa co seu médico. E, polo tanto, debemos aumentar os profesionais do sistema.

As condicións laborais non están sendo decentes. Os PAC, un dos piares fundamentais —as nosas urxencias pequenas, como se lles chamou nalgún momento—, sofren un problema de precariedade laboral enorme, cos profesionais peor tratados do sistema, e ninguén lles está poñendo atención.

A pediatría, que é un problema que temos entre todos, o déficit de pediatras, non está recibindo unha atención real por parte do Goberno. Levan gobernando nove anos e aínda non se escoitou nunca un plan real para apostar pola pediatría. Hai que negociar un aumento das prazas de MIR, hai que desenvolver políticas de discriminación positiva coas condicións laborais dos pediatras, incluso hai que facer políticas de contratación extra para ter cubertos os espazos necesarios ata que sexamos capaces de formar novos pediatras. Iso é crer no sistema e na atención, especialmente na pediátrica. O demais son palabras.

E isto ten un problema e unhas consecuencias, que é a desorde do sistema. Cando temos unha atención primaria sobrepasada, saturada, con menos persoal do que debemos, con déficit de infraestruturas, ¿que pasa? Que se saturan as urxencias dos hospitais, que se saturan as consultas, que se saturan os servizos dos hospitais. Porque a cidadanía o que quere é que lle resolvan o problema. Non podemos culpar os cidadáns de que vaian ás urxencias dos hospitais, como se fai moitas veces.

O que necesitamos, fundamentalmente, é ter un sistema de atención primaria de verdade, que poida ser o garante de que o sistema está ben ordenado. Porque, se funciona a atención primaria, funciona o sistema. E, á inversa, se non funciona o noso médico de cabeceira, reséntese todo o sistema. E, polo tanto, é necesario apostar por esta mellora.

E, por último, é necesario tamén traballar na mellora das funcións, dotar os nosos profesionais de competencias reais, darlles competencias para que os profesionais, os médicos e as médicas, poidan ter ou solicitar máis probas diagnósticas, mellores probas diagnósticas, para liberar traballo dos hospitais. É necesario tamén reformular —e, por certo, hai algún raio de luz ultimamente— o Decreto de prescrición de enfermaría, que o noso grupo vén demandando aquí dende hai tempo —e en Madrid—. E, aínda que en principio quedou só, agora parece que existe un raio de luz e de esperanza para que se poida modificar algo que era absolutamente incompreensible.

Deamos máis competencias aos profesionais, porque enfermeiros e enfermeiras, médicos e médicas, teñen unha capacidade de traballo moi potente e teñen unha formación moi potente. Todos eles con título, ¡eh!, e non inventado. E teñen unha capacidade moi potente de traballar, e por iso somos quen de darlles máis competencias. Porque, se poñemos a traballar os profesionais e non lles damos as capacidades para desenvolver o seu traballo, estamos

limitándoos. Se os limitamos, estamos prexudicando o sistema. Polo tanto, deámoslles todas as competencias que merecen, porque así poderemos mellorar.

En definitiva, hai problemas de infraestruturas, de persoal e de funcións. Creo que algúns deles nin sequera necesitan un debate puramente orzamentario, como o das funcións; os outros, evidentemente, si, porque os compromisos ao final son orzamentos. A política necesita, ao final, compromiso real, que é poñer prazos e diñeiro. E nós apostamos por iso, xa que é necesario, e por iso imos votar a favor desta toma en consideración e por iso cremos que é necesario que este debate amose a posición de cada un dos grupos. Evidencia, realmente, que algúns grupos falan e outros grupos falan e fan. Pero algúns grupos falan e non fan, e iso é necesario poñelo de manifesto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: O noso voto é positivo para esta proposición. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra a señora Solla.

Tamén lles comunico que hoxe nos visitan os alumnos de terceiro da ESO do centro de Vedra, na Coruña.

Benvidos ao Parlamento.

Cando queira, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señorías, e bo día aos alumnos que nos acompañan.

A sanidade pública fai augas no noso país. Vímolos esta fin de semana. Sabemos que, ademais, temos centros de saúde, moitos centros de saúde, con problemas de humidades, con problemas de pingueiras e con deficiencias estruturais. Pero no marabilloso hospital de Ourense, recién ampliado, tiñamos ferverzas gratuítas, cortesía de Ferrovial e da Consellería de Sanidade, nas que podían facer os usuarios do hospital as súas delicias nese spa. Se non nos quedase humor, non nos quedaría nada, porque é incomprendible —e xa sucedeu cando se inaugurou o novo hospital de Vigo e o ano pasado no hospital de Lugo, nos que ademais estivemos visitando as zonas nas que houbo esas filtracións e esas ferverzas internas— que en obras novas se dean situacións coma esta. Non sei se é que as obras están feitas para comunidades como Murcia ou como Canarias. Pero en Galicia chove, chove moito, e desgraciadamente é bastante incomprendible que obras novas estean nesa situación. Tamén as tivemos durante esta fin de semana en obras non novas, como en Monforte ou como en Pontevedra, outros sitios onde a sanidade fixo augas.

E para nós a atención primaria, evidentemente, tamén fai augas dende que se foron recortando as capacidades de xestión e administración propias, e, evidentemente, tamén os

orzamentos, témolo comentado en moitas ocasións aquí, polas deficiencias de persoal, a non cobertura das baixas, das vacacións e dos permisos, por sufrir unha perda de profesionais que supón o 64,3 % da totalidade das prazas que se amortizaron durante os últimos anos e que está dando os problemas que vemos de xeito continuo, de listas de agarda dunha semana, de acumulación de citas, de profesionais, como se dixo aquí, con cincuenta consultas e que teñen que saír tamén ás urxencias en domicilios; unha situación que eu creo que non merecen non só os profesionais e as profesionais senón a totalidade das galegas e dos galegos. Hai un 50 % de cotas masificadas, no caso dos profesionais de medicina, que superan esas 1.500 cartillas. É certo que outras son inferiores, témolo debatido na Comisión de Sanidade nalgunha ocasión, pero en xeral hai unha ausencia dunha planificación correcta.

E, evidentemente, os centros sofren unha deterioración, estámolo vendo cada vez que hai mal tempo pero é bastante habitual. Moitos dos centros de saúde ao longo do noso territorio teñen problemas relevantes.

Polo tanto, consideramos acaído que os grupos fagan propostas. Hoxe tráenos esta o Bloque Nacionalista Galego entendendo a necesidade de tomar algún tipo de medida, algunha, respecto da atención primaria, porque non temos noticia da Consellería de Sanidade respecto da necesidade dun plan de mellora da atención primaria, aínda que sexa novo e sexa o que presente o goberno actual.

Neste sentido, nós imos votala afirmativamente. Porque, ademais, entendemos que son poucos todos os esforzos que poidamos facer para, de maneira propositiva dende a oposición, tentar encher ese baleiro que o Goberno deixa, xa que non hai ningún tipo de planificación, nin a curto nin a medio prazo, de como se pode abordar esta situación da propia atención primaria.

A proposta que trae o BNG a debate, para a súa toma en consideración, é unha proposta eminentemente económica. Practicamente todo o contido é un contido económico que propón no global unha modificación no título I da Lei de orzamentos para alterar as contías dedicadas ao investimento en atención primaria, para incrementalo. Nós estamos de acordo coa necesidade de incrementar o investimento en atención primaria. Vimos dun debate orzamentario de hai medio ano —menos de medio ano— sobre como tiñan que ser esas propostas. Nós temos outras, evidentemente, que xa fixemos no seu momento, pero no global podemos coincidir.

Tamén tocan nesta proposta o gasto dalgunhas entidades instrumentais, e o estado de ingresos, no título II da proposta. E nós temos —a pesar de que imos apoiala— algunhas discrepancias sobre os aspectos económicos que propón a norma, entendendo que eminentemente se trata dunha norma económica máis que de sanidade en si. A cifra de recorte que traslada dende o inicio nós consideramos que non é real, porque é inferior á realidade. Nós manexamos cifras en termos reais. A norma propón unha diferenza orzamentaria calculada sen ter en conta a inflación, e, polo tanto, entendemos que podería rozar os 450 millóns de euros necesarios, neste caso, para este cálculo, para este plan de mellora da atención primaria.

Temos algunha dificultade, algunha diferenza, sobre a técnica orzamentaria que propón, sobre a limitación que supoñen eses impostos que propón unir a ese investimento nese plan de atención primaria. É bastante limitada a recadación —como xa se trasladou pola propoñente— do tramo galego do IRPF, e entendemos que en realidade o que necesita non só a atención primaria senón a globalidade da sanidade pública e o resto de servizos públicos é incrementar, evidentemente, ese investimento vía incremento da recadación, pero coa necesidade dunha reforma fiscal que facilite, digamos, ese incremento de recursos para a facenda pública. Témolos discutido nos debates económicos, nos debates orzamentarios, e temos certas diferenzas coa técnica que se propón aquí.

Con todo, entendemos que é positivo que se volva abrir este debate, porque, evidentemente, está infrafinanciada a atención primaria, a atención sanitaria, o Sistema público de saúde, e evidentemente nese sentido temos propostas que tamén levamos, como o resto dos grupos, nese debate orzamentario; un debate orzamentario que puxo en evidencia a deterioración progresiva desas partidas que se dedican para atención primaria. Xa temos feito referencia nalgún outro debate a como en todas as provincias a atención primaria está por debaixo do 15 % do total do investimento que se fai no global da sanidade. Temos un montante moi importante dentro do gasto farmacéutico. Temos discutido noutras ocasións sobre a necesidade de abrir ese debate tamén. E en xeral a atención primaria cada vez ten máis diferenza co que se inviste proporcionalmente na atención especializada.

E isto lévanos a unha segunda parte. Nós estamos moi de acordo en que se fale de aspectos económicos, pero tamén nos parece relevante a necesidade de falar de aspectos meramente sanitarios, do deseño do sistema sanitario e de como se define a planificación da atención primaria.

A deputada propoñente facía referencia —e pono na parte inicial, na exposición de motivos da norma que hoxe propón o Bloque Nacionalista Galego— a onde cren elas e eles que deben ir estes investimentos. Nós cremos que habería que tratar o tema máis en profundidade, e queremos que o resto de grupos voten esta proposta, esta toma en consideración, para que poidamos facer achegas neste sentido. Xa se adiantou aquí, e eu creo que hai un debate relevante en torno ao que ten que ser o modelo sanitario. Hai un cambio de modelo sanitario, que temos trasladado noutras ocasións, de como a natureza propia do sistema está mudando cara a un sistema máis centrado no hospital, máis centrado na atención especializada e máis centrado en todos aqueles sectores que poden ser froito de nicho de negocio —desgraciadamente, durante todos estes anos nestas medidas orzamentarias—. Pero tamén hai unha parte relevante que nós cremos que indiscutiblemente debería contemplar un plan de atención primaria, que é a recuperación das xerencias de atención primaria.

Vimos do debate da modificación da Lei de saúde. Nese debate nós anticipamos —e o resto de grupos da oposición cóstanos que tamén— a discordancia con que se mantivese ese decreto que eliminaba esas xerencias de atención primaria polo que supuxo de perda de capacidade resolutiva e, desde logo, dunha xestión da atención primaria que impide que a atención primaria controle a prioridade dos tempos de espera, e que os profesionais que tamén son especialistas —efectivamente, aquí aceptouse unha emenda, pero eu díxeno xa nese debate—, os profesionais de atención primaria, os médicos e médicas que son espe-

cialistas —pero non vale poñelo nun papel senón que hai que poñelo na práctica—, controlen o que son esas prioridades e as especialidades nas que fan consultas dos seus e das súas doentes. Porque a realidade é que esa supresión das xerencias someteu os centros de saúde ás xerencias dos servizos hospitalarios. E en moitas áreas sanitarias os xefes de servizo hospitalarios son os que controlan en grande parte as interconsultas e as derivacións decididas polo persoal facultativo deses centros de saúde.

Nós cremos que un plan de atención primaria ten que contemplar necesariamente a revisión do modelo, ademais de todo o que se trasladou —con acerto para nós— nesa exposición de motivos, que é a necesidade de mellorar esas infraestruturas. Nós fixemos unha crítica da ausencia de orzamentos suficientes para a totalidade dos centros de saúde e a súa deterioración, para a necesidade de centros de saúde novos, e, evidentemente, tamén para ese incremento de profesionais de todas as categorías, que desgraciadamente está totalmente abandonado desde hai moitos anos e está dando esta problemática que vemos de ausencia de profesionais de enfermaría, de profesionais de medicina, de matronas. Hai, evidentemente, a necesidade de abrir o debate sobre ampliar as categorías dentro da atención primaria. Entendo que non só nós reclamamos dende hai moito tempo que os psicólogos e psicólogos clínicos formen parte deses equipos.

Nós imos votar afirmativamente esta proposición de lei.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Quero saudar os alumnos de Vedra, que nos visitan no hemiciclo.

O Grupo do Bloque Nacionalista Galego trae a este pleno un proxecto de lei co que pretende modificar o orzamento da Xunta deste ano para acadar 223 millóns que compensen a suposta perda de investimentos da partida dedicada á atención primaria entre os anos 2009 e 2018.

Comecemos, pois, analizando as cifras do programa, as cifras do programa de atención primaria —que é o 412B— nesos dous orzamentos. A diferenza total, efectivamente, é desa cantidade, 223 millóns; non 234, que dicía a deputada propoñente. Mais, señorías, ¿saben vostedes que partidas se minoran daqueles orzamentos irrealis e absolutamente inflados que xeraron un déficit que estamos a arrastrar aínda na actualidade? Falariamos de gastos de persoal. Pois non, os gastos de persoal incrementáanse dende o ano 2009 ata o ano 2018 en 6 millóns de euros. E si que se reduce fundamentalmente unha partida, a partida do gasto en receitas, pola utilización de xenéricos e as diferentes medidas de racionalización da prestación farmacéutica adoptadas. En total, diminúen unha cantidade de 155 millóns de euros.

Asemade, non se contempla no orzamento do ano 2018 a consignación para o Fondo de Continxencia como partida específica, que representa outros 54 millóns de euros. Aí teñen vosdes o groso da diminución da partida para o programa de atención primaria, baixando o gasto en receitas e non consignando o Fondo de Continxencia.

Esa é a realidade das cifras do orzamento que a oposición distorce deseguido para tratar de enganar a cidadanía sobre a realidade da sanidade pública galega.

Segundo o BNG, os colapsos das urxencias hospitalarias, ou os supostos colapsos durante o inverno, teñen a ver con esta diminución de recursos da atención primaria. Gustaríame saber por que a hemeroteca reflicte, como temos dito en distintas ocasións neste Parlamento, que nos anos 2006, 2007, 2008 e 2009 tamén había colapsos, tantos ou máis dos que hai agora. ¿Que quere dicir?, ¿que daquela o investimento para a atención primaria tamén era escaso?

Asociar saturación de urxencias que se producen en todos os hospitais de todas as comunidades autónomas e de todos os países en determinadas temporadas con supostos recortes na atención primaria é outra das falacias habituais da oposición. E como solucións propoñen incrementar o número de facultativos, reducindo as súas cotas a 1.250 —eu entendo que se queren referir aos médicos de familia, porque os pediatras están por debaixo desa cota—, nun momento no que todos coñecemos a dificultade que temos para acadar profesionais de pediatría ou para acadar profesionais de medicina de familia —que neste momento non hai en exceso—.

Tamén se fala de mellorar os equipamentos dos centros de saúde. Eu pódolles dicir que eu vivín como profesional toda a evolución da modificación, do cambio da atención primaria en Galicia, e teño que dicir que con todos os gobernos de todas as cores a atención primaria sempre foi mellorando en equipamento.

Neste momento, señorías, hai en funcionamento en Galicia 469 centros de saúde e 91 PAC, ademais do 061 para a atención primaria. En todos os centros sanitarios do Sergas traballan aproximadamente 38.000 persoas; 1.544 traballadores máis que en 2008. Estamos fartos de escoitar aquí que recortamos 1.000, 2.000 ou 3.000, depende quen fale. Pois non, hai 1.544 profesionais máis que no ano 2008. E nese incremento inclúense un 7 % máis de médicos de familia e un 6 % máis de profesionais de enfermería.

Entre o ano 2009 e o 2017 convocáronse 6.133 prazas de OPE nas distintas categorías, e para este ano 2018 hai unha nova convocatoria con 1.616 prazas máis, a engadir ás 6.100.

En atención primaria, a consulta ten mellorado moito para os profesionais e para os cidadáns coa implantación da historia clínica electrónica, Ianus, e a receita electrónica, que permite ao médico de familia consultar todo o historial de calquera paciente, e ademais permite consultar o historial hospitalario, as probas diagnósticas e a imaxe radiolóxica en alta definición, cousa que, por certo, non se pode facer na maior parte das comunidades autónomas do noso país.

Asemade, implantouse a consulta telefónica. Iso mellorou de xeito significativo a atención ao paciente, tamén ao profesional, porque evita consultas innecesarias ou desprazamentos inne-

cesarios, soluciona problemas burocráticos e soluciona problemas menores de saúde. E para o profesional tamén, porque organiza o seu traballo na consulta e non ten as chamadas a calquera hora e en calquera momento, senón que están perfectamente estruturadas. No ano 2017 realizouse un número de consultas telefónicas superior a 2.500.000, cunha resolución dun 99,87 %.

En canto á posibilidade de solicitar probas diagnósticas, tamén se avanzou notablemente nestes últimos anos, se ben é certo —e así o queremos facer ver— que pensamos que se deberían unificar criterios nas distintas áreas sanitarias, nos catálogos e nos protocolos de solicitude, valorando sempre con evidencia científica a inclusión en novas probas na carteira de peticións da atención primaria.

Os médicos de atención primaria temos acceso dispoñible a todos os medicamentos do Catálogo, incluso ás innovacións que se actualizan a primeiros de mes no programa informático. Está claro que aquí non están excluídas as especialidades de diagnóstico hospitalario.

Señorías, a actividade diaria do Sergas —diaria— resúmese nestas cifras: 800 cirurxías, 12.300 probas diagnósticas, 20.500 consultas hospitalarias, 5.200 estancias hospitalarias, 7.000 urxencias, 1.200 sesións en hospitais de día e 300 atencións de hospitalización a domicilio. E en canto á atención primaria: 103.500 consultas diarias, e delas aproximadamente 10.000 telefónicas, e máis de 1.500.000 urxencias anuais atendidas en atención primaria nos centros de saúde ou nos PAC, cunha resolución de máis do 91 %.

Esas cifras son as que amosan a realidade da sanidade pública galega e casan pouco coa imaxe da mesma que queren transmitir os grupos da oposición, algúns sindicatos e outros colectivos.

Por suposto que todo isto non sería posible sen o traballo dos profesionais —¡magnífico traballo dos profesionais!—, pero tampouco sería posible sen medios. ¿Cren vostedes que sen medios na atención primaria se resolverían o 92 % das urxencias? Eu creo que non.

En canto ao proceso de formación de futuros médicos —do que se falou aquí tamén— en relación coas previsións de xubilación nos próximos anos, vaise debater unha moción neste pleno. Pero a realidade, señoría, dinos que hai neste momento preto de 8.000 profesionais, non especialistas pola vía MIR, que non poden exercer en España; 8.000 licenciados en Medicina que non teñen posibilidade de acceder ao Sistema público de saúde.

O Sistema de especialización MIR é recoñecido en todo o mundo pola súa calidade, e os facultativos españois son, probablemente, os mellor formados, pero a base desta formación é o completo currículo que teñen que desenvolver e acreditar todos os médicos residentes. Incrementar as prazas MIR de xeito excesivo conduciría a unha diminución da calidade na súa formación. Hai que conxugar número e calidade, e nese senso a Consellería de Sanidade ten solicitado ao Ministerio o incremento de prazas de médicos especialistas en medicina de familia e en pediatría.

Falaba o señor Torrado dos pediatras. Claro, agora temos unha posibilidade, porque todas as comunidades autónomas teñen un déficit de pediatras. Podemos roubárllelos a outras co-

munidades. Eu creo que a Baleares, agora co Decreto do catalán versus formación, é fácil. Vou falar co conselleiro de Sanidade para que bote a rede na Comunidade de Baleares a ver se somos capaces de traer algún pediatra para aquí.

O Grupo do Bloque Nacionalista Galego propón incrementar a recadación, por suposto, subindo os impostos á clase media e minorando os gastos en varias partidas. O que pasa é que o explicaron pouco: modificando a escala do IRPF, pero para rendas a partir de 35.000 euros. Non para ricos moi ricos, para rendas de 35.000 euros. E cuantifican esta cantidade en 23 millóns de euros, cando o Instituto Galego de Estatística fala de que isto produciría un incremento de 8 millóns de euros. E en Galicia tería moi pouca repercusión. Ten moita máis repercusión a subida deste imposto en Andalucía ou en Estremadura do que pode ter en Galicia.

Respecto do incremento de recadación polo imposto de patrimonio, queren gravar os patrimonios a partir de 300.000 euros, en vez de a partir de 700.000, que é no que está no momento actual. Esa baixada dos mínimos exentos levaría aparelado que se gravarían, efectivamente, as renda altas, pero tamén as rendas medias, incluíndo como contribuíntes persoas de idade avanzada, con pouco patrimonio, fundamentalmente inmobiliario, xa cargado con impostos, e cunha escasa renda; é dicir, os maiores que teñen pisos en alquiler para sobrevivir coa pensión. Este é un imposto que grava o aforro, e cuxa tarifa foi incrementada para as rendas máis altas no orzamento do ano 2013, nunha emenda consensuada co Partido Socialista.

Tamén se inclúe a eliminación das bonificacións do imposto de sucesións e doazóns aprobada en Galicia polo Goberno do Partido Popular e que figuraba no noso programa, aínda que non se puido levar a cabo ata o ano 2016 pola crise económica. Cremos que a bonificación era reclamada por galegos e galegas, sobre todo rendas medias, e contribuíu a facilitar a aceptación das herdanzas.

E, ao final, o imposto ás grandes superficies comerciais, o famoso imposto que está recorrido en Europa, que é de dubidosa legalidade xurídica e que todos temos claro que quen ía pagar ese imposto eramos nós, cada vez que entráramos nunha desas superficies.

En diminución do estado de gastos, o máis curioso é que quitan 74 millóns de euros da partida de infraestruturas, que xa viña nos orzamentos para un plan de mellora da seguranza vial. Aí citaban naquel momento, con eses 74 millóns, 57 obras. As dúas do meu concello —de Carballo—, a variante e a travesía da Casilla e a travesía de Bértoa, son case 35. A min gustaríame que o Bloque Nacionalista Galego me explicara como ía facer as 55 obras restantes con 40 millóns de euros. A cousa, dende logo, ten certa dificultade matemática.

Había outras partidas que tamén resumo, señorías —e remato—. Non imos apoiar a toma en consideración deste proxecto de lei, porque, sendo conscientes de que na sanidade, como en calquera outro eido, sempre hai capacidade de mellora e de incremento do investimento, cremos que se está a avanzar no desenvolvemento da atención primaria, e porque consideramos que subir os impostos da clase media galega non é a solución.

Doutra banda, as partidas de gastos que modifican consideramos que son necesarias para desenvolver a actividade das distintas consellerías e para facer fronte a compromisos económicos adquiridos previamente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Saúdo as persoas que nos acompañan desde a tribuna.

Eu, en primeiro lugar, quero agradecer o apoio expresado por En Marea e o PSOE, con matices.

Evidentemente, hoxe o BNG trae aquí unha proposta. Xa dixen que era unha proposta, e que podía ser outra, e xa dixen tamén que era unha proposta que quería mostrar se había vontade política, porque no BNG tamén demos o debate durante a tramitación dos orzamentos, tamén presentamos emendas para un Plan de mellora de atención primaria, pero despois do debate de orzamentos veu todo o caos e todo o colapso de Urxencias, e despois diso veu toda a reivindicación dos profesionais dos PAC e todo o colapso e o caos de Urxencias, que segue a día de hoxe. Onte aínda os profesionais de Urxencias de Ourense volveron facer pública a situación. Mañá o BNG interpela o conselleiro pola situación das urxencias aquí no CHUS, unha situación que non para.

Evidentemente, estamos diante dunha situación dinámica. Dende logo, o BNG o que non vai é quedar de brazos cruzados e permitir que o Partido Popular consolide o seu relato de que a súa folla de ruta é a única posible, de que non é posible modificar nada na súa política sanitaria e de que esa foto fixa que nos pretende trasladar é a única posible. Pois non, é posible destinar máis cartos á sanidade pública do noso país e é posible modificala, pero é cuestión de prioridades, e vostedes teñen unha prioridade, que é desmantelar a sanidade pública do país. Eu xa vexo, señor Núñez Centeno, que lle pasan uns datos magníficos desde a Consellería; repite o relatorio aquí constantemente duns datos magníficos de intervencións, de números... ¡Pois, moi ben! Moi ben, repítanos constantemente e igual conseguen que a xente llelos crea.

A realidade aí fóra é outra; é moi outra e moi diferente. A realidade da atención primaria: unha grandísima sobrecarga de funcións. ¿A historia clínica electrónica é unha boa ferramenta? Si, claro, é unha boa ferramenta. ¿Que foi daquilo dos 10 minutos? Pois que é imposible. Hai unha sobrecarga de funcións e unha falta de tempo clamorosa nos profesionais para realizalas. ¿Canto tempo teñen os profesionais para explorar, pensar, falar, interactuar, escoitar, propoñer, pedir probas e atender os doentes?, ¿10 minutos de media? Non, xa lle faláron aquí. Non.

E a historia clínica é un bo instrumento, pero hai que volcar os datos aí, e logo hai que ter tempo para analizalos, os que volcas e os que volcan outros profesionais de atención hospitalaria e demais. E, dende logo, non teñen ese tempo, vostede sabe que non teñen ese tempo. Incremento da demanda asistencial moi potenciado e que fai que os profesionais non teñan ese tempo. Hai moita demanda asistencial, entre outras cousas porque hai unha situación demográfica moi determinada no noso país, que fai que haxa moita máis demanda asistencial. Hai perda de capacidade resolutiva e unha perda clamorosa de orzamento, señor Núñez Centeno, é evidente.

¿Hai máis profesionais? Dende logo non serán pediatras, que é unha especie en extinción, e é que vostedes non están facendo absolutamente nada por mellorar esa situación. ¡Unha especie en extinción! Podemos facerlles aquí o relatorio de profesionais que están desaparecendo dos centros de saúde do noso país, da desaparición da atención primaria dos organismos de xestión, que vostedes agora acaban de consolidar coa aprobación da modificación da Lei de saúde. E que non están, dende logo, nin na preocupación nin na ocupación dos xerentes das EOXI, e que agora practicamente desapareceron. Aniquilaron a atención primaria e deixárona nun papel totalmente secundarizado.

E nós hoxe traemos aquí esta lei que pretende ser unha modificación orzamentaria de urxencia para dar un toque de atención, porque vostedes están polo camiño de eliminar totalmente a atención primaria.

Mire, a cuestión é que toda esta situación só se explica desde a perspectiva de que vostedes o están facendo con premeditación e aleivosía. Porque, dende logo, cando existe un problema e persiste, e é público e notorio —porque é pública e notoria a situación da atención primaria—, ou se é un sádico ou un psicópata. Porque cando existe un problema e non queren solucionalo, e persisten en seguir facendo o mesmo e non poñen en marcha un cambio de rumbo para reverter a situación —e é cada vez máis dramática a atención primaria—, non é casual esta situación, pero non queren tomar medidas, vostedes é que o fan á man-tenta, sabedores do que están facendo. E só ten unha explicación, ese desmantelamento da atención primaria como eixe fundamental do sistema sanitario para ese desmantelamento é ir na súa folla de ruta, que é buscar o negocio para gloria dun maior lucro da sanidade privada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Remato, señor presidente.

A vostede preocúpalle moito a proposta económica que nós facemos, porque vai en contra das clases medias. Bueno, non lle preocupa roubarlles as pensións, non lle preocupa o repago dos medicamentos, non lle preocupan todas as medidas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...que van en contra de todas as clases populares, da maioría social, da clase traballadora. E, desde logo, preocúpalle...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...que propoñamos aumentar o IRPF a partir de 47.000 euros.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas pola súa intervención.

A señora PRADO CORES: Que xa me gustaría a min...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Rematou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ...que a clase media deste país tivera salario a partir de 47.000 euros.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado. Rematou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte iniciativa.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. dos Socialistas de Galicia, pola que se modifica a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co obxecto de establecer un mecanismo compensatorio de repercusión do imposto sobre bens inmoables para as persoas arrendatarias de vivendas do parque público de vivendas da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a presentación da proposición de lei, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

E bo día —repito— a todas e a todos.

O imposto sobre bens inmoables constitúe un tributo directo de carácter municipal que grava o valor dos bens inmoables, tal e como establece o Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e que, como norma xeral, no caso do arrendamento de vivendas recae sobre as persoas titulares ou propietarias.

Sen embargo, no artigo 63.2 *in fine* desta norma legal establécese a obriga de que as administracións públicas repercutan a parte da cota líquida do imposto que corresponda sobre quen, non tendo condición de suxeito pasivo, faga uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, atendendo á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada persoa arrendataria.

Esta previsión legal afecta as e os arrendatarios de vivendas que forman parte do parque público de vivendas da Comunidade Autónoma a través do Instituto Galego de Vivenda e

Solo, de maneira que son estas persoas as que soportan economicamente, a día de hoxe, o pagamento do imposto cando ten lugar a súa obriga.

De aí que traíamos hoxe esta proposición de lei a esta Cámara, motivados pola defensa daqueles colectivos de persoas con menos recursos económicos, as persoas máis vulnerables da nosa sociedade. Unha proposta que entendemos de necesaria xustiza social, e consonte a idea de favorecer, ou cando menos non gravar máis, os que menos teñen. (*Aplausos.*) Porque o imposto con carácter anual de bens inmoables se ben supón unha dificultade para moitas familias, máis aínda o é para aquelas que viven alugadas en vivendas de promoción pública, precisamente por ter demostrado non poder facer fronte aos prezos normais de alugueiro do mercado libre inmobiliario e, polo tanto, con dificultades manifestas para acceder a unha vivenda.

De feito, as familias con non máis do 1,5 do IPREM optan soamente ao réxime de adxudicación de alugueiro e non ao de compra. E co fin de visualizar mellor do que estamos a falar e achegarnos á realidade destas familias, atendamos os datos e cifras que os acompañan na tipoloxía das vivendas de alugueiro de maior tamaño que oferta a Xunta, as que corresponden a vivendas de 90 metros cadrados útiles, con garaxe e con rocho.

Os alugueiros en Galicia, segundo o IPREM do arrendatario e a localidade de que se trate, poden flutuar entre uns 105 e uns 325 euros mensuais. É dicir, unha familia de tres membros, cun só perceptor de ingresos, alugando unha vivenda de 90 metros cadrados e, no mellor dos casos, con ingresos anuais de arredor de 11.600 euros —ou o que é o mesmo, 966 euros/mes—, ten un alugueiro medio de 115 euros na cidade, por exemplo, de Pontevedra.

Empregando datos reais dunha comunidade desta cidade, os inquilinos con este perfil terían que sumarlle ao importe do alugueiro os gastos de comunidade, de auga, de basura, de calefacción, de electricidade e do IBI; o que sitúa o seu gasto de todo o que ten que ver co mantemento da vivenda en 360 euros mensuais. Isto significa, polo tanto, que estas familias destinan soamente aos gastos da vivenda un 37 % dos seus ingresos mensuais, e disto despréndese que son 606 os euros dos que dispoñen para o resto de gastos do mes para tres persoas.

E eses son os datos, para o mellor dos casos, das familias coa única opción de réxime de alugueiro nesa tipoloxía de vivenda, as que teñen ingresos por 1,5 do IPREM. Pero a estas vivendas tamén optan rendas mínimas por debaixo, incluso, destas cifras, familias con ingresos do 0,7 do IPREM, isto é, uns 5.450 euros ao ano, con ingresos mensuais de 454. Se lles descontamos os 360 euros que antes comentabamos, estamos a falar de que dedican practicamente o 80 % dos seus ingresos aos gastos de vivenda, quedándolles 94 para o resto de gastos do mes para tres persoas.

Esas cifras reflicten perfectamente como subsisten moitas familias, e recálcoo porque iso non é vivir, é subsistir malvivindo. De feito, se acudimos aos datos do IGE vemos como no ano 2016 foron 442.000 as familias que recoñecían non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada; 442.000 persoas nesta situación, é simplemente esta cifra unha barbaridade. E éo porque desta cifra deriva que moitas das familias con ingresos moi por enriba das rendas das que estamos a falar se ven na obriga de prescindir de gastos de cale-

facción para poder chegar á fin de mes, o que reforza aínda máis as serias dificultades dos usuarios deste tipo de fórmula de alugueiro.

E tamén é unha barbaridade que fosen 136.000 as familias que manifestan que tiveron atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal: con gastos da hipoteca, do alugueiro, do gas, da comunidade... Datos e cifras que constatan, polo tanto, que estas dificultades non só afectan 3.000 familias que alugan vivendas do parque público de vivenda, senón moitísimas máis. Pero é certo que para as primeiras asumir un imposto como é o do IBI no caso das rendas menores supón ata un 7 % de repercusión nos seus ingresos. E isto que lles relato é real, con datos de persoas reais que pasan por situacións persoais complicadas, con fillos ou persoas dependentes ao seu cargo, e que a pesar das axudas teñen que sobrevivir no día a día facendo verdadeiros equilibrios cos números.

O certo é que neste ano, así como nos pasados, se constatou que na realidade de moitos inquilinos destas comunidades de vivenda a repercusión do IBI superou en moitos casos tres veces o prezo do seu alugueiro mensual. Algo que como podemos comprender é un duro golpe á economía das familias, especialmente naquelas situadas nos tramos de alugueiro máis baixos; polo tanto, sexamos claros, quen non ten, non pode, é así de sinxelo. E pensamos que é obriga deste Parlamento buscar e propoñer solucións para os colectivos máis vulnerables. E agardamos, sinceramente desde o Grupo Socialista ao que represento, que todos os grupos —e especialmente o do Goberno— atendan esta demanda social e apoiem a toma en consideración desta proposición de lei.

E aquí supoño que haberá algún grupo que poida argumentar que sexan os concellos os que rebaixen o IBI, facendo uso das súas competencias e das bonificacións que autoriza a lei. Neste sentido, tamén seremos claros dende este grupo parlamentario, non podemos equivocarnos o obxectivo. Os concellos teñen no IBI unha das súas fontes de financiamento máis importantes, e ese financiamento é precisamente o que consegue que os concellos poidan ofertar, entre outras cousas, mellores servizos aos seus veciños e veciñas, entre outros o reforzamento dos servizos sociais, aos que se destina, precisamente, a atención dos colectivos máis vulnerables.

Polo tanto, o que solicitamos claramente hoxe é que a Xunta de Galicia desenvolva un modo de compensación dese IBI para os inquilinos deste tipo de vivendas, así como para outros de carácter asistencial ou de inserción. Unha medida que, ademais, supón a reserva dunha ínfima partida orzamentaria por parte da Xunta de Galicia en relación co seu orzamento anual. E penso que nisto temos que ser razoables e concordar en que esta é unha medida de vontade política, non de números que non casen. Porque, insisto, estamos a falar de que a incidencia desta medida afectaría os inquilinos e as inquilinas das 3.000 vivendas que son as que forman parte do parque público de vivendas da Comunidade Autónoma galega en réxime de alugueiro.

Unha medida que, por certo, xa se levou adiante en xullo do pasado ano na Comunidade de Madrid. Polo tanto, collan exemplo e imiten o que fixeron ben, e cóidense de sacar peito de máis co que non fixeron, porque logo lles pasa o que á señora Cifuentes, que tanto inflou o globo da súa capacitación que ao final lle estoupou na cara. (*Aplausos.*) E é unha mágoa, por-

que ela demostrou neste caso o que antes comentabamos, que para facer política social non é preciso ter másteres na materia, senón simplemente vontade política.

E o certo é que dende o punto de vista lexislativo ou normativo na actualidade non existe ningunha norma que evite que recaia esta carga económica do imposto do IBI sobre un colectivo de persoas que dispoñen de escasos recursos económicos, sendo a súa propia situación de precariedade a que lles permite, precisamente, acceder a un alugueiro de vivenda de promoción pública.

E tampouco se contempla medida ningunha para as modalidades de vivenda que xa contempla a Lei de vivenda de 2014, como son as vivendas asistenciais ou de inserción, para as que entendemos que tamén debera regularse esta medida por tratarse de vivendas promovidas polo IGVS en colaboración con outras administracións públicas ou entidades sen ánimo de lucro para programas de carácter social; polo tanto, dirixidas a colectivos específicos — como persoas maiores, mulleres vítimas da violencia de xénero... — ou para realoxos temporais, así como para quen require especial atención por circunstancias persoais, económicas ou sociais.

E a día de hoxe unicamente cabe que as entidades locais regulen a introdución de certas bonificacións a favor das vivendas de protección oficial, ou que sexan equiparadas a estas pola lexislación autonómica. Pero só é obrigatorio o seu establecemento polos concellos durante tres períodos impositivos, e unicamente alcanza o 50 % da cota íntegra, ademais de ter un carácter rogado.

Queda, polo tanto, á vontade de cada concello manter, con posterioridade, a mesma bonificación na cota íntegra coa perda que supón para as entidades locais que apliquen o dito beneficio fiscal de recursos económicos.

Doutra banda, como sinala a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, di: «O dereito ao gozo dunha vivenda digna e axeitada é recoñecido con rango constitucional no artigo 47 da vixente Constitución de 1978. A súa regulación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a teor do establecido no artigo 27 do Estatuto de autonomía para Galicia, é unha competencia exclusiva daquela». A Comunidade Autónoma ten, pois, competencia exclusiva para deseñar a súa política de vivenda no caso das vivendas protexidas.

A política de vivenda ten un marcado carácter social, que se ve afectado na súa eficacia pola normativa tributaria de preceptiva aplicación. Deste xeito, para garantir por un lado o respecto ás competencias estatais en materia tributaria e, por outro, ampliar a protección daquelas persoas que por atoparse nunha situación económica máis desfavorecida teñan accedido ao alugamento dunha vivenda do parque público de vivendas, propoñemos establecer a creación dun mecanismo compensatorio, de natureza non tributaria, por importe equivalente á cota do imposto sobre bens inmobles, que debe ser legalmente obxecto de repercusión. Coa finalidade de conseguir que dito mecanismo compensatorio produza o maior beneficio sobre as persoas a quen vai dirixido, articúlase de xeito que o importe que debe ser aboado en concepto de IBI se minore proporcionalmente na contía da renda mensual que deben satisfacer os arrendatarios.

Búscase, polo tanto, a modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, quedando como segue.

Punto 1. No suposto do arrendamento de bens inmobles destinados a vivenda e anexos que formen parte do parque público de vivendas da Comunidade Autónoma, o Instituto Galego de Vivenda e Solo aplicará unha redución na renda mensual, excluídos os tributos, cargas e gastos legalmente repercutibles, que debe ser aboada en concepto de alugueiro polos seus arrendatarios, por un importe equivalente ao 100 % da contía que lle deba ser repercutida en concepto da cota líquida do imposto sobre bens inmobles; así como da parte proporcional da contía do imposto sobre o valor engadido nos casos en que o imposto sobre bens inmobles forme parte da base imponible dos mesmos.

Punto 2. A compensación contemplada no número anterior estenderase aos bens inmobles que sexan cualificados como vivendas de inserción ou asistenciais, así como as que poidan ser utilizadas polas persoas xurídicas, públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, de acordo co establecido nos artigos 49 e 50.4 desta lei.

Excepcionalmente sobre as bases de razóns de intereses social debidamente xustificadas, poderá establecerse regulamentariamente unha compensación equivalente para quen teña accedido á propiedade de vivendas de promoción pública na modalidade de adquisición ou acceso diferido, cando quede acreditado que se atopa nunha situación económica desfavorable.

Estes tres artigos que aquí se relatan resumen, polo tanto, o fin desta petición de toma en consideración desta proposición de lei, que pola alta repercusión que terá nas economías das familias máis desfavorecidas, entendemos debe ser seriamente considerada e apoiada por parte de todos os grupos. Esta é unha oportunidade máis de amosarlles aos galegos e ás galegas que esta Cámara, as políticas e políticos que aquí estamos, coñecemos, sentimos e nos sensibilizamos con aqueles e aquelas galegas que máis dificultades pasan.

E permítanme o atrevemento de solicitarlles hoxe, ademais, que deixemos de facer desta Cámara un lugar de loita e de exposición de protagonismos persoais ou grupais e que saibamos todos e todas estar á altura do que nos pide a xente, que é poñelos a eles e a elas no centro do debate, e non ao revés.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Rolda dos restantes grupos parlamentarios. Comezamos polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

O BNG, desde logo, vai apoiar a toma en consideración desta proposición de lei, que ademais ten un antecedente inmediato e próximo nesa lei que aprobou en xullo de 2017 o Parlamento

da Comunidade de Madrid. Por iso igual alguén acusa ao grupo propoñente de copia e seguidismo da comunidade, porque, efectivamente, aprobou un mecanismo de natureza non tributaria compensatoria da repercusión obrigatoria deste imposto de bens inmobles nas persoas arrendatarias de vivendas sociais ou vivendas de protección pública.

Non creo que se poida acusar de seguidismo ao Grupo Socialista. Este seguidismo, esta copia —sobre todo do modelo Cifuentes— é máis propia do Partido Popular de Galicia. Sabemos do entusiasmo e da simpatía que desperta a señora Cristina Cifuentes nas bancadas do Grupo Popular, e ademais puidémolo comprobar recentemente nese cónclave sevillano no que demostraron, supoño, algúns dos que estaban aquí, esa simpatía e ese entusiasmo pola nova Agustina de Aragón que é a señora Cifuentes. Vostedes aclamárona alí en Sevilla, e o señor Feijóo tamén fixo declaracións moi benevolentes, moi comprensivas e defensoras desta preclara líder do Partido Popular, e supoño que tamén avalan e defenden o sistema Cifuentes de consecución de títulos universitarios porque tamén o practican con moito entusiasmo. Parece ser que outros líderes do Partido Popular tamén se apuntan a esta liña Cifuentes. O señor Tellado non sei se se apuntou tamén á liña Cifuentes, pero, polo que se ve, seguro que hai máis casos ademais... (*Murmurios.*) ...facendo algo moi feo, e non só...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

Señor Bará, por favor, leva dous minutos, ¡vaia á cuestión! Agradézollo. Pode facer a brincaadeira necesaria todo o mundo...

O señor BARÁ TORRES: ...estamos falando de política madrileña, e non só ofenden a imaxe das institucións e da universidade pública, (*Murmurios.*) senón que tamén manchan o bo nome do Rei emérito de España, Juan Carlos I de Borbón, e iso, vostedes que son tan monárquicos, non o deberían facer. (*Murmurios.*) Xa bastante fai a Monarquía para ensuciar a súa xa bastante mancillada imaxe.

Imos ao caso, señor presidente, como dicía o Lazarillo de Tormes. ¡Imos ao caso!

Estamos convencidos de que o PSOE non actúa por seguidismo do sistema Cifuentes. De feito hai diferenzas claras entre o texto que se aprobou na Asemblea de Madrid e o que nos propón aquí o Grupo Socialista. Por exemplo, no de Madrid incluíanse outras cuestións de reforma da Lei de vivenda como a supresión do alugamento con opción a compra, e no réxime de venda de vivenda pública establecíase o dereito de adquisición preferente para persoas, para colectivos, para entidades, dedicados á xestión de vivenda protexida..., outras cuestións.

O Grupo Socialista aquí nos propón, ademais do obxectivo principal, que é ese mecanismo de compensación no caso da vivenda de protección pública, tamén outras figuras de exención ou de compensación.

Esta medida non está no programa electoral do Partido Popular do ano 2016, pero como sabemos que hai esa conexión tan directa entre o PP madrileño e o PP galego, sobre todo para recibir ordes e instrucións, entendemos que non vai haber ningún problema para que acepten tamén a toma en consideración desta lei.

O BNG —como dixen— vaina apoiar porque nos parece un punto de partida positivo para resolver unha anomalía, unha inxustiza, e ademais no posterior trámite seguro que pode haber achegas que melloren o texto e permitan incluír outras cuestións que teñen que ver tamén con outros problemas da vivenda e das políticas públicas de vivenda.

Desde logo, quedou claro na exposición da relatora do Partido Socialista o sensentido, o absurdo, o contraditorio que é, se se pretende realmente ter unha política pública que atenda as persoas e familias con menores ingresos, un imposto que pode superar os 400 euros ao ano, que multiplica por tres ou por catro o que pagan mensualmente as persoas que teñen este tipo de vivendas. Recentemente saíu á luz pública o caso das vivendas sociais de Valdecorvos en Pontevedra, onde o IGVS establecía un prazo de menos dun mes ás persoas titulares destes arrendamentos para que fixesen un pago e, se non, advertían coa vía executiva. Despois houbo un acordo no pleno de Pontevedra e conseguíuse polo menos o fraccionamento. Non sabemos tampouco que política segue a Xunta de Galiza e a consellería a respecto desa bonificación que prevé a lei, do 50 % nos tres primeiros anos, e se fai uso desta posibilidade.

Polo tanto, a nós parécenos absolutamente lóxico, razoable e xusto que sexa a Administración como propietaria quen asuma o pagamento. Parécenos ademais factible porque Galiza ten plenas competencias en materia de política de vivenda; ademais tamén ten plena capacidade financeira para afrontar un custo que non é unha cantidade tan elevada; e ademais ten esa capacidade financeira e orzamentaria porque nin sequera executa gran parte das partidas, por exemplo, en materia de rehabilitación e calidade da vivenda, que nos últimos cinco anos só chegou a unha execución media do 20 %. Polo tanto, aí hai recursos, sen ningún problema, para poder afrontar estes pagamentos. E tamén hai unha fórmula legal que xa explorou e aprobou a Comunidade de Madrid, que é este mecanismo non tributario de compensación coa redución na renda mensual que permite afrontar esta medida.

Despois hai unha cuestión máis de fondo, ou algunhas cuestións máis de fondo, que teñen que ver, por exemplo, coa Lei estatal de facendas públicas, que foi aprobado no ano 2004 ese texto refundido, que é precisamente o que establece esa obriga de repercusión da parte do IBI por parte da Administración ás persoas arrendatarias de vivenda de protección pública. Eu creo que a consecuencia lóxica é que se debería exixir e demandar ao Goberno do Estado que se cambie esta lei para evitar este sensentido, e máis agora, cando está en debate a reforma desta lei, por exemplo, para ter en conta cuestións como as que teñen que ver coa devolución das cantidades cobradas polos concellos en relación co imposto da plusvalía, e cando está en debate tamén a reforma desta lei para afrontar de verdade, en serio e con medidas e solucións, a problemática que ten que ver co financiamento local e que require unha resposta por parte da lexislación estatal.

E despois, loxicamente, a tramitación desta proposición de lei tamén sería unha boa oportunidade para ter un debate que fai falta sobre as políticas públicas de vivenda e a cantidade de cuestións que teñen que ver tanto coa lei estatal, como coa lei galega, como co plan de vivenda do Goberno galego, que están aínda sen resolver, e que teñen que ver cos desafuzamentos, que teñen que ver coa política pública de vivenda en relación co alugamento, coa incapacidade que está demostrando a Xunta para sacar ao mercado vivendas en alugamento,

xa non digamos polas políticas tan escasas de promoción de vivenda pública por parte do Goberno galego.

En definitiva, o BNG — como non podía ser doutra maneira — vai apoiar esta medida porque nos parece unha medida xusta, unha medida necesaria e unha medida positiva para atender a situación de quen máis necesita realmente das decisións das institucións públicas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo de En Marea ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas.

Estamos falando moito de política fiscal, da política fiscal do Partido Popular — falou antes o señor Núñez Centeno —, a política que favorece as clases medias, a política do Partido Popular da amnistía fiscal a Rato e a Bárcenas, é subir o IVE e é triplicar a recadación do IBI no rural galego dende que empezou a crise. Iso é o que favorece as clases medias; clases medias como Rato, Bárcenas e todos os seus colegas.

Despois estamos falando tamén dunha proposición, de modificar unha lei que ten o seu antecedente na Comunidade de Madrid. A Comunidade de Madrid aprobou esa compensación non tributaria despois de facer unha redución do parque público de vivendas por vender a vivenda pública, centos de vivendas públicas, a fondos buitres. Esa é a política do Partido Popular, e agora pretenden vir con estas cuestións.

Polo tanto, a vivenda para nós constitúe un dos elementos máis esenciais para a vida dun ser humano. Está recollida no artigo 47 da sacrosanta Constitución española, que tanto invocan cando lles interesa e que tanto esquecen cando non lles interesa. Polo tanto, esta modificación proposta contará co noso apoio, porque ten todo o sentido que as persoas arrendatarias destas vivendas, que precisamente só o son por ter dificultades económicas, por ter escasos ingresos, non teñan que afrontar nin estar penalizados polo cobro do IBI.

Imos apoiar, polo tanto, a admisión a trámite desta proposición de lei, e ímolo facer porque trata, aínda que nun aspecto non demasiado transcendente, dun dos máis graves problemas que ten este país actualmente: o de non garantir o dereito a unha vivenda digna a todos e todas as cidadás, e isto non pasa de casualidade. Se hoxe en día neste país hai miles de homes e mulleres que non teñen este dereito garantido, que non teñen o dereito a ter unha vivenda, non é casualidade; é polas políticas que se levan desenvolto neste país durante tantos anos.

Así nós temos traído a esta Cámara e ao Congreso iniciativas no mesmo senso ou parecido ao que fai o Partido Socialista hoxe. Tamén trouxemos dúas sobre o IBI, aquí e no Congreso dos Deputados. A primeira, para modificar a lei no senso de que permitise bonificacións do IBI en función da renda, co obxectivo de favorecer as persoas con menos ingresos e con máis dificultades económicas. A segunda, para instar o Goberno do Estado a desenvolver regulamen-

tariamente o concepto de vivenda baleira e permitir que os concellos que así o desexen apliquen as bonificacións ás vivendas baleiras. É dicir, fixemos unha iniciativa para que se cumprise a lei, para que o Partido Popular cumprise a lei. ¡Que inxenuos somos! O Partido Popular bloqueou esta iniciativa no Congreso dos Deputados, e así hoxe en día a vivenda baleira dos grandes posuidores de vivendas segue sendo tan barata como antes da crise, e así non se lle pode dar unha ferramenta aos concellos para gravar as vivendas baleiras e, polo tanto, ter un elemento máis para mobilizar a vivenda baleira, un dos grandes problemas que hai neste país. O Partido Popular non quere, prefire que aos bancos lles siga saíndo así de barato manter unha vivenda baleira, mentres hai xente que está sendo expulsada das súas casas.

A política de vivenda da Xunta de Galicia reflíctese tamén na dimensión do parque público de alugamento; pouco máis de 3.000 vivendas nun conxunto de 1.600.000 vivendas que hai neste país, unha porcentaxe absolutamente ridícula e raquítica, que non ten comparación cos países europeos, onde si houbo políticas que defendían o dereito da vivenda por riba da vivenda como negocio. Nestes momentos, cando soben os prezos dos alugueiros e non soben os salarios, cando soben os prezos dos alugueiros e non sobe a estabilidade da xente moza no traballo, ¿de que mecanismos dispón este goberno para regular eses prezos? De ningún. ¿Dispón dun parque público capaz de regular os prezos da vivenda neste país? Non; 3.000 sobre 1.600.000 é bastante raquíto para este obxectivo. A pesar de que houbo miles de vivendas rescatadas con diñeiro público aos bancos, para sacarlles aos bancos aquelas vivendas que non lles interesaba ter, a pesar diso, este goberno nunca tivo intención de crear un parque público de alugamento para que a xente puidese ter unha vivenda cun prezo asequible.

A lei de arrendamentos urbanos podería regular tamén os prezos dos alugueiros. Pero non, ao contrario. No 2013 o Partido Popular fai unha reforma que xera máis inestabilidade nos arrendatarios. En vez de ter contratos prorrogados por cinco anos, pasan a tres anos. E en vez de referenciar as subidas dos prezos do alugueiro ao IPC, dan liberdade para facer calquera tipo de suba; así, o ano pasado subiron en todo o país, en toda Galicia, máis do 6 % os prezos dos alugueiros, e nas cidades onde hai máis demanda, moitísimo máis.

Así, claro, os investidores incrementaron o 8 % dos seus investimentos para construír ou para obter vivenda para despois poñer en alugamento. Por iso seguimos construíndo a burbulla do alugamento despois da burbulla da construción, que tivo os resultados que todos coñecemos, tan dramáticos.

Podería ser outro mecanismo de regulación dos prezos a política de patrimonio público do solo. Patrimonios públicos do solo que, en canto instrumentos reguladores do mercado do solo e de vivenda, deberían ter un protagonismo fundamental nos instrumentos das actuacións rehabilitadoras, como un dos eixos sobre os que deben pilotar as políticas públicas.

Pero, ¿que fixo o señor Feijóo ao pouco de chegar á Xunta de Galicia? Fixo unha reforma da Lei de vivenda, aprobando a Lei 8/2012, onde na súa disposición adicional novena, pola que se daba nova redacción ao artigo 47 da Louga, rebaixaba a porcentaxe de reserva de solo para vivenda protexida. Mediante dita disposición, rebaixaba a porcentaxe de reserva para vivenda pública que fixaba a anterior, do 2008, do Goberno bipartito. Pero non só iso, senón que permitía rebaixar incluso a porcentaxe con respecto á que fixa a lexislación estatal. En

efecto, os concellos podían decidir rebaixar esa reserva de solo que debería servir para que as administracións públicas puidesen regular nestes momentos o prezo de vivenda, e coas súas políticas quitan elementos ao sector público para poder garantir o dereito á vivenda dos galegos e das galegas. E así todo o conxunto de leis e políticas que configuran o modelo antisocial ao servizo da especulación. E dez anos despois do estoupido da burbulla inmobiliaria, os bancos rescatados, pero a xente segue a ser expulsada das súas casas por mor duns gobernos que toman partido polos grandes especuladores.

No ano 2017, non hai que esquecerlo, en Galicia volveron subir os lanzamentos da xente das súas vivendas. Dez anos despois do inicio da crise, repuntan outra vez os desafiuzamentos. Os datos son demoledores. Non só polos desafiuzamentos é un problema grave, senón polo impedimento da xente moza para emanciparse, para ter proxectos vitais. Vostedes que tanto falan da demografía deste país, ¿como vai animarse a xente a ter fillos e fillas se non hai traballo estable, se non hai unha vivenda onde poder irse, se non hai unha vivenda que se poida pagar? ¿Como cren vostedes que a xente nova pode pensar en proxectos a medio e longo prazo con estas condicións? Polo tanto, mentres o Partido Popular, erre que erre, mantendo as condicións estruturais que provocan este grave problema, seguirá a manter as políticas e seguirán a medrar os prezos dos alugueiros, e haberá máis xente lucrándose da especulación.

Políticas de maquillase as que está facendo o Partido Popular en vivenda. Non lle preocupa o problema de vivenda ao Partido Popular, preocúpalle o posible desgaste electoral que isto lle poida ocasionar. Por iso despois gasta máis en publicidade e propaganda que nas políticas efectivas. E isto é literal, non é un falar: jé literal! É dicir, o programa estrela do Partido Popular, Programa de vivendas baleiras, que tanto cartos custou publicitar, executou o ano pasado 10.499 euros de 300.000, o seu programa estrela, Programa de vivenda baleiras, un 3,54 % de execución. Esa é a política de maquillaxe á que nos referimos, e, mentres tanto, vostedes seguen servindo de parapeto para que os bancos e os grandes posuidores de vivenda sigan especulando.

Nada máis. En definitiva, apoiaremos esta iniciativa, que non vai solucionar dun golpe todo o problema, pero que si vai contribuír.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta nesta Cámara, por voz da súa deputada, unha proposición de lei co obxectivo de que todos os españois teñan dereito a disfrutar dunha vivenda digna e adecuada, artigo 47 da Constitución española.

Dende logo, señorías, estamos de acordo con vostedes. É un debate, sen dúbida, de grande importancia para este grupo parlamentario, esperando tamén que o sexa para os integrantes dos diferentes movementos das Mareas e se vexan identificados coa nosa Carta magna do 78.

Señor Bará, para ser vostede nacionalista preocúpalle moito máis o que ocorre na capital de España e non o que ocorre a cinco metros de vostede, na capital de Galicia. *(Aplausos.)* Por non falar da non-presenza nos actos que teñen aquí cabida no Parlamento de Galicia, institución galega. Non sei se sabe vostede que se fixo entrega de medallas do Parlamento de Galicia a colectivos de índole social. A vostede non lle interesan ese tipo de actos, interésanlle outro tipo de actos onde está máis cómodo, en actos cubanos.

Señor Sánchez, de vivendas de promoción pública saben moito vostedes na comunidade de Madrid, se non, pregúntelle ao seu voceiro no Senado, o señor Espinar, que se lucrou dunha vivenda digna pública.

En fin, señorías... *(Aplausos.) (Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio a todos os deputados, que está falando unha deputada.

Moitas grazas a todos polas súas opinións.

Continúe.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, coincidirán co Grupo Parlamentario Popular en que os orzamentos reflicten a guía perfecta dun goberno responsable, serio e comprometido con Galicia. Eu sei que non lles fai graza este tipo de afirmacións, pero así é.

O ano 2018 foi, grazas ao Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo, o terceiro consecutivo con orzamentos expansivos, concretamente 9.487 para acadar o benestar de todos os galegos e de todas as galegas. Recordo esta cifra porque a miúdo se pon en cuestión o gran labor que está a facer o Goberno galego por parte das bancadas da esquerda desta Cámara. En definitiva, ese incremento do que estiven a falar trasládase —como non podía ser doutra forma— a todas as consellerías que conforman a Xunta de Galicia, resaltando ese incremento nas consellerías de índole social, como son a sanidade, a educación, as políticas sociais e, como non, a vivenda.

O orzamento da Consellería de Infraestruturas e Vivenda é o que máis medra neste ano 2018, cun incremento do 16,5 % en termos relativos, ata alcanzar os 424 millóns de euros. Estes son datos reais, señorías, fronte aos argumentos partidistas que escoitamos a miúdo en cada sesión plenaria. O Instituto Galego de Vivenda e Solo conta con preto de 93 millóns de euros, case un 5 % máis que no ano 2017.

Señorías, vou profundar nesta proposición de lei e gustaríame que analizáramos tres cuestións que nos farán chegar ao realmente importante desta cuestión. O Goberno autonómico

aposta con tres liñas básicas, como é a bonificación de alugueiros, a creación de vivendas de promoción pública, e, como non, o compromiso dos acordos plenarios.

O primeiro. Señora Pierres, noto pouca ambición na súa iniciativa, e vou comentarlle por que. Vostede poñía como exemplo a comunidade madrileña. Recórdolle que as vivendas de promoción pública en alugamento propiedade da Comunidade Autónoma galega teñen unha redución na renda moi superior á solicitada por vostede, de aí a pouca ambición.

Para resaltar aínda mais o esforzo que está a facer a Xunta de Galicia, gustaríame poñer un exemplo real do que está a facer esta consellería a través das bonificacións dos alugueiros. Unha vivenda situada en Santiago de Compostela, duns 90 metros cadrado, cun valor atribuído para o alugueiro de arredor de 61.500 euros, supón inicialmente uns 758 euros por metro cadrado, cando en Santiago, señorías, o valor do mercado do metro cadrado rolda os 1.400 euros. Grazas ao labor desempeñado pola Xunta de Galicia, a vivenda que estamos a analizar está a pagar 92,32 euros ao mes, fronte aos 169,26 que tería que pagar unha familia se non tivese bonificación. Tras esta breve análise, comprobamos de primeira man que a responsabilidade e a seriedade forman parte deste goberno.

A segunda liña que quero analizar é a creación de vivendas de promoción pública. O Instituto Galego de Vivenda e Solo, como promotor destas vivendas, está a facer un importante esforzo para a súa construción, para o seu mantemento, e ademais bonificando o 50 % a renda establecida para esas vivendas.

Señorías, o investimento anual de mantemento e bonificación por parte desta consellería supera os 3 millóns e medios de euros. Recórdolles que recentemente se presentou nesta Cámara parlamentaria unha iniciativa, por parte do Grupo Parlamentario Popular, para a posta en marcha da construción modular de vivendas, que nin tan sequera se dignaron apoiar.

Señorías, realmente quedou claro que non lles preocupa nin lles interesa o benestar dos galegos e das galegas en materia de vivenda. Para ter un grande exemplo de que non lles interesa o acceso a vivenda digna, non hai máis que ver o que sucede na cidade herculina. A Xunta de Galicia segue a esperar a que o señor Ferreiro tramite a licenza para iniciar canto antes a construción de 40 vivendas de promoción pública no Parque Ofimático da Coruña. Esta actuación reflicte que, a diferenza do Goberno local, a prioridade do Goberno galego é protexer os colectivos... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

Silencio, por favor. Estamos nun debate e hai un deputado... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

¡Silencio a todos os deputados! Hai moitos portavoces que queren intervir. ¡Pois póñanse na cola e interveñan por parte dos seus grupos! Hai unha voceira que está no uso da palabra. Prégolles a todos que calen e escoiten, gústelles ou non lles guste o que están a escoitar, e despois terán o seu turno para rebater.

Grazas.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Grazas, señor presidente.

Esta actuación reflicte —o que comentaba das 40 vivendas de promoción pública do Parque Ofimático da Coruña— que, a diferenza do Goberno local, a prioridade do Goberno galego é protexer os colectivos vulnerables, facilitando unha vivenda ás familias que corren risco de perdela. Medidas como o Programa de realoxamento de afectados por execucións hipotecarias, o Bono de Alugueiro Social ou mesmo o Programa de vivendas baleiras evidencian que a Administración autonómica ten un plan de actuación contra os desafuzamentos. Eu sei que o molesta, señor Sánchez, pero é a verdade.

A atención aos máis desfavorecidos pasa tamén pola dotación de novas vivendas de promoción pública, para o cal o Instituto Galego de Vivenda dispón de 7 millóns de euros. (*Murmurios.*) Isto, señorías, é compromiso polas familias máis vulnerables; isto, señorías, é compromiso por Galicia.

O terceiro punto que queremos debullar, sobre como debe articularse a defensa das familias vulnerables do IBI, xa está expresado por unha iniciativa que foi aprobada por unanimidade nesta lexislatura. Cremos —e así o creron tamén hai ben pouco o Partido Socialista e o resto da oposición; (*A señora Vázquez Domínguez mostra un documento.*) aquí podo mostrarlles a carta enviada e firmada por parte do conselleiro de Facenda e do presidente da Fegamp, onde dá traspaso ao acordo plenario do 23 de novembro do ano 2016— que a mellor opción é modificar a Lei de facendas locais, para permitirlles aos concellos establecer exencións no IBI ás familias con maiores dificultades económicas.

Sorpréndeme que o grupo propoñente pretenda a redución do imposto para as familias que teñan vivenda de promoción pública. Señora Pierres, ¿e o resto de familias con dificultades económicas que non teñen vivenda de promoción pública non contan para vostede? (*Murmurios.*) A Xunta, en coordinación coa Fegamp, xa solicitou ao Ministerio esa reforma legal e, aínda que polo momento non se produciu, nós seguimos insistindo en defendela, porque cremos que esa é a solución máis axeitada, e sen andar cambiando de idea, como pretenden facer vostedes.

Dende o Grupo Parlamentario Popular agradecemos o gran labor que está a facer a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, sendo a máxima prioridade protexer os colectivos máis vulnerables, facilitando unha vivenda digna ás familias que corren o risco de perdela. A Xunta de Galicia mantén sempre o compromiso de ofrecer unha axuda a todos os afectados que cumpran os requisitos e o soliciten, ben sexa por impago do alugueiro ou da hipoteca.

O Grupo Parlamentario Popular seguirá a defender a reforma do artigo 74.2 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e incluír unha bonificación potestativa da vivenda habitual, ata un 90 % da cota íntegra do imposto a favor dos suxeitos pasivos, acreditando unha situación económica de insuficiencia das rendas.

Parece que para o Grupo Socialista só contan —como dixen antes e lles pareceu mal— as familias con vivenda de promoción pública para teren ese beneficio. Para o Grupo Popular contan todas as familias en situación económica de insuficiencia.

E xa para rematar, señor presidente, a posición do grupo parlamentario que sustenta o Goberno autonómico é a defensa das familias máis vulnerables e así poder acadar o benestar dos galegos e das galegas.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Réplica do grupo autor da proposición de lei, Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Primeiramente, é importante agradecer o apoio dos grupos que si mostraron o apoio (o Grupo do BNG e o Grupo de En Marea). Coa portavoz do Partido Popular aínda estou pensando como contestarlle, pero penso que vou ser elegante, penso que vou ser elegante; si, vou ser elegante, porque cometeu unha cantidade de erros de concepto e de comprensión que me parece francamente sorprendente.

Agradecer especialmente, efectivamente, agradecer non, sentir a falta de apoio do Goberno nunha medida que tan pouca repercusión económica tiña para a Administración autonómica, pero que tanta importancia tiña para quen se beneficiaría dela.

O Partido Popular, cuns argumentos que rozaron —ao meu modo de ver— a obscenidade política, polo ninguneo dunha medida economicamente ridícula, economicamente ridícula, e polos argumentos esgrimidos pola súa portavoz. Tildala de pouco ambiciosa é absurdo, polo que a toma en consideración non impide que esa proposta se mellorase a posteriori.

Nestes días, de feito, foron moitas —e quero contarllo— as persoas contactadas, inquilinas de edificacións de promoción pública, moitas foron convidadas a vir hoxe a esta Cámara e presenciar este debate, pero o certo é que moitas, con empregos moi precarios, non podían deixar os seus traballos, e outras tantas, no paro, (*Aplausos.*) non podían tampouco plantexarse os gastos de desprazamento a esta Cámara dende as súas vilas ou cidades. Esa é a realidade destas persoas, que viven na precariedade máis grande, sen capacidade sequera para reclamar ou velar polos seus dereitos, porque parece que ata para iso hai que ter cartos.

E esta proposta de modificación da Lei de vivenda de Galicia afectaría a non poucas persoas; estimamos polo baixo que serían unhas 10.000 as persoas beneficiadas directa ou indirectamente por esta medida. Penso que esta é a motivación á que nos deberíamos aferrar todos, a do ben social e liberación de cargas tributarias para as máis de 3.000 familias que se beneficiarían, as que menos recursos teñen de Galicia.

E volvo lembrar aquí que esta medida xa foi posta en marcha na Comunidade de Madrid; si, pero é preciso aclarar tamén que non tivo en orixe a mesma motivación. No caso da Comunidade madrileña, o motivo en orixe para poñer en marcha a lei foi a non reclamación do pago dende o ano 2009, por parte da señora Aguirre e do señor González, das cotas do IBI a máis de 23.000 inquilinos, e foi unha reclamación por parte do Tribunal de Contas do cobro

dos anos non prescritos, isto é, catro anualidades a que veu activar esta medida. De feito, en maio do 2016 na orde do día do Consello extraordinario da Axencia de Vivenda Social, o Grupo Popular levaba a proposta do pago da débeda por parte dos inquilinos, e foi esta cuestión advertida polo Grupo Socialista, (*Aplausos.*) que conqueu a rectificación da orde do día e as posteriores declaracións da señora Cifuentes comprometéndose a atopar unha solución, porque, sen dúbida, o pago deses catro anos acumulados do IBI supuña un varapalo ás familias máis vulnerables, por tratarse de cotas moi elevadas.

Esa é a incapacidade. E a incapacidade para que frutificase o seu plan —vexa o da señora Cifuentes—, o de exixir aos concellos que asumisen rebaixas no IBI do 95 %, é o que levou á señora Cifuentes definitivamente á redacción desta lei e á aplicación desta medida compensatoria no alugueiro do IBI. E nós alegrámonos, non do camiño percorrido para tal fin, pero si do resultado final, que é o que conta neste caso para os madrileños e madrileñas.

E deixando tamén claro que esta medida si é factible economicamente para este goberno, para os galegos e galegas, é preciso salientar que, dos preto de 483 millóns de euros recadados en Galicia anualmente polo IBI, estamos a falar de que o Goberno da Xunta de Galicia tería que asumir, segundo estimacións, preto de 800.000 euros, o que non chega ao 0,16 % do total do IBI recadado en Galicia. ¿Ridículo? Si, pero necesario para moitas familias. Unha cifra que é comparable ao 70 % do orzamento para publicidade e propaganda por este goberno e moi por debaixo do realmente executado para este fin, que, como todos sabemos aquí, é moito máis.

Eses 800.000 euros, de feito, son tan factibles como que o pasado ano na partida 451B, precisamente de acceso á vivenda, se deixaron de executar 3,15 millóns, un índice de execución do 43 %, pero é que no ano 2016 foron 6 millóns os que se deixaron executar, e no 2015, 32 millóns. En definitiva, non suporía nin o 2 % de todo o que se deixou de executar en materia de acceso á vivenda soamente nos últimos tres anos. Unha desidia inxustificable e que posiciona este programa nos índices de execución máis baixos de todo o orzamento da Xunta de Galicia.

É unha demostración da ineficacia no deseño das políticas aplicadas para o acceso á vivenda, e que, sen dúbida, é un motivo máis para asumir e incluír este outro tipo de medidas, totalmente xustificadas polo seu marcado carácter social. 800.000 euros, un 0,007 % do total do orzamento anual, unha porcentaxe que nos deixa claro que o impulso ou freo desta lei non pode en absoluto basearse nos impedimentos orzamentarios. É só unha cuestión de posicionarse, ou non, ao lado da xente.

E amosar esa vontade política é a que me satisfai ter recoñecido nos grupos do BNG e de En Marea, e botar en falla do Grupo Popular o seu apoio. Sinto manifestarme nestes termos, pero negar esta medida paréceme francamente —repito— unha obscenidade política, especialmente porque a súa negativa non ten explicación máis alá da vontade política, e esa hoxe vostedes deixárona na casa, esa que vostedes, coma min, si que podemos pagar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Imos proceder á votación dos textos lexislativos. Pechen as portas, por favor.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Votamos, en primeiro lugar, a toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación orzamentaria para o impulso dun plan de mellora da atención primaria

(Votación.). (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a toma en consideración da proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, pola que se modifica a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co obxecto de establecer un mecanismo compensatorio de repercusión do imposto sobre bens inmobles para as persoas arrendatarias de vivendas do parque público de vivendas da Comunidade Autónoma de Galicia

(Votación.). (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Pasamos ao punto segundo da orde do día, comparecencias, que se acumulan.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a implantación da categoría estatutaria de enfermeiro/a especialista

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, para dar conta da privatización de servizos sanitarios na EOXI da Coruña

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bos días, presidente.

Señorías.

Comparezo, a petición propia, para informar sobre a implantación da categoría estatutaria de enfermeiros/as especialistas e tamén a solicitude, do BNG e de En Marea, sobre a denominada por vostedes privatización de servizos sanitarios na EOXI da Coruña.

En canto á implantación da categoría estatutaria de enfermeiro/a especialista, comezarei polo marco normativo vixente. A constante evolución que nos últimos anos teñen experimentado os coñecementos científicos, os medios técnicos e o propio sistema sanitario, así como a modificación dos patróns epidemiolóxicos, a evolución da pirámide de poboación e as necesidades de atención e coidados especializados que demandan os usuarios do Servizo Galego de Saúde, determinaron a necesidade da introdución no Sistema público sanitario das especialidades de enfermería. Para nós a enfermería é un pilar básico na atención ao paciente crónico.

Así, conforme a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, que aborda no seu título II unha nova regulación das especialidades en ciencias da saúde, e dentro do modelo do Espazo europeo de educación superior, xurdido coa Declaración de Bolonia, estableceuse un novo catálogo de especialidades.

O seu obxectivo é proporcionar unha mellor atención sanitaria aos cidadáns, sen que iso supoña obviar as aspiracións de desenvolvemento profesional, tanto das enfermeiras/os especialistas como das responsables da prestación de coidados xerais.

A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, reconece que cada servizo de saúde establecerá, modificará ou suprimirá as categorías do seu persoal estatutario.

Dentro do marco normativo descrito e atendendo a evolución de determinadas prestacións e a aparición das novas titulacións e especializacións, resultaba necesario adecuar determinadas categorías profesionais existentes ás necesidades actuais de Galicia, posibilitando a incorporación de profesionais capacitados para aplicar as funcionalidades que se demandan e mellorar, en suma, a calidade da asistencia prestada.

Das especialidades xa existentes, a que ten unha máis larga tradición é a de enfermería especialista en obstetricia e xinecoloxía, matrón/matrona, que é do ano 1957. De máis recente implantación no ámbito do Servizo Galego de Saúde son as categorías de persoal estatutario enfermeiro especialista en saúde mental, creada polo Decreto 95/2007, do 3 de maio, e a de persoal enfermeiro especialista do traballo, a través do Decreto 111/2011, do 3 de xuño. Non obstante, a fin de gardar a necesaria homoxeneidade na denominación e definición dos requisitos de titulación co resto das especialidades de enfermería vixentes, considerouse conveniente crear e regular unha categoría xenérica de persoal enfermeiro ou especialista que abarque as distintas especialidades existentes no ordenamento xurídico español, coa excepción da categoría de enfermeiro/enfermeira especialista obstétrico-xinecolóxica, na que,

pola súa longa e tradicional consideración de profesión diferenciada, en virtude da normativa europea, se optou por manter a súa denominación. A tal fin responde a aprobación do Decreto 81/2016, do 23 de xuño, pola que se crea, no ámbito do Servizo Galego de Saúde, a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista; norma que foi previamente negociada na Mesa Sectorial, contando co apoio de todos os sindicatos con representación na mesma.

Esta nova categoría abarca especialidades contempladas na normativa estatal; isto é, a especialidade de enfermería familiar e comunitaria, a de saúde mental, a do traballo, a de pediátrica, a de xeriatria e a especialidade de coidados médico-cirúrxicos. Coa súa creación preténdese a planificación e a progresiva dotación de prazas de persoal enfermeiro especialista e a incorporación a estas de persoal titulado na especialidade que se demande en condicións de pleno recoñecemento normativo e profesional.

Ao persoal desta categoría estatutaria correspóndelle exercer as funcións inherentes ás competencias profesionais especificadas no programa de formación da respectiva especialidade, aprobado conforme a normativa reguladora das profesións sanitarias. As ditas funcións desenvolveranse sen menoscabo da competencia, responsabilidade e autonomía dos profesionais doutras categorías e especialidades que actúen no correspondente equipo ou unidade asistencial.

O réxime de xornada e horario e o réxime retributivo aplicables ao persoal da nova categoría de enfermeiro/enfermeira especialista serán os inherentes ao posto de traballo que se desenvolva, establecidos segundo o ámbito concreto de cada nomeamento conforme o disposto no Estatuto marco de persoal estatutario dos servizos de saúde, coas particularidades establecidas, no seu caso, no Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no Decreto 226/1996, do 25 de abril, polo que se regula o réxime retributivo do persoal das unidades e dos servizos de atención primaria.

Así mesmo, o decreto contempla un réxime transitorio e excepcional no seo da implantación da nova categoría para o acceso, mediante convocatoria diferenciada, polo sistema de concurso, á categoría e prazas de enfermeiro/enfermeira especialista, aberto ao persoal diplomado ou graduado universitario de enfermería, con vínculo de fixeza que desempeñe, ou teña desempeñado, no Servizo Galego de Saúde as funcións propias de cada especialidade e acredite o título da correspondente especialidade de enfermería.

En conclusión, o decreto aprobado polo Goberno galego senta as bases para a gradual implantación das diferentes especialidades de enfermería, sendo un dos primeiros no sistema sanitario español. E faino garantindo o necesario equilibrio de todos os colectivos afectados, especialmente entre as enfermeiras de coidados xerais e enfermeiros especialistas de todas as especialidades, diferenciando retributivamente os enfermeiros especialistas, dada a especificidade das tarefas a realizar, establecendo un proceso específico de acceso que beneficie aqueles profesionais do Servizo Galego de Saúde que veñen desenvolvendo funcións propias da especialidade e teñan a titulación precisa, fomentando a progresiva creación de prazas e acompañando a incorporación dos profesionais EIR cos que acceden á titulación de enfermeiro/enfermeira especialista pola vía excepcional e transitoria. De feito, a Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria trasladou no seu momento o seu agradecemento

por este avance. E dicía o seu presidente que a entrada dos enfermeiros/enfermeiras especialistas en familia e comunitaria suporá un impulso de gran magnitude para a atención primaria, ao igual que o representou no seu momento a chegada dos médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria.

A continuación procedo a informar sobre a implantación da categoría e a execución do decreto.

Dotación de prazas nos cadros de persoal. A dotación de prazas faise de xeito progresivo de acordo coa planificación estratéxica da política de recursos humanos conxunta do Sistema público de saúde de Galicia, planificando as necesidades e determinando o número de efectivos de persoal da categoría de enfermeiro especialista que poidan prestar servizos con carácter estrutural.

Deste xeito, en execución das previsións contidas no artigo 6 do Decreto 81/2016, tense levado a cabo desde a súa aprobación unha relevante dotación de prazas de enfermeiro especialista no cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde. Na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 —ano de publicación do Decreto 81/2016—, as prazas dotadas na categoría de enfermeiro especialista eran 11, no ano 2017 a dotación é de 30 e no presente ano 2018 son 46 as prazas dotadas nesta categoría. Xa que logo, desde a aprobación do decreto incrementouse a dotación en 35 prazas de persoal enfermeiro especialista. Así mesmo, na actualidade están dotadas no cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde 76 prazas para a formación de residentes de diferentes especialidades de enfermería —os coñecidos como EIR—.

Ofertas públicas de emprego. Igualmente, pese á limitación das taxas de reposición impostas pola lexislación básica estatal dos últimos anos, a Xunta de Galicia ten adicado unha ampla porcentaxe de prazas das OPE para os diplomados en Enfermería, e, en particular, para as especialidades de enfermería. Así, o Decreto 125/2017, do 30 de novembro, polo que se aproba a oferta de emprego público de diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2017, inclúe 36 prazas para as especialidades de enfermería, desglosadas do seguinte xeito: 20 prazas para o persoal enfermeiro especialista en saúde mental, 2 prazas para persoal enfermeiro especialista en enfermería do traballo, 10 para persoal enfermeiro especialista en enfermería familiar e comunitaria e 4 para persoal enfermeiro especialista en pediatría.

Da selección temporal de persoal. A selección temporal de persoal é tamén outro dos marcos de actuación para a incorporación progresiva de profesionais especialistas en enfermería. Con anterioridade ao ano 2015, a saúde especial era área especial. Con posterioridade a esta data establécese unha lista de selección temporal propia e diferenciada para as enfermeiras especialistas en saúde mental para a cobertura das vacantes e demais ausencias de enfermeiras ubicadas nas diferentes unidades de saúde mental. Con anterioridade a esta data, a saúde mental era —como dicía— área especial.

Neste mes de abril de 2018 —posiblemente a próxima semana— publicaranse as listas definitivas para a selección temporal de persoal enfermeiro especialista en enfermería familiar e comunitaria para a súa incorporación a servizos e unidades de atención primaria.

As listas de selección temporal de enfermería especialista en pediatría xa están en fase de elaboración e o resto das especialidades de enfermería, de xeriatria e coidados médicos cirúrxicos iranse incorporando en función tanto da formación de residentes EIR na nosa comunidade autónoma como da finalización dos procedementos excepcionais e transitorios de acceso ás especialidades competencia da Administración estatal.

Do concurso específico. En desenvolvemento e execución da disposición transitoria segunda do Decreto 81/2016, a Resolución 21, de marzo do 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, aprobou as bases do procedemento de concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista. O seu obxecto é facilitar ao persoal diplomado de enfermería que xa está a traballar no Servizo Galego de Saúde desempeñando funcións propias dunha das especialidades de enfermería e sempre que posúa a especialidade requirida o acceso á categoría de enfermeiro/enfermeira especialista.

Estas bases, publicadas no DOG do día 2 de abril do presente ano, contaron co apoio unánime de todas as organizacións sindicais integrantes da Mesa Sectorial de Sanidade. Nas mesmas establécese un concurso específico para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario da categoría de enfermeiro/enfermeira especialista do Sistema público de saúde de Galicia.

Neste procedemento pode participar o persoal estatutario fixo diplomado, graduado ou universitario de enfermería con vínculo de fixeza e destino definitivo no centro correspondente que desempeñe ou teña desempeñado funcións da especialidade á que conorra, con dous anos de antigüidade na categoría de procedencia e que estea en posesión da correspondente especialidade.

O procedemento incorpora os sistemas electrónicos de inscrición e de acreditación de méritos a través do Fides/expedient-e e tramítanse de xeito descentralizado nas xerencias, culminando cunha resolución que recoñecerá as persoas seleccionadas en función dos méritos acreditados, segundo o baremo e a condición de persoal estatutario fixo na categoría de enfermeiro especialista da especialidade convocada.

Especialidades de enfermería de saúde mental e enfermería do traballo. Conforme as bases do referido concurso específico, neste segundo trimestre de 2018 convocarase o procedemento específico para dúas especialidades concretas: a especialidade de enfermería de saúde mental e a especialidade de enfermería do traballo. Para a súa resolución o Sergas ten dotado o seu cadro de persoal de 94 prazas de enfermeiro especialista en saúde mental e 4 de enfermeiro/enfermeira especialista de enfermería do traballo para así reforzar as unidades de saúde mental e as unidades de prevención de riscos laborais das xerencias, respectivamente.

Quero agradecer neste punto á Dirección Xeral de Recursos Humanos e aos demais membros do equipo directivo, tanto do Sergas como das xerencias das áreas sanitarias, así como aos profesionais e aos sindicatos e sociedades científicas, o traballo realizado para chegar a este punto de desenrolo.

En canto á comparecencia a petición dos grupos do BNG e de En Marea sobre os concertos da EOXI da Coruña, teño que dicir que a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada xestiona

os recursos sanitarios da súa área de referencia, tanto no que se refire ao persoal como aos centros hospitalarios e centros de saúde. A Xerencia de Xestión Integrada da Coruña —nos próximos días, Xerencia da Área Sanitaria da Coruña— proporcionará cobertura sanitaria a unha poboación de 548.283 cidadáns, o 52 % mulleres e o 48 % homes; un 23,3 % maiores de 65 anos e cunha esperanza de vida ao nacer de 82,6 anos. Esta poboación reside en 36 concellos da provincia da Coruña e conta para a súa atención con 5 hospitais, cun número de camas instaladas de 1.409, con 33 quirófanos, 3 centros de especialidades, 59 centros de saúde, 12 consultorios e 13 puntos de atención continuada.

Nestas instalacións traballan arredor de 7.500 profesionais, o 77 % mulleres e o 23 % homes. O orzamento que xestiona esta xerencia sitúase en torno aos 662 millóns de euros, o que supón un incremento dun 9 % respecto do ano 2017.

En atención primaria o Sistema de saúde da provincia da Coruña e do Sergas forma unha estrutura sólida e ben distribuída, unha rede asistencial que permite que calquera cidadán de Galicia teña un recurso sanitario moi próximo da súa casa. Esta é unha das fortalezas acadadas durante todos estes anos no Servizo Galego de Saúde.

Dentro da atención primaria estamos desenvolvendo medidas de fortalecemento nos nosos centros de saúde e na súa capacidade resolutiva. Tamén queremos avanzar na aplicación das novas tecnoloxías no Servizo Galego de Saúde, e a atención primaria debe ser quen lidere este momento de transformación tecnolóxica dentro do propio Sistema sanitario galego. Por iso, dende abril do ano 2017, decidimos avanzar con Telea para a atención primaria, que é a plataforma de asistencia domiciliar, integrada cos sistemas de información corporativos, que facilita o acceso telemático do paciente a diversos servizos asistenciais e permite o control asistencial de pacientes no seu domicilio. Actualmente están deseñados perfís de seguimento para pacientes diabéticos, hipertensos, con enfermidades pulmonares obstrutivas crónicas, insuficiencias cardíacas e perfil individualizado. Nos últimos anos construíronse varios centros de saúde nesta área: Culleredo, Arteixo-Villarrodís, Cambre-O Temple, Vilarmaior, Oleiros, Aqualada- Coristanco e Novo Mesoiro.

Neste momento tamén estamos traballando no Plan director do CHUAC. A fase II do Plan director supuxo un investimento de 32 millóns de euros e incluíu o bloque cirúrxico, urxencias, esterilización e radioloxía. As obras de reforma e ampliación das Urxencias do Materno deron comezo o pasado luns, por un importe de 1.400.000 euros, e van afectar unha superficie de 1.300 metros cadrados. E estamos a traballar no plan funcional na súa fase III.

O bloque cirúrxico. Este novo bloque cirúrxico está situado na terceira planta do hospital da Coruña, coa vantaxe de contar con todos os quirófanos no mesmo andar, non como antes, que estaban repartidos entre as plantas cuarta, quinta e sexta, feito que fará que o CHUAC conte xa cun total de 32 quirófanos, máis un de queimados fóra deste bloque.

Tamén se crearon 3 novos quirófanos de urxencias, incrementando en máis de 600 metros cadrados a superficie de que se dispoñía ata ese momento. O investimento de obra foi de 7 millóns de euros e o de equipamento, 7.800.000, incluída a central de esterilización e o quirófano híbrido.

A nova central de esterilización ten un custo aproximado de 2,2 millóns de euros, incluído no global, como dicíamos antes, de equipamento, e dá servizo a un novo bloque cirúrxico mediante a comunicación directa a través de dous ascensores específicos. Esta nova unidade conta coa tecnoloxía máis novidosa...

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento, conselleiro.

Perdoe, pero quero despedir... Como non puiden saudalos, quero despedir os profesores e os alumnos do Colexio Toural, de Vilaboa (Pontevedra). Aproveito para dicirlles que disfruten da visita ao Parlamento.

E tamén aproveito para saudar os directivos do Servizo Galego de Saúde. É un compromiso que tiñamos.

Perdón, conselleiro, por esta interrupción, pero temos que saudar a quen nos visita.

Grazas, e perdón pola interrupción.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Benvidos e moitas grazas por estar aquí compartindo connosco estes debates. Moitísimas grazas.

Esta nova unidade conta coa tecnoloxía máis novidosa existente no mercado e ten unha capacidade de procesado anual superior ás 60.000 unidades técnicas de esterilización, que dá, polo tanto, servizo a todos os centros da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada do Sergas na cidade da Coruña. E cun quirófano híbrido, que é un dos dous existentes en Galicia. Con esta dotación e tecnoloxía a Área Sanitaria da Coruña contará como a máis moderna da actual tecnoloxía, mellorando e facilitando as capacidades de traballo do persoal sanitario e aumentando a seguridade para o paciente e para a organización dos procedementos cirúrxicos en cirurxía vascular, neurocirurxía e cirurxía cardíaca. Tamén o Hospital Virxe da Xunqueira, de Cee, que ademais de ser un novo distrito sanitario, está a punto de pór en funcionamento o novo servizo de hemodiálise, multiplicando a súa capacidade e evitando novos desprazamentos dos cidadáns desa área á Coruña.

Para dar unha idea resumida dos resultados da actividade desenvolvida con medios públicos na EOXI da Coruña, voules dar algúns datos. O tempo medio de espera para os pacientes con patoloxía de prioridade 1 reduciuse en case 1,5 días, pasando de 17,2 no ano 2016 a 16 no ano 2017, moi por debaixo do obxectivo establecido en 30 días. Nas patoloxías de prioridade 2 o tempo medio de espera situouse en 60,1 días, manténdose practicamente igual o número de pacientes en espera. Na área de consultas externas, o tempo medio de espera para ser atendido diminuíu de xeito significativo; en 2017 foi de 43,4 días, o que supón unha redución de preto de dez días sobre o ano anterior.

En canto ao número de persoas que están á espera de ser atendidos en consultas externas para unha primeira consulta de enfermidade, o número tamén diminuíu en máis de 1.600 persoas.

Con respecto ás vías rápidas, o tempo medio para acceder atópase moi por debaixo dos 15 días, que é o parámetro establecido polo Sergas. A de cancro de pulmón está en 3,8 días e a de cancro de próstata en 9,4 días.

Toda esta actividade foi desenvolvida con recursos propios, o que son as prioridades 1, 2, vías rápidas e tempos máximos.

No referente á colaboración co sector privado: os concertos. Entendemos que é importante que exista un sector privado complementario ao sector público, que engada valor ao sistema sanitario no seu conxunto.

Señorías, a concertación con centros privados leva facéndose dende hai décadas a través dos instrumentos legais dispoñibles. No Goberno bipartito, por suposto que había estes concertos, pero tamén na Lei do ano 2008, que estableceu o Goberno do BNG e do Partido Socialista, aparecía reflectido este sector privado complementario.

Unha vez rematada a vixencia dos anteriores contratos de concertos, fíxose preciso tramitar unha nova licitación. O expediente de contratación da asistencia sanitaria especializada instrumentalízase como acordo marco suxeito á regulación harmonizada para a selección de empresas e ao establecemento das condicións que rexan os contratos derivados del, de conformidade co sinalado no artigo 196 e seguintes do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011.

En concreto, polo que se refire á tipificación do contrato dimanante do expediente de contratación que se está a tramitar, debemos ter en conta o disposto na Directiva 2014/23 da Unión Europea, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, relativa á adjudicación dos contratos de concesión. Tras o vencemento do prazo de transposición da citada directiva, o noso ordenamento desprázase e o réxime xurídico do contrato de xestión de servizos na súa modalidade de concesión, substituíndose polo contrato de concesión de servizo público, toda vez que as definicións nela contidas teñen plenos efectos xurídicos ao ser claras, precisas e non estar condicionadas. Trátase dun contrato que ten por obxecto unha das actividades contempladas na categoría 25 do Anexo II do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, servizos sociais e de saúde. Non existe dúbida ningunha acerca da súa cualificación como contrato de servizos. Para a súa adjudicación utilizarase o procedemento aberto de tramitación ordinaria. Cumprimos así coa normativa e con todos os instrumentos legais. Iso si, teño que dicirle que o orzamento en concertos do ano 2018 é de 205,5 millóns de euros, cun incremento do 1 % con respecto ao ano 2017, pero no ano 2008 era de 216 millóns de euros. É dicir, redúcense os orzamentos dedicados a concertos en 11 millóns con respecto ao que fixo o Goberno bipartito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día, señor conselleiro.

Vén hoxe vostede aquí nun dous por un; entón, empezamos pola primeira cuestión.

Comparece vostede a petición propia un pouco para, por así dicilo, presumir de que Galiza é a primeira comunidade en sacar a convocatoria de especialistas en enfermería. A verdade é que sen tempo non era, ¿non? No Servizo Galego de Saúde levan os especialistas dez anos agardando para que se reclasifiquen as prazas de enfermeiro especialista. No ano 2007 creouse a categoría de enfermeiro especialista de saúde mental e no ano 2016 primeiro aprobouse en Mesa sectorial ese grao 23, despois de moito pelexalo. Dende logo, está ben que logo veña vostede dicir aquí que se congratula, pero tampouco é que sexa unha gran cousa, dada a responsabilidade que conleva esa especialización por parte dos enfermeiros e enfermeiras. En febreiro de 2016 asinouse ese acordo. O Decreto 81/2016 é de xuño, e estamos en abril do ano 2018, case dous anos despois. Co cal, as cousas podían ir bastante máis rápido. Está ben que veña dicir aquí que «*está en ello*», pero a verdade é que o ritmo e os profesionais agardan que poida ir a bastante máis velocidade. E ademais pregúntanse por que non quita todas as especialidades e por que ten que ir, ademais, case dous anos despois e deixando fóra especialidades. Non acabamos de saber por que iso ten que ser así. Igual que non acaban de entender por que se ten que pregar a esas disposicións do Ministerio e non acaba de petar encima da mesa e exixir que, igual que as convocatorias MIR, as EIR, as referentes a enfermería, non se poidan facer descentralizadas e que iso vaia en beneficio dos profesionais de enfermería. Dende logo, sería o mínimo que se lle podería exixir.

Outra cuestión mínima que se lle podería exixir é que os prazos recollidos na normativa logo se cumpran, porque non é a primeira vez que se recollen uns prazos na normativa que logo, sistematicamente, se demoran, se van incumprindo e se van alongando. Co cal, xa que vostede hoxe, a petición propia, vén aquí, ao Parlamento, a presumir de que está niso e de que é a primeira comunidade que está con este tema, pois eu o que lle demando aquí é que, como mínimo, cumpra os prazos que están establecidos e que, ademais, exixa que se descentralicen as probas EIR, que se desatasquen dunha vez por todas e que as especialidades, as que están sen sacar, que se saquen dunha vez por todas e en prazo, porque, dende logo, levan demasiado tempo agardando, e ademais non ten ningunha explicación. Non ten ningunha explicación que pediatría quede fóra, porque, ademais, estamos falando de que a nivel económico é pírrico, a contía económica é pírrica. Co cal, non ten ningunha explicación; dende logo, para o BNG non ten ningunha explicación, non ten absolutamente ningunha explicación.

Entón, agora nós queremos preguntarlle por esta licitación na EOXI da Coruña, e queremos preguntarlle, señor conselleiro, por este acordo marco porque, dende logo, dende o punto de vista do BNG, queda claro que vostedes xa quitaron a careta. Cando trouxeron a este Parlamento a Lei de garantías de tempos máximos de prestacións sanitarias, o BNG xa lles dixo con toda claridade que o único obxectivo desa lei era legalizar a derivación de doentes e de recursos públicos cara á sanidade privada, porque sen inxectar máis recursos á sanidade pública os tempos de espera contemplados nesa lei era imposible garantilos na sanidade pública, e, evidentemente, o tempo non fai máis que darnos a razón.

E agora, con esta licitación da EOXI da Coruña, vemos que quitan definitivamente a careta. O que ata o de agora, nesas derivacións, nesas contratacións, era puro escurantismo —non había moito xeito de saber os números, os datos—, agora empezan a poñer branco sobre negro. O que eran antes cuestións menores, agora pasan directamente á caza maior, pasan xa a licitacións conxuntas de asistencia sanitaria especializada. Para iso aprobaron a Lei de garantías, para iso se reuniu Feixóo coa patronal da privada e para iso aprobaron o decreto que desenvolve esa Lei de garantías que entrou en vigor o 10 de xaneiro. E dende esa entrada en vigor, dende logo, non perderon o tempo. Dende esa entrada en vigor, o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza non perdeu o tempo, e a EOXI da Coruña é a punta de lanza nesa apertura de veda. Vémolo con toda claridade.

Vemos que sacan a concurso unha licitación por case 100 millóns de euros, 97.497, cunha posible variación duns 25 millóns onde sacan a careta e xa fan esa licitación conxunta nunha licitación tipo catálogo. Xa fan licitación supoño que ao peso, ¿non?, porque os criterios de puntuación son: por número de camas, por se o centro oferta sesión cirúrxica con médico —se o médico o pon o Sergas, ten unha puntuación igual—, pode ser con centro só ou con médico —o médico pode poñelo o Sergas—... É dicir, o Partido Popular cousifica totalmente a sanidade, convértea nunha mercadoría máis suxeita ao circuíto de oferta e compravenda, dun xeito, desde o punto de vista do BNG, pois realmente brutal.

Unha EOXI como a da Coruña ten unha perda progresiva durante anos de camas hospitalarias. Podemos falar de arredor de 200, e podemos falar de que 42 directamente no Materno, onde un día pecharon para facer un adecentamento, onde ían instalar baños na zona de xinecoloxía... Pecharon 42 e nunca máis se soubo nada; non sabemos se aínda están buscando os baños ou non, pero nunca máis se soubo. Ou 25 no Abente e Lago, que desaparecieron. Podemos falar de arredor de 200, porque tamén hai escurantismo arredor de cantas se abren e se pechan, e non acabamos de sabelo; de peches de camas nos períodos de verán, onde se pechan a principios de xullo e logo no verán esténdese a máis alá de outubro; de déficits de profesionais que provocan a perda progresiva da capacidade asistencial en todos os ámbitos e modalidades; das listas de espera, que vostede aquí deu unha relación, pero é que hai listas de espera para consultas médicas, para cirurxías, para probas diagnósticas e para todo. Hai falta de recursos, falta de resposta e incapacidade do sistema público para responder a demanda que hai, para logo chegar a este tipo de cuestións.

Supoño que logo vostede na réplica me dirá que no orzamento global da EOXI esta licitación é menor. Entón, ¿de que nos imos preocupar se total é menor? A pregunta, señor conselleiro, é: ¿por que en vez de buscar que a resposta se poida dar na sanidade pública, teñen a sanidade pública sen capacidade de resposta e, entre tanto, fan estas licitacións á carta para a sanidade pública, venda de listas completas...? E eu querría preguntarlle, señor Almuíña: na sanidade pública da EOXI da Coruña, nos últimos cinco anos ou nos últimos dous —como vostede queira—, ¿cantas cataratas se fixeron?, ¿ou cantas varices?, ¿ou cantas cirurxías menores nos últimos cinco anos? Porque a información que ten o BNG é que xa non se fai ningunha, xa que, por exemplo, os que están formándose nos MIR xa non teñen posibilidade de formarse na pública en especialidades determinadas como cataratas ou varices porque xa non se fai ningunha na pública. Porque vostedes, con este catálogo fantástico, xa lle venden directamente todo á sanidade privada para que fagan este tipo de cuestións.

Co cal, o que lle queredamos preguntar é que vostede explicara hoxe aquí cal é a necesidade de que fagan xa vostedes estes acordos marco se esta vai ser a tónica para as EOXI...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e por que non buscan dar esta capacidade de resposta na sanidade pública.

E con respecto á especialidade de enfermería, xa lle fixen as preguntas con anterioridade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día, señor conselleiro.

Hoxe, nesta comparecencia mixta, a verdade é que non entendo a acumulación dos temas, ou non me cadran. En todo caso, imos falar ou dividir a intervención para poder fialos. Non fun capaz de atopar un fío condutor dos dous temas, láméntoo.

Sobre a especialidade de enfermería, consideramos que o Goberno chega tarde e chega mal. É unha idea que podía ser boa en inicio, pero chega tarde e chega mal; é como os malos defensas, cando chegan tarde, arramplan con todo e fan penalti. Entón, hai un problema: do que puido ser unha boa posibilidade, o que fixeron foi converter isto nunha situación de incerteza para os profesionais, porque hai algunhas dúbidas sobre a cuestión. Non se trata de que a implantación da especialidade sexa unha mala medida, que non o é, e eu creo que comparto a súa análise de que debe ir cara aí a cuestión, pero a implantación desta medida está feita con certas dúbidas. Pode, ademais, provocar un problema contra parte do persoal, ou contra boa parte do persoal, e nós pedimos un certo tino para aplicala correctamente.

¿Que vai ocorrer cos profesionais, cos profesionais que levan vinte ou vinte e cinco anos traballando, que algúns deles son titores ou titoras dos que están facendo a especialidade e que agora, sen embargo, quedan fóra dalgunha convocatoria porque non teñen esa especialidade porque non puideron facer, por exemplo, a proba específica? Vanse convocar prazas para especialidades das que non houbo probas específicas, pero, en cambio, non se van convocar prazas para algunha especialidade na que si houbo. Entón, iso provoca algunhas disfuncións no sistema, e cremos que era máis apropiado planificalas con máis visión a medio e longo prazo. En todo caso, nós cremos que pode ser unha boa posibilidade, pero provoca unha incerteza, certamente resoluble, se se tivera feito con máis acerto, e dá a sensación de que o

conselleiro o fai, non digo obrigado, pero non querendo. Polo tanto, ás veces as cousas hai que facelas con máis vontade que querendo resolvelas accidentalmente para saír dunha situación.

Pasándonos á cuestión que vostede describiu sobre a EOXI da Coruña, con moitos datos estatísticos e demográficos, nós vemos nesta situación unha cuestión de problema na xestión dos recursos. Hai un problema, dende o noso punto de vista, na xestión de recursos, e a verdade é que eu ben sei que vostedes, dende a Consellería, e vostede habitualmente, entenden que isto é unha posición de slogan —como nos ten dito algunha vez— do Partido Socialista. Polo tanto, tratando de saír do debate tan partidista, pensamos quen pode ter unha opinión certamente racional sobre as contas da Consellería e do Goberno galego en xeral, e curiosamente atopámonos cunha institución, por exemplo, como o Consello de Contas, que di —e vou citar literalmente algunhas das partes dos seus informes sobre as privatizacións— : «Con carácter xeral, nos concertos subscritos, non se establecen requisitos específicos para a xestión da prestación; en particular, non se regulan as condicións dos recursos ou a calidade asistencial nin se concretan indicadores de control.»

Non garantía asistencial. A non garantía asistencial supón que estamos derivando en exceso a atención concertada ás cuestións que deberan resolverse no sistema público pero no que non somos quen de controlar que se teña a mesma garantía asistencial. Polo tanto, nin sequera para o paciente; probablemente é o mesmo. Estamos derivando cara a un sistema do que non controlamos a súa garantía. Polo tanto, moita parte do noso sistema estámolo derivando a un sistema do que non temos tanta capacidade, ou non queremos ter tanta capacidade — depende como se mire—, de controlar a súa garantía de calidade. Iso é un problema, porque estamos, entón, facendo que existan doentes que teñan un nivel de garantía asistencial e outros, outro nivel. E, curiosamente, sáennos mais caros aqueles que teñen menos calidade asistencial, o cal, desde o noso punto de vista, é de todo, menos eficiente.

Consello de Contas —cítooo outra vez—: «Séguese recorrendo ao sistema de autorizacións de uso para a contratación de determinadas prestacións, desvirtuando a natureza desta figura» —dío o Consello de Contas, non o dicimos nós—, «cuxa utilización debería ter carácter excepcional.»

Hoxe vostede afirma aquí que o sistema público, o sistema concertado, engade valor ao sistema, cousa que nós non compartimos. O sistema privado debe ser un recurso, é un recurso, é utilizable, pero non debe ser algo que engada valor ao sistema. O sistema debe ter valor por si mesmo, e debemos ter un elemento situacional, contextual, que é a utilización das derivacións, pero non estrutural, e estamos convertendo as derivacións nun elemento absolutamente estrutural dentro do sistema.

E, ademais, di: «A unificación dos procesos de xestión e control da prestación concertada coa creación das EOXI obriga a un reforzamento de control a través dos servizos de inspección sanitaria, apreciándose» —¡que curiosidades di o Consello de Contas!— «unha limitada capacidade nos plans de inspección que se estableceron». Non hai mecanismos de control; non hai mecanismos de control nun sistema que deba ser excepcional, pero é estrutural, e sobre o que, ademais, non temos garantías sanitarias.

Dío o Consello de Contas, e nós percibimos ineficiencia, e ademais dá a sensación de que sería unha ineficiencia repetida, porque se produce sistematicamente todos os anos. E prodúcese, ademais, non só sobre esta cuestión, como a que se apuntou na Coruña, sobre a que, a verdade, é tristemente esperable; algo raro pasa na EOXI da Coruña. O señor Aurelio Núñez o outro día dicíame que xa había tempo que non falaba de carteis. Lembremos que se gastaron máis de 400.000 euros en carteis na EOXI da Coruña, ¡400.000 euros en carteis!, que son, certamente, un bo número de profesionais. ¡En carteis!, unicamente para cambiar que o cartel, en vez de poñer «centro hospitalario da Coruña», puxera «público». Nós defendemos máis que o sistema sexa público a que se diga. Dicilo está ben, pero facelo é moito mellor. (*Aplausos.*) Algo raro pasa na EOXI da Coruña. Hai que ter un pouco máis de percepción sobre o que ocorre alí.

Pero dicimos que isto que di o Consello de Contas non se dá unicamente sobre este caso. Hai, certamente, unha curiosidade. Se un se pon a ver algunhas das resolucións da Consellería de Facenda, pode comprobar algo sobre a xestión do Sergas. Por coller algunhas, non todas —algunhas—: transferencia negativa, 15,9 millóns de euros —estou falando do último trimestre do ano pasado—; 23,6 millóns de euros para o Servizo Galego de Saúde; 64,6 millóns de euros, transferencia negativa sacada da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos; 57,6 millóns de euros que vén para produtos farmacéuticos e material sanitario. Todo isto son alteracións do orzamento. Por certo, isto é moi curioso: 57,6 millóns de euros ¿saben de onde os sacan? Maior endebedamento, a partir da contía do 0,5 do teito de gasto, aquel que dixeron que —o Consello de Facenda dixo— era unha ocorrencia dos socialistas. De aí sacan algunha partida coma esta.

Esta é moi interesante, 41,6 —van 200 millóns no trimestre— ¿sabe de que sacan 41,6 millóns para tapar aquela xestión que a Consellería de Sanidade non puido facer? Bueno, pois, se un vai ás partidas, ve, por exemplo, que lles sacan partidas ás universidades públicas. ¿Que lles pasa coa universidade pública? ¿Que problema teñen coa universidade pública? De verdade, non fagan máis..., (*Murmurios.*) que os que nos sentimos debedores da universidade pública estamos moi preocupados co dano que lle están facendo. Universidades públicas. Quítanlle partidas á universidade pública, quítanlles partidas a actuacións no eido medioambiental, a Augas de Galicia, a axudas Natura. Quítanlles partidas a espazos comerciais, quítanlles partidas a actos de difusión cultural, a comedores escolares, quítanlles partidas a programas de ordeñación e innovación educativa, a linguas estranxeiras; quítanlles partidas a equipamentos para a promoción da autonomía persoal —já dependencia, quítanlle partidas!—; a subvencións e investimentos en materia de prevención de incendios, á creación e mellora de masas forestais, ás estruturas agrarias; quitan partidas de aquí para a ineficiencia da Consellería. Quítanlles partidas —outra máis, por outro lado— a universidades públicas —a verdade é que deben ter unha pequena obsesión—; quítanlle, en realidade, máis de 8 millóns á Consellería do Mar. Máis do 5 % do orzamento da Consellería do Mar do ano 2017 tivo que ser reorientado para tapar os buracos que a Consellería de Sanidade non soubo xestionar.

Hai un problema coa xestión da Consellería de Sanidade, e soamente estou falando dunha das alteracións. Hai unha serie de constantes ineficiencias que son preocupantes, pero é que, mire, esta, esta última, que acabo de ler, vai para implantes, outro material sanitario, material de laboratorio..., por facer un seguimento desa partida. En 2015 —dígoo por aquilo de

que vostedes sempre presumen do que fan nos orzamentos e nós sempre defendemos que os orzamentos son mentireiros— orzaron 201 millóns de euros, e acabaron o ano gastando 312. Non lle debeu ser de moita utilidade este dato porque no 2016 orzaron 220, e acabaron o ano con 315. No 2017 —non lle debeu valer— orzaron 219, e acaba o ano en máis de 360. Neste ano, orzan 262; eu aposto un café a que van acabar por riba dos 300 outra vez, e é probable que por riba dos 350.

Son catro anos seguidos gastando máis do 35 % por riba do orzamento dunha soa partida, e aínda non se deron conta de que é necesario orzar máis nesa, para non ter que roubarlles despois a outras consellerías e a cousas como os comedores escolares. Pero, ¿cal é o problema? O problema é que despois chegan aquí e poden dicir cousas como que en concepto só se gasta... Non, non é mentira. ¡Se despois alteran un terzo da partida! Altérase despois con transferencias de aquí para alá.

E por iso di o Consello de Contas —e a verdade é que o Consello de Contas pode dicir unha cousa, non copia os argumentarios do Partido Socialista—, organismo autónomo —refe- ríndose ao Sergas—: «Continúa sen implantar un sistema integral de contabilidade, tal e como exige o Plan xeral de contabilidade pública, limitándose á información rendida administrativo- orzamentaria sen que se achegue o balance de situación nin a conta do resultado económico-patrimonial.»

En termos sinxelos, vostedes son voluntariamente opacos á xestión da Consellería, e sono porque truncan os orzamentos, porque truncan a maneira de facer as contas. E, ao final, temos un orzamento e temos unha xestión económica na Consellería absolutamente ineficiente que lle está entregando moito diñeiro a quen non se debe, que non está poñendo en valor o sistema público e que vén, ao final, concretarse nesta historia de que o sistema privado engade valor ao sistema público, cando nós defendemos que o valor da sanidade está no propio sistema público e que o sistema privado é un recurso que debe utilizarse da maneira na que sexa necesario, pero non debe ser un sistema estrutural. Por tanto, non debemos aceptar — como vostedes parece que aceptan— que o Consello de Contas saque as cores así á Consellería, e, por tanto, cremos que esa ineficiencia debe ser mellor explicada do que é ata o de agora.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

A enfermería, señor Almuíña, evidentemente loitou durante moitísimos anos para ser considerada unha profesión sanitaria independente —discutímolo nalgunha outra ocasión—, despois loitamos para que os nosos estudos foran universitarios, mellorando esta formación académica que se recibía; posteriormente, na defensa das capacidades profesionais, loitamos pola nosa potestade para facer os nosos propios diagnósticos, o noso traballo independente,

aínda que inserido nun marco de traballo de equipos multidisciplinares; e, evidentemente, loitamos tamén pola nosa especialización, tendo esta unha importante relevancia na calidade asistencial prestada.

Isto foi o que defendemos dende o inicio —e, evidentemente, dende o noso grupo tamén criticamos a lentitude da aplicación dese decreto de especialidades de enfermería—, e a necesidade de ir acompañando cambios paulatinos na totalidade do Sistema nacional de saúde, e en concreto aquí en Galicia, no que profesionais especialistas se ían facendo cargo dos distintos servizos.

Temos discutido esta circunstancia noutras ocasións. A especialización ofrece, evidentemente, calidade asistencial e fomenta o mellor coidado das persoas que utilizan —que somos todas e todos— o sistema de saúde, por iso se implantaron estas especialidades.

Sen embargo, lonxe de resultar compracente o número que vostedes ofrecen nesta oferta pública de emprego —é certo que a apertura das listaxes de contratación era unha demanda, sobre todo nalgunhas especialidades que levaban máis tempo sen convocar ou nunca se tiñan convocado, que eran bastante antigas e que vostedes non atenderan ata este momento— a realidade é que nin sequera a contratación depende só da apertura das listas. Hai que ver como se fan esas contratacións para as substitucións dos profesionais, hai que ver cantas das prazas —porque non falou diso vostede hoxe aquí— se van transformar das existentes, como se acompaña a progresiva substitución de profesionais que se van xubilando por novos profesionais especialistas. Pero no caso da oferta pública de emprego a nós non nos parece unha situación compracente. Certo é que vostedes, evidentemente, chegaron a un acordo a nivel sindical. Gustaríanos que o fixeran tamén noutros ámbitos, como pode ser o da xustiza, que desgraciadamente levan dous meses pelexando para que lles recoñezan os seus dereitos.

Pero, señor Almuíña, os números son escasos, e a implantación das especialidades de enfermería non se limita simplemente á oferta pública de emprego. E voume explicar a continuación.

No que ten que ver coas profesionais de obstetricia, enfermeiras especialistas, as matronas e os matróns, a Organización Mundial da Saúde indica que debería haber alomenos un profesional por cada 500 partos. A maiores desta circunstancia relacionada cos partos, dentro do Sistema nacional de saúde e dentro do Servizo Galego de Saúde hai outras competencias que foron outorgadas nos últimos anos a estes profesionais sen que se incrementase o número de profesionais. E tamén recomenda a Organización Mundial da Saúde que teñamos alomenos 1,5 matronas por xinecólogo ou xinecóloga. Isto non se cumpre, as ratios non se cumpren. E, evidentemente, con esta ausencia de oferta pública de prazas —porque a última foi soamente de seis profesionais— temos un problema evidente no noso sistema público.

Na totalidade das áreas sanitarias hai dificultades relacionadas coa ausencia de profesionais suficientes. En Santiago, por exemplo, hai 2.500 partos de media anual e só hai tres matronas. Na Coruña son os mesmos datos. Pero temos un problema sobre todo na provincia de Ourense, señor Almuíña: oito matronas para toda a provincia. É evidente que este non é un número normal en atención directa, en atención primaria. E isto é incompatible coa aplicación

do Plan de saúde da muller. Non sei que lles ten que dicir vostede ás mulleres da provincia de Ourense, porque temos un problema real, un problema moi grave, que están denunciando os profesionais e as profesionais. E vostede hoxe, desgraciadamente, na comparecencia —non sei se o vai facer vostede— non deu ningún tipo de medida de como se vai facer para que se cumpran as ratios, os protocolos da Organización Mundial da Saúde e, dende logo, que teñamos unha atención de calidade para as mulleres na totalidade do noso país.

Non me estendo, porque non me daría tempo, ás dúas partes da comparecencia.

En enfermería do traballo temos un problema evidente de parasitación do sistema coas mulleres, temos un problema relevante. E a mostra está en que vostedes só sacan dúas prazas na oferta pública de emprego. É totalmente irrisoria esta cantidade. A min gustaríame saber onde son esas prazas, porque si teño realmente curiosidade. O noso grupo ten defendido a realidade dun orzamento que é francamente escaso para a prevención e a promoción da saúde a nivel laboral, para a eliminación dos riscos laborais. Temos reclamado a elaboración dun mapa de riscos, temos reclamado o incremento de fondos para o Issga, e temos unha situación na que son as empresas privadas as que se fan cargo de algo tan elemental como é a saúde da clase traballadora no seu posto de traballo. E iso non se reflicte nesta oferta pública de emprego.

En enfermería pediátrica é unha broma catro prazas. Sabemos que é un acordo ao que chegaron. Pero realmente, cando temos un problema tan evidente de necesidade de profesionais, a min gustaríame saber en que centros van estar, cantos profesionais de enfermería pediátrica son necesarios —xa non digo na primaria, pero alomenos na especializada— e como se van substituír esas prazas.

En enfermería de saúde mental as 20 prazas, evidentemente, son moitas máis que noutras categorías. Pero a nós parécennos escasas, entre outras cousas, porque temos trasladado aquí a necesidade de incrementar os profesionais nas unidades de saúde mental básicas, e tamén nas especializadas, na hospitalización, ese reforzo necesario na unidade infanto-xuvenil do CHUS, esa nova unidade que temos solicitado no sur da nosa comunidade, e evidentemente tamén esa ausencia de persoal suficiente da totalidade e da globalidade dos centros hospitalarios, que fai que, por exemplo, no CHUS —no Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela— estean denunciando os profesionais que moitas veces se moven enfermeiros e enfermeiras das unidades de saúde mental para cubrir as ausencias doutras unidades que nada teñen que ver.

Isto é incompatible coa especialización, señor Almuíña, e vostede ten que dar aquí algunha resposta máis alá da oferta pública de prazas. Temos un problema, non podemos estar movendo. Iso é incompatible coa especialización, porque vostede sabe igual ca min que non van mover —espero— un profesional especialista para atender calquera outra cousa que nada teña que ver, igual que non o farían en medicina.

No caso da enfermería comunitaria a realidade é que 10 prazas é algo bastante pobre para a realidade. O ano pasado aprobouse neste Parlamento unha iniciativa de En Marea por unanimidade que solicitaba precisamente que se comezasen a convocar estas prazas, e que,

dunha vez por todas, despois da loita que levaran a cabo os profesionais da especialidade de enfermería familiar e comunitaria, non só se mantivese unha situación na que estaba aprobado o programa formativo. E, sen embargo, pasaban os anos, pasaron sete anos, e non se convocaran. A realidade é que 10 prazas parecen moi escasas para como está a atención primaria. E vostede debería dar aquí algunha explicación de por que non se van substituír xa as prazas e ir incrementando as prazas de compañeiros e compañeiras especialistas nesa atención primaria sobre a que vimos de debater que está francamente mal no noso país.

E un último elemento desta parte —porque non me vai dar tempo a outra—: a enfermería xeriátrica. Temos un problema: a min gustaríame saber cal é o posicionamento desta Consellería de Sanidade respecto do Ministerio. Só sacan un EIR para 2018 de 21 prazas. E temos un problema, porque estamos falando do problema demográfico, do envellecemento da poboación, da cronificación das enfermidades, e resulta que non hai nin unha mínima palabra para a enfermería xeriátrica. Eu coñezo compañeiros que están estudando esta especialidade. E, en realidade, profesionalmente é un ermo. Pero é que de cara á propia atención, á mellora da atención, ¿que van facer con isto? Non van implantala, ¡vale! Pero ¿cal é a actitude respecto do Ministerio? Porque realmente Galicia debería ser das comunidades autónomas que necesitase máis profesionais e enfermeiros especialistas en xeriatria, polo menos tal cal temos o panorama demográfico, por desgraza, no noso país.

Referido á segunda parte da comparecencia —e nós solicitamos, e evidentemente falarei tamén na segunda quenda, unha interpelación porque non estabamos seguros de que vostede fose aceptar esta comparecencia, xa que é habitual que as rexeiten, a pesar de que vostede considere que non, pero isto é así—, señor Almuíña, nin administrativamente nin politicamente son o mesmo os contratos de servizos e as concesións de servizos, e vostede sábeo perfectamente. De feito, os concertos que ata o de agora se facían non eran nin por asomo parecidos ao que vostedes veñen de facer agora. Administrativamente hai o concepto de risco, que diferencia os tipos de contratos que se poden facer. Pero de cara ao político, de cara á planificación sanitaria, vostedes por primeira vez privatizan os servizos sanitarios directamente na Coruña, durante catro anos, por un montante de 97 millóns de euros. Ademais, hai un elemento —agora non teño máis tempo pero gustaríame que despois fixese referencia— bastante importante e circunstancial para os dereitos dos traballadores e das traballadoras, a ver se aí tamén chega a algún acordo cos sindicatos. ¿Como meten vostedes o elemento de mobilidade forzosa dos profesionais, pasando por enriba totalmente da Lei de incompatibilidades, da negociación colectiva e de todos os aspectos que vimos defendendo de dereitos dos profesionais?

Non teño máis tempo, despois continuarei. E gustaríame que vostede, en vez de facernos un extenso prefacio de como está a sanidade pública na Coruña, fixese unha intervención axeitada á comparecencia que se solicita.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Están con nós agora os alumnos de 5º de Primaria do Centro Isaac Díaz Pardo de Almeiras, en Culleredo, A Coruña. Benvidos ao Parlamento e que o pasedes ben.

Ten agora o turno, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bo día, señor conselleiro, benvido. E un saúdo aos rapaces e rapazas de Culleredo que nos acompañan.

Este grupo e este voceiro vai empezar falando do primeiro tema, que parece que tivo aquí unha incidencia irregular. Algún grupo dedicoulle practicamente a intervención completa e outros pasaron un pouco máis por riba.

Claro, acúsano de vir presumir, señor conselleiro. Aquí pídense as cousas. E, cando se fan as cousas, véñse presumir, cando non son «iniciativas campanario». E, ademais, agora resulta que foi tarde, mal, a rastro e escasa, foi tarde, mal, a rastro e escasa. Pero resulta que vén sendo a primeira comunidade a nivel nacional. Eu non son capaz de entendela moi ben.

Efectivamente, veu vostede a informar en positivo da creación da categoría, que foi demandada en numerosas ocasións. Tivemos reunións incluso na pasada lexislatura cos representantes dalgún destes colectivos. E eu creo que todos somos conscientes da importancia que tivo a especialización na medicina —a especialización e a formación MIR—. Cando eu empecei a traballar, aínda existían as especialidades de neuropsiquiatría e de pulmón e corazón. Se llo conto agora a un residente de primeiro ano, dálle a risa, pensa que é unha brincadeira. Pero por iso, neses mesmos termos, pensamos que a enfermería debe avanzar e mellorar a súa formación para proporcionar á cidadanía atención especializada, atención sanitaria especializada, cada vez mellor.

E neste punto gustaríame destacar o importante papel que debe ter a enfermería de atención primaria no futuro da atención á cronicidade, que vai exixir unha grande implicación dende o punto de vista tanto presencial, no domicilio dos pacientes ou no centro de saúde, como co control a distancia, co programa Telea, na implantación das novas tecnoloxías.

Falou vostede das matronas, que é unha categoría que está absolutamente integrada no sistema dende hai moitos anos e que debe servir de espello onde mirar para as novas categorías que se crearon.

Creemos que é importante esa planificación e progresiva dotación de prazas de enfermeiro especialista, incorporando a estas persoal titulado na especialidade, mais, como eu teño dito nalgunha reunión dalgunha comisión, respectando os dereitos dos traballadores e traballadoras da enfermería que o están a facer nestes momentos. Eu saúdo a volta ou o cambio de postura do Partido Socialista, que parece ser que agora tamén defende estes profesionais.

En resumo, pensamos que o decreto cumpre as expectativas manifestadas polos representantes deste colectivo en reunións mantidas por eles nos últimos anos. Estamos de acordo nesa dotación de xeito progresivo segundo as necesidades dese persoal e valoramos positivamente o incremento desas 46 prazas dotadas no ano 2018, que asemade se están a formar neste momento un número importante de residentes nas distintas categorías de especialistas

nos hospitais galegos. Na OPE do 2017, como xa dixo vostede, aparecen consignadas un total de 36 para enfermeiros especialistas. E celebramos tamén o anuncio da publicación ao longo deste mes das listas definitivas para a selección temporal de persoal especialista en enfermería familiar e comunitaria, para a súa incorporación a distintos servizos de atención primaria, que se cubrirán con persoal desas listas específicas para posteriormente converterse en persoal fixo a través dunha OPE. Instámolo a seguir avanzando —como xa dixo— na elaboración das listas de contratación temporal nas categorías restantes e a facelo coa maior brevidade posible.

Sobre o concurso específico para o persoal que xa está a traballar no Sergas desenvolvendo funcións nalgunha das categorías ou especialidades de enfermería e que quere acceder á categoría de enfermeiro especialista, parécenos que é axeitada a situación de transitoriedade, que, como dicíamos, debe respectar os dereitos do persoal enfermeiro que traballa neste momento neses postos.

Ben, señor conselleiro, reiteramos nesta primeira parte os nosos parabéns polo cumprimento dunha promesa electoral do Partido Popular nos comicios do ano 2016; e, unha vez creada a categoría de enfermeiro ou enfermeira especialista, dotar as prazas nos cadros de persoal, incorporar profesionais aos dispositivos asistenciais correspondentes, co recoñecemento profesional e retributivo —que tamén é importante— e respectando as funcións dos restantes profesionais de enfermería.

Paso, entón, a falar do segundo tema da comparecencia, dese tema que lle gusta á oposición, sempre en negativo, e para deostar o sistema sanitario galego. A min gustaríame respecto para a universidade pública pero tamén para o sistema sanitario público. Creo que tamén merece máis respecto do que se lle dá neste Parlamento. E ese tema é a publicación no DOG da Resolución pola que se anuncia a licitación para a contratación suxeita a regulación harmonizada por este organismo da asistencia sanitaria especializada mediante acordo marco na xestión integrada da Coruña.

Mire, señor conselleiro, dá o mesmo que vostede explique neste hemiciclo as cifras e datos que fixo chegar nesta comparecencia. Non valen de nada para a oposición. Dá o mesmo que vostede insista en que hai máis persoal que no ano 2008, uns 1.500 traballadores e traballadoras; dá igual, aquí encolleuse en 1.000, 2.000 ou 3.000 prazas. Dá o mesmo que vostede traia a este Parlamento as cifras de actividade cirúrxica, de consultas, de listas de espera ou de orzamentos de calquera cousa; vale rexeitalas sen aportar un só dato. Dá o mesmo que vostede e os seus directivos expliquen os avances producidos na asistencia sanitaria dende a implantación das EOXI e os investimentos realizados e previstos neses hospitais, que van seguir a dicir que os quere pechar ou desmantelar. Dá o mesmo que o señor Aboal compareza na Comisión 5ª e diga que a porcentaxe de pacientes derivados á concertada é do 2,2 %, que esa cifra non aparece na nota que fai pública a voceira do BNG. Non, non, aparece a cifra total para tratar de desprestixiar a sanidade pública galega.

Eu xa dixen nalgunha outra ocasión, señor conselleiro, que de ser certo o 10 % do que temos escoitado sobre a privatización neste hemiciclo non existiría a sanidade pública galega. E a sanidade galega, señorías e persoas que están no hemiciclo, é ao cen por cento pública. Ata

o Hospital Álvaro Cunqueiro, que foi a icona da privatización para a bancada da esquerda, resulta que agora é público segundo unha sentenza xudicial en relación co IBI.

E neste contexto de negación da realidade, ¿que podemos facer, señor conselleiro? Eu creo que debemos insistir nas realidades, ao mesmo tempo que outros repiten falsidades, para que a poboación teña toda a información e poida valorar a excelencia do Servizo sanitario público galego, que por suposto —como todo nesta vida— é mellorable. E instámoslos a vostedes a seguir traballando nesa mellora constante.

Publícase, efectivamente, no DOG este acordo marco. E di que «o obxecto desta licitación é a contratación da prestación de servizos sanitarios a pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde da área correspondente á Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña mediante acordo marco, fixando así todas as condicións de todo tipo ás que terán que axustarse os provedores de servizos sanitarios que se vaian seleccionar, os prezos unitarios máximos e fixar o procedemento de adxudicación dos contratos baseados neste acordo marco». Noutro punto di: «O Servizo Galego de Saúde non se compromete a contratar unha determinada cantidade de procedementos, por estar subordinada ás necesidades da Administración durante a vixencia do acordo, sen que o contratista poida exixir a contratación dun número determinado de procedementos ou de importes mínimos como condición de execución». E ao final di, no montante do orzamento: «Licitacións: 72.220.219 euros; modificacións previstas —segundo o texto refundido da Lei de contratos—: 25.277.000». E repite e reitera: «Este importe é o valor máximo estimado do conxunto de servizos sanitarios derivados durante a súa vixencia, e ten carácter meramente orientativo e non vinculante, sen que a Administración quede obrigada a contratar unha cantidade mínima de servizos».

A partir desta publicación —que a min me dá a sensación de que naquel momento non lera— a voceira de En Marea monta unha película de privatizacións e organiza unha rolda de prensa onde di unhas cousas... A ver: «Primera privatización amplia» —segundo a prensa— «del sistema sanitario público gallego por parte del Partido Popular», «Auténtica barbaridad de contrato», «Ataque brutal y sin precedentes a la sanidad pública», «Cláusulas abusivas que recogen la movilidad forzosa», «Los pliegos fijan el número de consultas que se realizarán en los centros privados que participan en el concurso», «La Xunta acaba de privatizar por cuatro años la asistencia sanitaria de A Coruña». Creo que, despois do que lemos do PCAP, non é certo o que se dixo.

Tamén di a señora Solla que rexistrou unha interpelación. Efectivamente rexistrou unha interpelación, e na Mesa meteu o seu grupo a interpelación sabendo que vostede comparecía —nesa mesma Mesa—. Dáme a sensación de que hai moita gana de ruído e moita alaraca. E a Xerencia contestou na prensa e dixo: «A licitación para o contrato que saíu publicada no DOG non é máis que o paso a dar para renovar os contratos do Sergas cos centros concertados, neste caso da área sanitaria da Coruña, mantendo as mesmas tarifas que no ano 2012. E o orzamento estimado, tal e como aparece nos pregos, non é de 97 senón de 72 mais 25, consignado para posibles modificacións previstas, segundo o disposto no artigo 88.1 do texto refundido da lei».

Toda esta información, o prego, está á disposición de calquera persoa na páxina web do Sergas, polo que non entendemos algunhas afirmacións catastróficas da voceira de En Marea,

salvo que o que se intente neste momento sexa seguir mantendo a tensión na sanidade pública despois da aprobación da modificación da lei, seguindo nesa teima de facer a política na rúa e non facela nas institucións.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica do señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Señorías, respecto do que vostedes se empeñan en chamar «privatización de servizos sanitarios da EOXI da Coruña», quero aclarar unha vez máis que estamos a falar de concertos de asistencia sanitaria que veñen prestándose de xeito complementario aos servizos prestados polo Servizo Galego de Saúde desde hai décadas, desde antes das transferencias do Insalud. É dicir —como dixen ao principio—, que na Lei de 2008, de saúde, aprobada por unha conselleira do Partido Socialista, falábase de que a sanidade privada era complementaria da pública. E nas numerosas propostas que fixeron de modificación da lei, cando se negociou, pois disto non se falaba e non se quería cambiar. Polo tanto, non digamos o que non é certo.

Son servizos que complementan a oferta de actividade que se desenvolve desde centros propios e que supoñen unha porcentaxe reducida no total da actividade que se presta aos beneficiarios do Sergas na Coruña; centros, por certo, acreditados.

O Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada como instrumento de organización no ámbito periférico do Servizo Galego de Saúde, concretamente no artigo 5 do Decreto, regula as funcións e competencias das xerencias de xestión integrada. Entre outras, está a de xestionar todos os recursos da respectiva estrutura de xestión integrada para garantir a prestación dos servizos definidos na carteira de servizos, e propoñer á Xerencia do Servizo Galego de Saúde a subscripción e resolución dos concertos necesarios para cubrir a demanda asistencial no seu ámbito, responsabilizándose da xestión dos mesmos, de maneira que se adapte ás necesidades reais da poboación coa utilización eficiente dos recursos.

A prestación sanitaria realízase na súa maior parte con medios e recursos propios do Servizo Galego de Saúde, e en ocasións, para poder garantir a prestación de asistencia sanitaria, de óptima calidade e eficacia, a asistencia poderá ser prestada a través de centros sanitarios hospitalarios privados, ubicados na área de xestión da Coruña mediante contratos de xestión de servizos públicos e —como digo— en centros acreditados pola Inspección de Servizos Médicos.

Atendendo á necesidade de facilitar estes servizos coa proximidade necesaria, tanto en tempo como en lugar, aos pacientes e ao seu ámbito familiar, ás posibilidades e tempos de viaxe en transporte público, así como minimizar os eventuais inconvenientes relacionados con desprazamentos dos doentes, os centros sanitarios ofertados deberán estar ubicados dentro

da área correspondente ao ámbito territorial obxecto de licitación. Recentemente, o 16 de marzo, publicouse no DOG o expediente de contratación da asistencia sanitaria especializada. Instrumentalízase como acordo marco suxeito á regulación harmonizada para a selección de empresas e o establecemento das condicións que rexerán os contratos derivados del, de conformidade co establecido no artigo 196 e seguintes do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

O obxecto do acordo marco, o obxecto desta licitación, é a contratación da prestación de servizos sanitarios a pacientes protexidos polo Servizo Galego de Saúde da área correspondente á área da Coruña, mediante acordo marco, e fixando así todas as condicións ás que terán que axustarse os provedores de servizos sanitarios que se vaian seleccionar, os prezos unitarios máximos e o procedemento de adxudicación dos contratos baseados neste acordo marco.

As prestacións de servizos sanitarios levaranse a cabo no centro concertado en calquera das súas modalidades —procedementos realizados polos médicos do Servizo Galego de Saúde ou procedementos realizados polos médicos do centro concertado—, sempre no seu horario e cando non teñamos, por algún problema, dotación nese momento dun quirófano.

Os servizos asistenciais obxecto da licitación estableceranse tendo en conta as necesidades do Servizo Galego de Saúde, a utilización óptima dos recursos sanitarios públicos e as dotacións orzamentarias consignadas para estes efectos. A asistencia prestarase de acordo coa normativa vixente en cada momento, sen outras limitacións que as motivadas polas características técnico-sanitarias e o nivel asistencial do centro sanitario. A actividade obxecto do acordo marco comprenderá estadias, procesos médicos e cirúrxicos, consultas, cirurxía menor ambulatoria e outras actividades máis. E a licitación fraccionarase en función de criterios clínicos e funcionais de dous lotes: o lote 1, procesos médicos, procesos cirúrxicos e probas diagnósticas e terapéuticas, e o lote 2, hemodiálise hospitalaria.

Vixencia e prazo de execución. Está prevista unha duración para a celebración deste acordo marco de 48 meses, que é o prazo máximo contemplado pola lexislación vixente para os acordos marco. O acordo marco non será obxecto de prórroga. O estudo económico do acordo marco faise en función de dúas variables. Unha é a análise das tarifas, que son —como dicía o voceiro do Partido Popular— do ano 2012, que realmente son as de 2006 cun incremento unicamente, desde o ano 2006 ao 2012, do 1,4 % coa inclusión de novos procedementos; pero que desde o ano 2012 non houbo ningunha modificación. E, por outro lado, o gasto realizado no ano 2016 nos centros hospitalarios concertados na referida EOXI. Para a determinación das tarifas desta licitación traballouse —como dicíamos antes— nos concertos do ano 2006, actualmente vixentes na EOXI da Coruña, cos diferentes centros hospitalarios.

Tendo en conta que a contía global do acordo marco non se pode definir con exactitude no tempo da súa formalización, por estar subordinada á demanda dos servizos e ás necesidades reais do Servizo Galego de Saúde —non dos centros concertados— así como á duración do acordo marco, o valor estimado do contrato é de 97.497.296 euros, cun desglose que é o que é o orzamento da licitación, de 72.220.000, e as modificacións previstas —como digo, a requirimento das necesidades do Sergas—, de 25 millóns de euros.

O orzamento de licitación correspóndese coas previsións de servizos que se van realizar, coa seguinte distribución por anualidades —porque son anualidades, seis meses do ano 2018, e seis meses do ano 2022, por iso falamos de cinco anualidades—. Dividimos —como dicíamos antes— por lote 1, procesos médicos, cirúrxicos, probas diagnósticas e terapéuticas; e, por outro lado, a hemodiálise. En total, como dicíamos, esta é a cantidade de orzamento de licitación, e a outra son as modificacións previstas.

Os criterios de adxudicación son a oferta económica e os criterios técnicos —ata un máximo de 50 puntos en cada un destes apartados—. Menos mal que a portavoz do BNG dicía que partíamos de que antes estaba todo oculto e que agora hai transparencia, e por iso chama a atención. A verdade é que a transparencia existía anteriormente e do único que estamos falando é dun cambio normativo. Loxicamente, nós adaptámonos aos cambios normativos, como corresponde.

Desde logo, nos centros concertados facemos patoloxía, unha porcentaxe moi pequena de toda a patoloxía que temos no Servizo Galego de Saúde, e ademais a patoloxía menos complicada, menos importante desde o punto de vista de gravidade para o paciente, e, polo tanto, en centros concertados e cun criterio.

De todas formas, eu creo que a oposición tivo mala sorte neste día en plantexar hoxe unha comparecencia e mañá unha interpelación. E non foi porque non se sabía dunha e doutra. Sabíase perfectamente e quería facer ruído. Pero acaba de saír unha noticia sobre un informe da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública —que non é precisamente, eu creo, de carácter governamental—, cuxo titular di: «Galicia entre as comunidades con privatización sanitaria intermedia». Estamos con Andalucía, por exemplo, e estamos con Valencia, nese grupo. Non estamos nin con elevado grao de privatización nin con baixo grao de privatización. Pero tamén sinala este informe que baixamos catro postos desde o ano 2014 ata a actualidade. Do ano anterior, do ano 2017, ao ano 2018 baixamos dous postos. *(Aplausos.)*

O Partido Socialista di aquí que en Galicia estamos privatizando, e En Marea —que eu creo que a información que se deu ou é por descoñecemento ou por mala fe—. Están dicindo que estamos privatizando a sanidade, a atención sanitaria, cando estamos falando dunha porcentaxe menor e que a Federación de Sanidade Pública reconece que estamos no nivel intermedio, e aínda encima estamos baixando na privatización segundo os parámetros que eles estiman.

En canto á creación da categoría estatutaria de enfermería especialista, elaboramos unha norma, o Decreto 81/2016, do 23 de xuño, polo que se crea no ámbito no Servizo Galego de Saúde a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista, que dá resposta a unha necesidade específica, a unha demanda dos profesionais, e no que se chegou a un acordo sindical, reforzado e remarcado pola oposición, que di que é verdade que hai un acordo sindical en todo isto que estamos realizando nos temas de enfermería especialista.

Como xa lles dicía, a dotación de prazas faise de modo progresivo, de acordo coa planificación estratéxica da política de recursos humanos conxunta do Sistema público de saúde de

Galicia, planificando as necesidades e determinando o número de efectivos de persoal da categoría de enfermeiro especialista que poidan prestar servizos con carácter estrutural. Unha vez máis, o Goberno galego cumpre un dos obxectivos do seu programa electoral de 2016, que foi o de que dotariamos progresivamente de prazas de persoal de enfermeiro especialista e incorporariamos persoal titulado nas especialidades que demanden os cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde. Nós levamos un programa electoral porque sabemos que o podemos cumprir, e cumprímolo. Cumprímolo porque creamos a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista en enfermería no ano 2016, dotamos de prazas de enfermeiro especialista os cadros de persoal nos exercicios orzamentarios 2017 e 2018, cun total de 76 prazas, e incorporamos profesionais aos diferentes dispositivos asistenciais conforme os procedementos regrados de provisión, tanto con carácter provisional como definitivo. E, ademais, fixémoslo con pleno recoñecemento profesional e retributivo, e sen menoscabo das funcións dos restantes colectivos de profesionais.

Unha vez máis, o Goberno galego cumpre un dos obxectivos do seu programa, como dicíamos anteriormente, e cumprímolo porque creamos a categoría e porque dotamos de prazas de enfermeiro especialista os cadros de persoal.

Desde aquí quero expresar o meu agradecemento á Dirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería, a todo o equipo directivo, tamén ás xerencias, aos sindicatos, ás sociedades profesionais e, por suposto, aos profesionais da Consellería de Sanidade, por ese traballo e esforzo realizado para que hoxe poidamos recoñecer a implantación da categoría estatutaria de enfermeiros especialistas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Nesta comparecencia «dous en un» vou empezar outra vez polo da enfermería especializada. E, efectivamente, vou insistir en que estamos nesta situación pola pelexa constante do sector, especialmente polos representantes sindicais, que non se durmiron no tema e estiveron pelexando constantemente. Porque, se fora realmente polo ritmo da Consellería e do Partido Popular, non estaríamos neste punto, non estaríamos neste punto. E está ben que á forza de empuxar, esteamos aquí. Pero hai que recoñecerlle ao César o que é do César. E eu, dende logo, señor conselleiro, alégrome de que fora unha promesa do Partido Popular e de que a cumbran. Pero, como se despisten, acabou a lexislatura e aínda están coa promesa a medio cumprir, porque a están empezando a incorporar. Entón poñan un pouquiño as pilas e a ver se ao final da lexislatura conseguen estar a medias. Porque de momento están empezando a cumprir a promesa. Dígoos para que non se despiste, porque para pediatría e familiar e comunitaria quedan para o 2019. Lémbrollo, ¡eh! Dígoos por se, coa emoción e tal, se despista e pensa que xa ten os deberes feitos. Dígolles que quedan para o 2019. E, como xa se lle dixo aquí, no tema de matronas somos a comunidade autónoma co déficit máis impor-

tante. E en enfermería especialista en xeriatria somos a comunidade que menos prazas convoca. Dígoo para que non se emocione co de ser os primeiros e que tome unhas *notitas* e leve uns cantos deberes. E non se esqueza de ir ao Ministerio e dicir que faga esa convocatoria descentralizada das prazas EIR e que para os especialistas en Galiza se faga esa convocatoria canto antes. Dígoo para que non se emocione crendo que ten os deberes feitos.

E, mire, está ben que nese hábito que teñen de publicidade, propaganda e demais pretendan convencernos de que o que están facendo na EOXI da Coruña é o mesmo que xa había e que vimos aquí a preguntar por algo que non ten sentido. É que non é o mesmo que había, non é o mesmo que había, ¡non! Este contrato marco non é o mesmo que había. Non, é un paso máis froito desa lei de garantías que xa lle dá unha cobertura legal que non había antes. E vostedes insisten, porque está na literalidade deste marco, que é un contrato para pacientes protexidos polo sistema, pacientes aos que, dende logo, vostedes parece que non teñen ningunha intención de protexer. Porque este contrato marco é unha derivación, unha privatización, sen xustificación. Porque, mentres temos os recursos do Sergas infrautilizados, fan unha privatización realmente sen ningunha xustificación, e, mentres, temos recursos tanto materiais como humanos realmente infrautilizados. Podemos falar de quirófanos, que, a pesar de que hai acordo neste Parlamento de apertura pola tarde e demais, pois non o cumpren. E, mentres iso está así, resulta que vostedes fan un contrato marco por un valor de case cen millóns de euros para derivar á privada. Derivacións ao peso, ao peso, porque nese contrato resulta que hai puntuación do 50 % por número de camas, por sesións cirúrxicas con médicos do centro, por sesións cirúrxicas con médicos do Sergas... Con médicos do Sergas que se van derivar... ¿en que condicións?, ¿como?, ¿de que xeito?, ¿cal é o mecanismo legal?, ¿só persoal médico ou o resto do persoal?, ¿en que condicións vai estar o persoal do Sergas respecto do resto do persoal do centro?... Claro, ¿como teñen pensado establecer en todo iso o mecanismo? ¿Sen garantías? ¿Sen control? ¿Puntúa máis quen máis citas teña, quen teña máis consultas, quen máis cirurxías realice, quen máis sesións de diálise realice?... ¿Onde queda a calidade? É dicir, os criterios son o volume e o prezo; é dicir, prezo á baixa, volume... Dende logo, hoxe non dá tempo entrar nestas cuestións, pero, dende logo, pon os pelos de punta. Mobilidade do persoal, só facultativos... Dende logo, ao BNG preocúpalle moitísimo. Fíxenlle unha serie de preguntas que vostede non contestou, nin respecto do tema de enfermería —se se compromete aquí coas cuestións que lle preguntei, non dixo nada— nin respecto de se este vai ser o modelo para o resto das EOXI. Porque, dende logo, esta si que é a apertura da caza maior respecto do modelo de contratos de privatización, coa Coruña como punta de lanza.

Dende logo, eu dígolle aquí, sen ningún pudor, que o Sistema sanitario público galego está gobernado polos propios depredadores do sistema, por vostede, señor conselleiro, e polo Partido Popular, para destruír desde dentro o propio sistema público. Este tipo contratos e de acordos marco son a proba do nove de para que vostedes fan estas modificacións lexislativas: para desde dentro parasitar, para permitir a parasitación do sistema pola sanidade privada.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Teñen un teórico discurso de defensa do sistema público, mais a auténtica folla de ruta é poñerllo en bandexa á sanidade privada, pouco e pouco, ao principio

pinga a pinga e logo, agora, xa con estes contratos marco que empezan pola Coruña. De aí a importancia de que vostede viñera aquí a explicar se este vai ser o modelo e xa, en vez de contratos pequenos, empezar con estes contratos marco...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...e se esta vai ser realmente...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...a folla de ruta para o conxunto da sanidade pública do noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Creo que é necesario aclarar algunha cuestión que se plantexou aquí, sobre todo porque é importante que poidamos debater sobre as cousas que di cada un dos voceiros, que pode ter a mellor ou a peor das opinións, pode ser máis compartida ou menos compartida, pero é importante discutir sobre as cuestións que dicimos e non sobre as que alguén inventa que dicimos. E sobre todo porque non creo que sexa necesario poñer palabras na nosa boca que nós non dixemos. E tamén é importante non faltar moito á verdade.

Escoito que o PSdeG chega agora á especialidade de enfermería. E hai un ano o PSdeG xa votou a favor disto na Comisión 5ª. Hai un ano, si, o 23 de marzo. Na Comisión 5ª, o 23 de marzo, xa votamos a favor disto. Hai un ano xa votamos a favor da especialidade de enfermería. Está nas actas, non hai ningún problema, pode xogar outro café. O 23 de marzo, na Comisión 5ª. Nós non chegamos agora, xa o pediamos antes. O que dicimos é que o Goberno chega agora, un ano despois. E nós criamos que era unha boa idea antes e, polo tanto, cremos que segue sendo unha boa idea. O que dicimos é que chega tarde. E, polo tanto, ao chegar tarde e chegar apuradamente atropélanse cousas, pero non nos parece unha idea mala. O que nos parece é que está aplicada de maneira atropelada, e iso é o que dicimos. E planteamos algunhas dúbidas que teñen os profesionais. Incluso cando lle damos a razón ás veces pensa que lle estamos discutindo cousas. ¡Se a idea é boa! Nós estabamos a favor, vostedes tiñan algunha dúbida e agora están de acordo. ¡Perfecto, boa medida! Cremos que era mellor aplicala con máis tino, pero é unha boa medida. Se non, non dicimos nada. En realidade, ás veces dá a sensación de que nos discuten cousas coma se estiveramos nós comparecendo aquí, que non é o caso.

Facer política na rúa ou nas institucións... É curioso o de chamar á política nas institucións e poñer o exemplo da Lei de saúde. Porque, cando propuxemos que o conselleiro comparecera aquí sobre a Lei de saúde, aquel que dixo agora aquí, hai dez minutos, que nós queriamos

facer política na rúa e non nas institucións, cando tivo a oportunidade de votar sobre a comparecencia do conselleiro, votou en contra. Claro, chamar a facer política nas institucións e logo vetar comparecencias é moi fácil.

Sobre a concertación co sistema privado nós cremos que é un recurso, e é unha necesidade puntual. E claro que é un complemento. O que non é é un valor engadido, e niso discrepamos. Pódese discrepar con naturalidade. Eu recoñezolles a posición que teñen vostedes, que consideran que é un elemento estrutural do sistema. E nós non, cremos que é un elemento que hai que utilizar mentres un non ten a posibilidade de facelo dende o sistema público. Pero non pode dar valor engadido, non podemos defender que o sistema privado dá valor engadido. Porque o sistema privado acaba converténdose en estrutural e non en excepcional, como di o Consello de Contas, e nós tamén. E acaba converténdose nun privilexio e non nun servizo público. É que nós —fíxense que ousados— defendemos que o sistema sanitario debe ser un servizo público. Un servizo público iguala e cohesiona, e o sistema privado non, a pesar de que se utilice dende o sistema público. Por exemplo, entre outras cousas, porque non garante a mesma calidade asistencial —como xa llelo di o Consello de Contas, nin sequera o dicimos nós, que tamén—. Non garante a mesma calidade asistencial porque non se lle exixen os mesmos mecanismos de control. Polo tanto, a partir dunha necesidade asistencial estamos xerando dous tratamentos distintos. Iso debe ser excepcional pero non estrutural. E iso é o que nós defendemos. E o que cremos é que a evidencia das alteracións constantes dos orzamentos poñen de manifesto que non.

Nós non dicimos, non dicimos hoxe, que este é un sistema para demonizar a sanidade —ou non sei que palabra utilizaron—. Nós o que dicimos é precisamente iso, que hai alteracións constantes nos orzamentos, e que, polo tanto, é máis difícil controlalos. E iso fai que os orzamentos sexan absolutamente ineficientes, e, ademais, son mentira.

Pero, fíxense, di o Consello de Contas: «O documento orzamentario presenta unha limitada capacidade como instrumento de previsión e control do gasto» —volveuse maoísta agora o Consello de Contas—. «Non só existe unha permanente insuficiencia estrutural dos créditos iniciais para dar cobertura ás obrigas de cada exercicio, senón que se recorre de forma periódica a xerar gasto que excede as consignacións orzamentarias.» Basicamente, que se alteran con demasiada facilidade e de maneira demasiado sistemática os orzamentos para incluír partidas que non estaban, para cubrir necesidades que, sabendo que van ocorrer —porque ocorren todos os anos nas mesmas partidas—, se orzan mal a propósito para poder xogar co truco de dicir que se paga pouco nunhas partidas, aínda que logo as incrementemos practicamente nun terzo delas outra vez en termos porcentuais.

E isto é o que pasa cos orzamentos, que se están incrementando nas partidas nas que se quere presumir de que se gasta pouco —porque se gasta moito máis—. E despois pasa que temos uns orzamentos que están sistematicamente aumentados, tendo que retirarlles cartos a outras consellerías. Iso é ineficiente. Porque, aínda que o saiban dende o principio, é ineficiente para controlar o Goberno. Xa sei que vostedes cren que a arte de ocultar é unha arte política. Pero non, a transparencia é unha arte política; a ocultación, non. Xa sei que vostedes consideran que iso é unha marabilla, pero non é así.

E, ademais diso, o que fai é que fai ineficiente o sistema, porque hai que estar tirando de recursos, de técnicas orzamentarias un pouco difusas —ou que non son a mellor técnica orzamentaria, como se dixo aquí algunha vez sobre outra cuestión—, para utilizar o sistema dunha maneira un pouco retorcida e que non sexa posible controlalo. E iso é o que demandamos.

Creemos que é necesario ser máis transparente. E, ademais, todas estas transferencias acaban sempre quitándose de servizos públicos para acabar en concertación cos servizos privados. Unha vez pode ser casualidade, dúas pode ser que tamén. Pero con algunha titulación en estatística pódese dicir que unha tendencia tan clara non é casualidade, é intención. E vostedes retiran dos servizos públicos para acabar pagando concertos coa privada, e iso é o que nós non defendemos. Innovación educativa, prevención de incendios, comedores escolares..., case un 5 % do orzamento de servizos públicos. E acaban pagando concertacións coa privada.

E non poden dicir aquí que están gastando unicamente o que din os orzamentos iniciais, porque lles di o Consello de Contas que o que poñen nos orzamentos iniciais é mentira, que é sempre moito máis. E é o que nós defendemos e, ademais, é o que din os propios datos que saca a Consellería de Facenda, salvo que a Consellería de Sanidade e a Consellería de Facenda teñan tan mala relación que unha estea enganando e emitindo datos falsos á outra, que agardamos que ata tal punto aínda non cheguen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bueno, política para *dummies*, unha breve explicación: nas comparencias, vostede comparece, fala. Nós escoitamos e logo preguntamos e vostede responde. Non é que compareza vostede, escoitemos e vostede non responda. Porque, se non, non serve de nada que vostede veña aquí. Para iso limitarémonos ás notas de prensa, a ler as notas de prensa da Consellería.

Dígoo porque non respostou nada. A min si me interesa o tema da especialidade de enfermería, e temos un problema porque, evidentemente, eu xa dixen: benvidas sexan as prazas que convocan, pero son totalmente escasas. E a min gustaríame que vostede dese unha resposta sobre que facemos coa ausencia de matronas na provincia de Ourense e no resto do Servizo Galego de Saúde, señor Almuíña.

Temos un problema, porque é certo que hai un fito histórico no Sistema Nacional de Saúde e tamén no Servizo Galego de Saúde, algo que se fixo ben, que foi a redución das cesáreas, por exemplo. Era un problema que tiñamos. Seguen por riba do indicado pola Organización Mundial da Saúde. Pero, a cambio, ¿que sucedeu? Unha instrumentalización dos partos, a indución ao parto, non só a instrumentalización senón tamén a indución. En Vigo está nun 40 %, e é unha barbaridade. A OMS recomenda, como máximo, un 15 %. Faltan matronas, díganos que van facer, porque hai 84 prazas vacantes. Non fixo vostede referencia.

En enfermería do traballo tampouco respostou nada, e en enfermería pediátrica. A min gustaríame saber que papel ten que xogar —e en que centros van ser esas dúas prazas— a enfermería do traballo nunha situación na que se teñen incrementado os accidentes laborais con situación de morte e na que, ademais, temos un problema de ausencia dunha catalogación dos riscos no posto de traballo. Iso témolo trasladado noutras ocasións.

En saúde mental, ¿que pasa con esa ausencia de profesionais suficientes e con esa mobilidade, dentro das propias unidades, cara a outras unidades que non son de saúde mental?

E a min interésame —e moito, sinceramente— a súa posición respecto da enfermería xeriátrica. Non temos aplicación, o Ministerio só saca 21 prazas para EIR e temos unha situación de avellentamento poboacional que temos discutido aquí en moitas ocasións, en referencia á demografía. ¿Vostede non ten ningunha opinión? Eu espero que si, sinceramente, e podería trasladarlle á ministra de Sanidade e, de paso, dicirlle tamén que non contrate, por favor, ou que non leve para o seu gabinete persoas imputadas por presunto homicidio imprudente. (*Aplausos.*)

E, señor Almuíña, evidentemente mañá imos ter unha interpelación, pero eu creo que xa vostede non engana a ninguén. Eu reitero que administrativamente hai diferenzas entre as distintas modalidades contractuais, e o que están facendo é unha privatización. Están vostedes facendo un contrato con empresas privadas para dar asistencia sanitaria. E, por certo, son catro anos porque non podían máis, porque é o máximo que lles permite a Lei de contratos do sector público. Se non, evidentemente, peor sería.

E, ¡home!, está moi ben que a vostede lle gusten os informes da Asociación Galega en Defensa da Sanidade Pública, e da Federación de Asociacións, neste caso. Eu convidoo a que lea todos, e tamén, evidentemente... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, pero a Asociación Galega pertence á Federación, que é a que proporciona os datos, como vostede supoño que xa saberá, porque evidentemente non é un ignorante. Pero recoméndolle que lea o resto de informes, de notas e de denuncias, incluída a que denuncia esta privatización da que vimos falar tamén hoxe na comparecencia, na que vostede non respostou ás preguntas que lle fixemos.

A min gustaríame que nolo aclarase, porque o imos falar tamén mañá no prego de prescricións técnicas da contratación, que fala, efectivamente, de procesos cirúrxicos con facultativos do Servizo Galego de Saúde. ¿Isto que é? Ou sexa, estannos dicindo continuamente que non hai profesionais suficientes, que temos un problema, que non se poden contratar porque non hai. E agora resulta que os imos mandar á privada a facer o traballo que deberían facer na pública. E ¿onde queda a Lei de incompatibilidades? ¿Por onde se pasan vostedes a Lei de incompatibilidades? ¿Cales van ser as condicións nas que se deriven os profesionais? ¿É ou non é mobilidade forzosa, señor Almuíña? Só hai que ler os pregos, de verdade é que, realmente... E logo o relatorio de probas, de consultas, de cirurxías, é interminable. Isto é unha privatización. Claro que están os pregos e que se poden ler, evidentemente. E por iso nós traémolo aquí, e parécenos un escándalo, de verdade.

Vostede falaba de que o van facer sempre no seu horario. ¿Que me está dicindo? ¿Dime que os van retirar no seu horario de traballo na pública para levalos á privada? ¿Ou estame di-

cando que van facer horas extra? Aclárese, porque aquí non está e creo que aos sindicatos lles interesa bastante. Creo que si, porque o que están facendo, evidentemente, non só é unha privatización senón pisar por riba da negociación colectiva e das mesas de contratación e de negociación. Non sei, é un contrato de servizos e, evidentemente, un contrato con empresas privadas. Queda bastante claro dentro dos pregos de cláusulas administrativas tamén, señor Almuíña.

E por máis que insista vostede, isto nin é normal nin é axeitado. Indicáballo tamén o voceiro do PSdeG. É un elemento que nós traemos sempre circunstancialmente e sempre de maneira estrutural aquí, porque é moi importante. Vostedes non cumpren co Consello de Contas, non hai nin sequera informe de fiscalización da EOXI da Coruña. ¡Como vostedes fan este tipo de contratos se non teñen nin sequera informe de fiscalización! Isto ¿que é? De verdade, sinceramente...

Non me queda máis tempo e vou rematar. Evidentemente, escoitaremos a ver se responde algo. Temos mañá esa interpelación e a min —insisto— gustaríame saber que planificación teñen vostedes para enfermería xeriátrica, matronas e o resto de enfermería no noso país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Mire, conselleiro, as matemáticas non enganan. Se vostede divide 72 entre catro, dá 18. E 18 millóns de 662 do orzamento previsto é o 2,7 % do total —non o di vostede, dígoo eu—, co que se financia ese suposto ataque brutal sen precedentes á sanidade pública, que relataba a señora Solla diante dos medios de comunicación na súa rolda de prensa.

Desde logo, se con estas cantidades, señor conselleiro, son vostedes capaces de facer todo o que dixó aquí a señora Prado que se facía na privada, a min non me queda máis que felicitalos (*Aplausos.*), porque, desde logo, do grao de eficiencia non temos ningunha dúbida. Aínda coa cantidade total do contrato e as modificacións, estaríamos a falar do 3,5 % do orzamento da área sanitaria da Coruña. Señoría, eu penso que son moitos ruídos para poucas noces. Eu creo que fan demasiado ruído.

Vostede vén de referir, señor conselleiro, a situación en canto a infraestruturas, persoal, orzamento, poboación atendida pola Xerencia de Área da Coruña. Describiu vostede as melloras en atención primaria, incluídos os novos centros de saúde construídos, o plan director do CHUAC —32 millóns de euros—. Fixo públicos datos de actividade desenvolvida con medios públicos e tempos de espera.

Xa lle dixen antes, señor conselleiro, que as cifras e os datos aquí non teñen importancia para os grupos da oposición, non serven. Non perda o tempo en insistir que co Bipartito, co

Goberno bipartito, se gastaban 11 millóns de euros máis en concertada que agora, porque, total, non lles interesa escoitalo, non o van escoitar.

Ata a nova progresista lei de saúde valenciana, aprobada estes días —por certo, cun trámite moito máis reducido que a lei galega, moito máis reducido que a lei galega—, contempla a colaboración da sanidade privada como complementaria da asistencia pública. Escoitando algunha intervención neste hemiciclo, señorías da oposición, parecería que deberían prohibila nesa lei. E ¿por que non o vai facer un goberno progresista de esquerda, socialnacionalista? Seguramente porque son conscientes, como foi no seu momento o Goberno bipartito, da necesidade desta actividade colaborativa da privada na asistencia sanitaria a súa cidadanía.

Pero aínda temos exemplos máis sorprendentes, señorías. Dun goberno ultraprogresista, con consejeros socialistas e de Unidos Podemos, o Goberno de Castela-A Mancha, temos esta noticia —*Redacción médica*—: «*Sanidad licita la detección del cáncer de mama por 14 millones de euros*». Noticia de la Junta —de la Junta de Castilla-La Mancha, por supuesto—: «*El Consejo de Gobierno aprueba una inversión superior a los 14 millones de euros destinada al programa de detección precoz de cáncer de mama*». Noticia —non é do PP— de *El digital CLM*: «*Castilla-La Mancha aprueba 14 millones para el programa de detección precoz de cáncer de mama*».

¿Imaxinan vostedes o que dirían algúns destes en Galicia? ¿Imaxínano? Eu creo que non dirían iso.

Licitan este contrato do programa de detección precoz... Por certo, supoño que non será unha iniciativa de dona Inmaculada Herranz, consejera de Podemos no Goberno de Castela-A Mancha, que es consejera de Coordinación del Plan de Garantías Ciudadanas. Eu penso que ter unha conselleira con ese nome e aprobar esta privatización é *fuerte*. (*Aplausos*.) E privatízase para as provincias de Albacete, Ciudad Real, Cuenca, Guadalajara y el área sanitaria de Talavera de la Reina, porque neste mesmo confidencial din que Toledo ten «o servizo internalizado no hospital». Ou sexa, internalizar, externalizar, privatizar. É dicir, onde gobernan os partidos socialistas e En Marea privatizan programas de detección de cribado do cancro.

Ben, eu teño que pedir desculpas á bancada da esquerda porque me equivoquei. Non privatizan, volvo repetir que externalizan. (*Murmurios*.) É que me equivoco sempre, dáme a sensación de que estou... Equivócome sempre, síntoo moito... (*Murmurios*.)

Desde logo, eu non fun quen de encontrar esta nova en ningún periódico destes que sempre están alaraqueando da privatización do Partido Popular. Non fun capaz, e reviseinos, revisei algúns que falaron moito, por exemplo, do tema da Coruña.

Tamén me gustaría saber como é posible que o Goberno galego sexa o adañ das privatizacións e acabe de saír un informe que di que Euskadi e Galicia son as dúas únicas comunidades autónomas que diminuíron o número de traballadores na sanidade privada. Entre o ano 2015 e 2016 son as dúas únicas de todas. Por exemplo, Cataluña incrementounos en 2.297; Madrid, en 2.291; e Andalucía, en 1.205, ten 1.205 traballadores máis na privada entre o ano 2015 e 2016 e Galicia resulta que ten 180 menos; é unha cousa curiosa de privatización. Desde logo, non parece encadrar moito ningunha destas cifras coa constante referencia á privatización que están a facer.

Mire, señor conselleiro, isto da Xerencia da Coruña é unha falacia máis dos grupos da oposición, é un acordo marco para establecer baremos de atención de consultas, probas, cirurxías e hemodiálise en centros concertados, como complemento da sanidade pública. Baséase nun estudo de tarifas do ano 2006, revisadas no ano 2012; creo que subiron o un e pico por cento, e do total do gasto realizado no ano 2016 nos centros da Coruña, e os baremos son similares aos do ano 2012. A cantidade, como xa dixen, é estimativa, e non obriga a Xerencia a contratar nin aboar ningunha cantidade determinada de cartos nin servizos.

E, ao final, o que dicíamos antes, señor conselleiro: son fogos de artifício, porque xa se aprobou a modificación da lei e hai que tirar de algo para que a xente pense que as cousas son como cren algúns.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Peche desta comparecencia, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que non hai moitos argumentos. En ningunha das dúas comparecencias vin que houbera argumentos por parte da oposición para poder atacar o Goberno da Xunta.

Di a portavoz do BNG que «sen pudor». A verdade é que é certo: o que presenta aquí é «sen pudor ningún», sen ningún dato, absolutamente nada.

Na comparecencia en que falamos da enfermería especialista, o problema era que imos moi lentos, nos pregamos ao Ministerio e vimos aquí presumir. Non. Vimos informar a poboación do que estamos facendo, porque levamos traballando moito tempo nisto, e agora está materializada, e temos moitos datos e presentamos moitos datos aquí, señora Solla, moitos datos, todos os datos de prazas que imos presentando. E non falamos por falar, senón que presentamos e o publicamos no DOG, e loxicamente imos seguir publicando, presentando prazas, porque creo que é o que hai que facer.

E dicía o portavoz do Partido Socialista que hai un ano votaron a favor; nós hai dous que aprobamos o decreto, que loxicamente levaba moito tempo traballado. Levamos algo diferente.

Por certo, dedicoulle, entre os dous turnos, dous minutos a falar da enfermería especialista. Iso indica que ou facémolo moi ben ou non hai moita proposta que comentar hoxe aquí.

Creo sinceramente que avanzamos, avanzamos de forma seria, e a idea de que podíamos ir máis rápido, seguramente si, pero, se imos por diante de todos os sistemas de saúde de España, creo que tamén é importante. E podémolo facer tamén, porque, á parte, temos o persoal, os profesionais. Tamén temos proxectos de tecnoloxía: o expediente electrónico, o proxecto Fides, que permite precisamente as valoracións de todos os expedientes de forma

rápida e áxil e que poidamos ter non só rexistro de todas as prazas, senón tamén os méritos dos profesionais que temos aí, poder facer os concursos abertos e permanentes. E outros moitos sistemas.

Ademais, nós, nas OPE, a diferenza doutras comunidades autónomas, son OPE que aparecen todos os anos, mentres que noutras hai bastantes anos que non presentan OPE.

E, dende logo, creo que en enfermería pediátrica apostamos loxicamente, porque entendemos, como dicía ao principio, que a enfermería é fundamental como piar de moitas especialidades, especialmente da pediatría, e dende logo da cronicidade. E a cronicidade non só é a de xeriatría, que tamén, senón tamén a atención primaria, porque queremos, dende logo, que o ámbito de atención primaria sexa o que de forma máis importante leve a atención a estes pacientes.

Sobre a suposta privatización, miren, hai un feito claro —igual non deu tempo a estudalo—, pero o que hai é un cambio na normativa trasposta da Unión Europea. Antes chamábase contrato de xestión de servizos públicos e agora chámase contrato de concesión de servizos públicos, e establécese un acordo marco transparente, como tamén o recoñecen todos os portavoces. A portavoz do BNG dicía que antes había escurantismo e agora, como é transparente, pois agora pódeno ver. Pois eu creo que era transparente antes e é transparente agora, pero dende logo está por iso.

E dicían tamén que isto, como dixeron, do tema de garantía de tempos máximos —tamén das comunidades que temos unha garantía de tempos máximos e que o cumprimos—, era para incrementar a privada, e aquí xa se estaba vendo. Non, precisamente é todo o contrario. Hai unha garantía de tempos máximos que cumprimos, que cumprimos cos recursos propios, porque aos concertados, evidentemente, levamos unha parte das cataratas e patoloxía —digamos— de menor gravidade. Pero a patoloxía máis complexa realizámola sempre cos nosos métodos, co noso sistema, cos nosos profesionais.

Imos ter tempo mañá de seguir falando. Como evidentemente é un tema de ter máis argumentos, de facer unha comparecencia e unha interpelación en vinte e catro horas, pois non hai problema. Seguiremos falando diso, porque dende logo o que facemos é un exercicio de transparencia e dende logo de facer unha xestión eficaz dos recursos. Como dicía o portavoz do Partido Popular, falamos dun 2,7 % do total do orzamento da EOXI da Coruña dedicado a isto. Como dicíamos, anteriormente, na época do Bipartito, había máis cartos dedicados a concertos e aínda encima o presuposto global non era superior.

Nós imos seguir traballando —como digo— en mellorar a calidade de servizo sanitario, creo que temos campo para facelo, e dende logo non vimos presumir, vimos simplemente presentar e dar información e —como digo— con total transparencia.

Un aspecto do que si non quería deixar de falar é que tamén me vou cunha sensación eu creo que positiva: é a primeira vez que os partidos da oposición din que en sanidade non hai recortes, que gastamos máis do que orzamos. É certo, é certo. En sanidade é así, e dende logo creo que a sensibilidade que ten o Partido Popular, o Goberno da Xunta de Galicia, coa sa-

nidade fai que isto sexa así. *(Aplausos.)* Creo que non debería ser utilizado como algo negativo, senón como positivo. Dende logo, a sensibilidade do Goberno da Xunta é especialmente coas políticas sociais e dende logo coa sanidade.

Moitas grazas.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde, dezaseis horas. Podiamos vir antes, pero ímolo deixar aí agora. Imos vir ás catro e xa está.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e dous minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión, co punto terceiro da orde do día: mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, así como de atención ás persoas dependentes

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

Para formular a moción ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidente.

Estabamos agora bromeando precisamente sobre unha cuestión que tamén vén nesta moción, que ten que ver cos horarios e co tarde que rematamos moitas veces os plenos e coa necesidade global de reformular o xeito en que vivimos a nivel de horarios e a nivel de corresponsabilidade nas tarefas do fogar. E diso vai esta moción: vai da vida.

Presentamos unha serie de medidas que teñen que ver con conciliación —como dicía— e con corresponsabilidade, porque sen corresponsabilidade real non vai rematar por haber igualdade. E sen conciliación —ou o que chamamos nós socialización dos coidados, en poñer a vida no centro e centralo na vida— pois non poderemos ter unha sociedade sa.

Conciliar hoxe, como saben, é un verbo inconvencional para moitas familias, especialmente, especificamente para as mulleres. Hai un estudo recente da USC a familias con menores escolarizados en primaria no que se indica que case 6 de cada 10 familias galegas afirman ter dificultades para conciliar. Problemas que teñen que ver tanto co tipo de horarios —como dicíamos— como coa falta de servizos públicos. E, por certo, é curioso que neste estudo o 80 % das persoas que responden á enquisa son as nais ou as titoras, son as mulleres quen

máis se ocupa tamén de responder a unha enquisa sobre os seus fillos e fillas; isto tamén é significativo. Pero, ademais, este e outros estudos confirman o impacto negativo que tivo a crise económica nas posibilidades de conciliación. Tamén aquí é sabido que aumentaron a desregulación horaria e a inseguridade laboral e, conseguintemente, tamén a falta de posibilidades de conciliación.

Sabemos que nesta iniciativa imos estar de acordo todos os grupos nos obxectivos teóricos, imos estar de acordo, e así se ve plasmado nese Plan de conciliación presentado. Sobre o papel estamos de acordo. Estamos de acordo en que é fundamental unha repartición responsable das tarefas de coidados para garantir a igualdade no emprego e eliminar a penalización que a maternidade impón no mercado laboral. Parece que chegamos a un consenso neste punto, pero, claro, a plasmación sobre o papel é unha cousa e a realidade é outra. Porque, aínda que estamos de acordo en que para garantir a conciliación dos tempos de vida profesional e familiar cómpre atallar todos estes problemas, é algo que tamén require, por suposto, de desenvolvemento pleno dos servizos sociais públicos. E nisto último penso que xa non estamos tan de acordo.

Pero, aínda estando de acordo non só en elementos do que é a descrición do que sucede e tamén na diagnose e nas causas profundas desta situación, desta persistente desigualdade de repartición dos tempos de coidado entre homes e mulleres —podemos ler incluso frases textuais dese Plan de conciliación—, estamos mesmo de acordo na necesidade dun cambio cultural e estamos mesmo de acordo en que a tradicional división sexual do traballo, que dificulta o acceso á permanencia e á progresión das mulleres no ámbito laboral —que é a orixe e causa da denominada dobre xornada—, estamos de tamén de acordo nisto e plásmase no Plan.

Como dicía, esas frases non son nada, porque tamén responden a causas complexas estruturais, que penso que non todas e todos estamos co mesmo obxectivo de abordar. Porque o problema tamén é un sistema capitalista que se alimenta da desigualdade en todas as ordes, tamén no que explicabamos continuamente aquí, nesa división sexual do traballo, tanto na esfera reprodutiva como na esfera produtiva.

Pois ben —como dicía—, estando de acordo en parte na diagnose e nos obxectivos teóricos, na práctica é onde atopamos a diverxencia. Precísanse, por suposto, non só compromisos orzamentarios —execución real e completa dos mesmos—, senón eliminar tamén situacións de discriminación inaceptables por maternidade nas empresas, pero tamén en entidades que teñen que ver coa propia Administración pública. Isto témolo proposto en numerosas iniciativas e emendas, pero, especificamente, no ámbito das súas competencias, pois poderían, por exemplo, evitar os atrasos na valoración do risco de embarazo das traballadoras do Sergas, ou legislar para evitar a penalización por maternidade das investigadoras, que é algo que En Marea ten posto sobre a mesa neste Parlamento, a respecto do que ten que ver co caso de María de la Fuente, unha investigadora á cal no caso das avaliacións dunha beca de investigación computóuselle o tempo de maternidade e crianza como tempo efectivo de produción, algo que a deixaba en desigualdade con respecto a quen non se acolleu a ese dereito que é o permiso por maternidade. Así pois, teñen vostedes na man tamén incorporar cláusulas de non discriminación polo exercicio dos dereitos laborais recoñecidos que por maternidade temos, como se fai en Europa.

Pois ben, tamén cómpre pasar dos desexos aos feitos nas cuestións dos plans de igualdade. Témosto falado en numerosas ocasións: non se cumpre efectivamente a Lei de igualdade; é unha PNL que tamén teremos ocasión de debater durante este pleno. Nalgunha das nosas medidas que propoñemos figura integrar a sociedade civil, colectivos feministas e expertas independentes, no deseño e desenvolvemento dese Plan de corresponsabilidade e conciliación que teñen presentado. Segue vixente a nosa petición, e segue vixente —como explicarei logo— porque unha emenda que nos traslada o Partido Popular vén indicar que este plan se sacou sen diálogo. E, polo tanto, segue vixente esa necesidade de incorporar a sociedade na redacción e no impulso de medidas de conciliación. Ademais, porque o propio documento fala de que é un documento aberto.

Outra das medidas que propoñemos —son dúas medidas que van no mesmo sentido: na necesidade de ter unha elaboración estatística e de difundir esta información— é a de contabilizar o valor social e económico do traballo reprodutivo no noso país e tamén facer un estudo sobre a repartición de tempo nas tarefas do fogar en Galiza. E falamos dun horizonte, poñemos un horizonte antes do remate do 2018; pensamos que é mellor poñer un horizonte temporal máis que deixalo en desiderátum, como queda no Plan de conciliación.

É fundamental contabilizar o traballo de coidados. Como xa dixemos na interpelación, os estudos máis timoratos falan de que pode estar rozando o 50 % do PIB de cada país. É evidente o valor económico dos coidados, pero é que o valor non se contabiliza en termos monetarios, e, aínda que o fixeramos, aínda que aplicáramos esa metodoloxía, o valor ten que ver coa importancia de reproducir a vida; é un elemento fundamental.

Así pois, outra cuestión que propoñemos en materia de orzamentos, xa que —como dicíamos— todas estas medidas deben vir acompañadas dunha translación monetaria, é aumentar tanto os fondos en programas de conciliación e corresponsabilidade como os programas de emprego feminino e como elevar o investimento en funcións de familia e infancia ata acadar a media da eurozona. ¿Por que sempre nos referimos a isto? Porque é crónica a pobreza orzamentaria do Estado español en materia de servizos sociais, tamén en Galicia.

Esta función á que nos referimos, familia e infancia, é especialmente deficitaria. Podemos comparar o gasto público destinado a esta función, que está ao redor do 1,1 % do PIB en Galicia, e que xira ao redor... Perdón, estoume liando —debe ser tempo deste momento de sobremesa—. Decía que os Estados europeos teñen un maior investimento en familia e infancia, e calculando este Plan de conciliación e corresponsabilidade, calculando en función do PIB para 2018, quedamos aínda nun 0,35 %, cando a media dos Estados nórdicos, que moitas veces situamos como o noso horizonte, está ao redor do 3 %. Temos aínda moito que mellorar.

A isto engádenselle tamén os escasos fondos para programas de conciliación e igualdade no eido local, que é un eido onde fundamentalmente se poden aplicar políticas de igualdade en contacto coa sociedade.

Ou poñamos tamén sobre a mesa os datos da execución orzamentaria de 2017. Dos programas de acción para a igualdade, protección e promoción da muller deixaron sen executar un millón e pico de euros.

¿Que falar —como sempre dicimos— de que se deixen de financiar os colexios que segregan por sexos? Estamos dando unha mensaxe social de que é lícito segregar por sexos, e a nós realmente non nos estraña, vendo ese rearme da España rancia de cánticos á morte en que mesmo ten presenza un ministro de Educación, o cal é un escándalo.

Tamén propoñemos aumentar os permisos por nacemento e adopción para o persoal público, non só aquí —tamén presentamos unha proposta de lei neste sentido—. Porque aínda cómpre moito camiño para chegar á media —como dicía— deses Estados europeos que teñen moito máis tempo de permisos de maternidade e paternidade. E nós presentamos esa proposta de lei no camiño de que se garantan dereitos a título individual. Iso si, estes permisos deben tamén combinarse cun elevado índice de cobertura de prazas públicas nas escolas infantís. E nós aquí sempre poñemos a necesidade de que sexa unha rede pública. Falamos de rede pública, algo, por certo —esta palabra, «pública»—, que no Plan de corresponsabilidade e conciliación pois parece que se lles escapou. Cando falan de ensino infantil de 0 a 3 anos, si mencionan ese Bono Concilia, que fomenta trasladar ese modelo de ensino concertado ao ensino infantil, pero non mencionan a palabra de rede «pública» de ensino infantil, polo menos na medida específica.

Todo isto tamén vén relacionado coa necesidade de aumentar os fondos en xeral para políticas sociais. Dado que as mulleres asumimos este rol de coidados —asumimos o coidado da infancia maioritariamente e tamén o coidado de persoas dependentes—, cómpre elevar o investimento e trasladarlle ao Estado a necesidade de que se cumpra coa lei e que se eleve o investimento en dependencia. E tamén recuperar a cotización das persoas coidadoras de dependentes no contorno familiar, que fundamentalmente son mulleres. Retirar o pago da cotización á Seguridade Social supuxo que seguisen traballando, efectivamente, pero sen cotizar, moitas mulleres, fundamentalmente, sobre todo, maiores de 55 anos.

En fin, o recorte do Estado social —tamén a crise no que ten que ver co laboral— prexudicou especialmente as mulleres. E neste sentido presentamos unha proposta que, aínda que vai de conciliación e corresponsabilidade, vai tamén de igualdade, porque somos as mulleres as que máis asumimos estes roles.

Agardamos que este trámite parlamentario sexa positivo, pero, sobre todo, agardamos que os compromisos plasmados sobre o papel, nos que estamos de acordo, sobre o papel —ese Plan de corresponsabilidade e conciliación—, teñan execución real. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas.

Todos os indicadores e datos que referencian o tempo dedicado ás tarefas do fogar —como se dicía— e os coidados doutras persoas amósannos unha desigual dedicación de homes e

mulleres a estes labores. Recaen nas mulleres a maior parte das tarefas e das responsabilidades de coidado, non só das crianzas, tamén das persoas adultas dependentes ou con algunha discapacidade. Neste contexto cómpre levar a cabo dous tipos de accións: pór en valor o traballo non remunerado, como peza chave do benestar das persoas, e levar a cabo unha redistribución das tarefas entre todas aquelas que conforman ou fan parte do mesmo núcleo familiar, facendo posíbel que as mulleres teñan/teñamos máis tempo para dedicar á nosa vida persoal e laboral. O uso democrático do tempo por parte de mulleres e homes —porque isto é unha cuestión de dereitos fundamentais— é aínda materia pendente. (*Aplausos.*)

Eu non sei se lle soa a alguén isto. É a introdución do I Plan de corresponsabilidade da Xunta de Galiza e foi aprobado hai once anos. E lembro isto hoxe porque levamos desde o 7 de marzo oíndo, escoitando anunciar a bombo e prato a aprobación do I Plan de conciliación, e é mentira. (*Aplausos.*) É falso. Aprobouse no ano 2007 e contemplaba medidas encamiñadas a cambiar os papeis e a rachar con estereotipos sociais cara a unha maior sensibilidade e sobre todo cara a unha mudanza na mentalidade colectiva. Entre outras cuestións, prevíanse campañas e obradoiros especificamente dirixidos aos homes, porque eles/vostedes son algunhas das persoas que máis mudanzas van ter que asumir. Incluía máis prazas na rede de escolas infantís públicas, máis prazas nos centros de día, formación específica dirixida á mocidade tanto no ensino regrado como a través de obradoiros, o desenvolvemento de servizos comunitarios e redes de apoio social para o coidado, por exemplo a través da creación de bancos de tempo ou a través de programas de voluntariado. Eran 63 páxinas —aínda consultables, están na páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade— con medidas concretas que, se o PP non tirara ao lixo no ano 2009, terían contribuído —e moito— a avanzar durante a última década na corresponsabilidade e na conciliación como elemento chave tamén para acadar esa equidade social entre mulleres e homes.

Pero eu non sei se foi sectarismo político ou desleixo político absoluto neste ámbito que nos trouxeron vostedes ao punto no que estamos hoxe. E é que lonxe de termos aproveitado esa década e eses últimos once anos para avanzar o máis mínimo, como reflicten, ademais, os datos oficiais que se recollen nese plan aprobado polo Consello da Xunta a pasada semana, vemos que non só perviven roles, non só perviven estereotipos de xénero, senón que se reproduciron e afortalaron condutas, comportamentos machistas e unha división sexual do traballo que nos reprega as mulleres a asumirmos en exclusiva o traballo reprodutivo e de coidados.

Desde o BNG —ademais desta nota aclaratoria, se mo permiten, e de lembrar que temos perdido moito tempo cando había moito traballo feito para podermos avanzar colectivamente como sociedade cara a unha sociedade máis xusta, máis equitativa por razón de xénero— imos apoiar a moción que presenta e defende hoxe En Marea, á que achegamos unha emenda para concretizar dúas cuestións. A primeira, pola contía que endebeda o Estado español con Galiza en materia de dependencia. Témololo falado e denunciado desde o BNG moitas veces, 150 millóns de euros que non foron aportados até o de agora. E lembrarlles, tamén, a esas institucións españolas que en materia de dependencia teñen que asumir o 50 % do investimento. De feito hai un acordo unánime nesta Cámara nunha moción anterior que presentara o BNG a respecto, precisamente, dese 50 % do financiamento que debe asumir o Estado español.

E, en segundo lugar, coincidindo plenamente tal cal está redactada a proposta na parte resolutive, si queriamos concretar dúas cuestións que cremos que é importante pór por escrito e verbalizar a respecto, precisamente, desas traballadoras do fogar, da necesidade de que se recoñezan os dereitos das traballadoras do fogar, igual que calquera outra traballadora por conta allea, pero queriamos —e cremos que é importante— verbalizar que, fundamentalmente, ten que ser recoñecida esa prestación por desemprego e a indemnización por despedimento. Concordamos con esas propostas, pero tamén cremos que hai que ir ao concreto, que hai que poñer cifras e medidas específicas.

E xa remato, porque non queda máis tempo, pero hoxe que, precisamente, estamos e abrimos esta sesión de tarde falando de igualdade, falando de equidade, de non discriminación, coñecemos hoxe pola mañá a sentenza do Tribunal Constitucional que avala a segregación e a discriminación de mulleres e homes nos centros de ensino. Un atentado, absolutamente, ao principio de non discriminación nas aulas; cremos que é un exemplo máis do retroceso, da involución democrática que levamos padecendo nos últimos anos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Boas tarde, presidente.

Señorías, eu para empezar a miña intervención, señora Verao, esta moción que vostede presenta penso que é unha oportunidade perdida, porque son trece puntos e todos e cada un deles teñen moito contido, e son trece ocasións nas que podería traer iniciativas a este Parlamento para falar de igualdade, para falar non soamente de igualdade, porque como cada unha delas non ten nada que ver coa outra, pois creo que me pon nunha situación moi complexa en cinco minutos relatarlle un pouco cal é a nosa postura con respecto a este tema.

Como ben sabe, o presidente da Xunta anunciou o pasado mes de marzo neste mesmo Parlamento o I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021, e temos este plan enriba da mesa dende a pasada semana con cen medidas concretas. Cinco liñas estratéxicas baseadas no coñecemento e na concienciación, na coeducación, na cultura dos tempos, no empurre dos recursos de apoio e no compromiso das organizacións coa conciliación responsable. Son cen medidas e estas cen medidas, ademais, teñen dentro do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade oito principios reitores. Estes oito principios reitores están baseados, así mesmo, no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, no I Plan de actuación educativo do ano 2016 ao ano 2020 e no VII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2017-2020, co cal temos unha base moi importante de cara a este plan, non xorde nada.

Neste contexto detallo os oito principios reitores do mesmo: a igualdade entre homes e mulleres, a corresponsabilidade social, a equidade, a atención á diversidade, a cooperación e a

coordinación institucional, a posta en valor do papel das familias, a colaboración cos axentes económicos e sociais e, por suposto, a eficiencia e a perdurabilidade nas actuacións. É un plan que ten uns obxectivos ben definidos, tamén ten uns indicadores de produtividade e un orzamento asignado, un orzamento moi importante de 216 millóns de euros, case 217 millóns de euros para este 2018 e preto de 850 de cara ao 2021.

Este plan, tal e como consta, e como relataba vostede mesma, é un documento vivo ao que se poderán incorporar diferentes actuacións con base nas necesidades que vaian xurdindo, con base na avaliación do mesmo, que estará en constante evolución e cambio para mellorar a conciliación da vida laboral, da vida familiar e, por suposto, da persoal, e para mellorar a corresponsabilidade.

Agradézolle, unha vez máis, que presente esta moción, porque así poderemos falar tamén do traballo que se fai dende o Goberno da Xunta de Galicia; quero agradecerlle aquí a implicación dende Política Social, dende Vicepresidencia e tamén dende a Consellería de Emprego e Industria.

Vostede relata na súa moción trece puntos. Un deles, por exemplo, fala do Plan de emprego feminino, que hai que darlle máis orzamento, hai que incrementalo. Eu direi, simplemente para facerlle unha aclaración, que o pasado ano se presentou nesta Cámara o I Plan de emprego feminino galego cun orzamento dun millón de euros. Creo que despois dun ano o dato é claro e o dato é moi importante, temos no mes de marzo, neste mes de marzo con respecto ao mes de marzo anterior, 11.445 mulleres traballando, 11.445 mulleres que teñen atopado traballo un ano despois. Pero non soamente iso, senón que os datos de emprego feminino están mellorando a marchas forzadas, co cal creo que o traballo se está a facer e hai un traballo importante detrás de todo isto. Vemos que non queda en papel mollado.

Nós presentamos unha emenda, unha emenda que creo que recolle máis exhaustivamente —e dun xeito un pouquiño máis eficaz que o que vostede presenta— o que nós queremos trasladarlle. Hai puntos que son moi importantes, todos eles son importantes, pero creo que especialmente o anuncio que estivemos vendo nos medios de comunicación hai uns días, que é equiparar progresivamente os permisos de maternidade e paternidade de forma intransferible, incrementando o permiso de paternidade de cinco a sete semanas. Ademais disto, aumentar e incrementar o Bono Concilia, o Bono Coidado, a Rede pública de centros de atención á infancia, por suposto, a atención á dependencia, presentar ao Consello Galego das Mulleres o Plan de conciliación. ¿Como non se vai presentar se, dende logo, este plan non se elaborou de espaldas á cidadanía, senón que é un plan enriquecedor, é un plan —como ben consta no propio documento— vivo?

Por suposto, tamén outra das medidas que nós lle presentamos na nosa emenda é implantar un permiso adicional de catro semanas en caso de parto para o persoal funcionario, e que poderá desfrutalo indistintamente calquera dos proxenitores.

E xa para rematar. Por suposto, dirixirnos ao Goberno de España para solicitar o 50 % da aportación da dependencia e para que se cumpran, como non poderían ser doutro xeito, os dereitos das empregadas do fogar.

Esperamos teñan a ben a nosa emenda e poidamos, unha vez máis, acadar o traballo que nos une, e máis de cara á igualdade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Créanme se lles digo que nada me gustaría máis que constatar que este goberno responde por fin ás continuas iniciativas e propostas dos grupos da oposición; constatar que varias das cuestións que plantexa esta moción presentada hoxe polo Grupo de En Marea se van recoller con matices nese Plan galego de conciliación e corresponsabilidade, que na moción se reclaman, e que foi presentado hai apenas cinco días; e que as demandas, ademais, de todas mulleres e homes que as acompañaron nas rúas o pasado 8 de marzo van ser escoitadas e coa máxima celeridade. Pero penso que ese desexo pode estar unha vez máis confundido entre as néboas dos plans que asoman e se agochan ao mesmo tempo; plans oportunistas que actúan a golpe de micro e de cámara, pero que cando os focos se apagan se meten nun estante a ver pasar o tempo como fixeron desprezando as medidas que para a conciliación se puxeron en marcha durante o Bipartito e que xa relatou a señora Rodil.

E no Grupo Socialista quedámonos co dilema de decidir entre dúas actitudes: confiar neste goberno ou non confiar. E permítanme que reflexione con vostedes sobre a confianza, que é a esperanza firme que unha persoa ten en que algo suceda, sexa ou funcione dunha forma determinada, ou en que outra persoa actúe como ela desexa. E a confianza aliméntase co tempo, como a amizade, con feitos e actitudes que aumentan a nosa seguridade en algo ou alguén, e iso é o que non acabamos de ver moi claro no plan que presentaron e que viría xa recoller, cando menos, algúns dos puntos que se presentan nesta moción e noutras presentadas pola oposición nos últimos meses.

Explíquenno, por favor, a todos e a todas as deputadas como van poñer en marcha todas as medidas novas cos mesmos orzamentos que ata o de agora teñen dispostos, eses orzamentos que xa estaban aprobados previos á súa posta en marcha. Porque anuncian 216 millóns para este ano, sen ningún tipo de desglose. Un plan que se sustenta nuns orzamentos xa aprobados previamente e con cartos que sairán de partidas que xa existían. ¿Que ten entón de novidoso? E se o ten, como dixo a señora Vázquez, expositivamente si parece aportar este plan reflexións e medidas coas que concordamos, ¿pero como se van sufragar esas novas medidas?

Isto só se explica dun modo. Por un lado, vostedes tiñan unha serie de programas en marcha en diferentes consellerías como a de Política Social, a de Presidencia, a de Economía, a de Emprego e a de Educación, e de cara á conciliación e corresponsabilidade. E a realidade social

na que vivimos levounos a que no ano 2017 32.700 mulleres e 2.900 homes decidiran deixar o seu traballo para coidar de menores ou maiores ao seu cargo, demostrando, polo tanto, estas cifras que, en todo caso, as políticas actuais de conciliación non son suficientes, e moito menos se está a conseguir a corresponsabilidade entre mulleres e homes.

Con este plan, polo tanto, o Goberno o único que fixo é agrupar todas as medidas que xa había e arrastralas a un mesmo documento. Analizáronas no contexto empregando para iso a metade do documento, arredor dunhas 50 páxinas, e logo recolleron os obxectivos e as medidas, que veñen ser as que xa había, recalcando que seguirán no camiño marcado. Iso si, cunha literatura moi bonita. *(Aplausos.)*

Hai non pouco nesta Cámara faleilles do punto de inflexión que o Partido Socialista entendía que era preciso en materia de igualdade para conseguir que as cousas muden de verdade e non de aparencia e para o que incidir nas políticas de conciliación e corresponsabilidade é totalmente preciso. Pero dificilmente se mudan as cousas con plans que falan de promover, impulsar ou ampliar medidas se logo cando se consideran os fondos que os soportarán e sustentarán non se dotan de máis cartos. Porque no plan presentado fálase, por exemplo, de potenciar a implantación de escolas infantís nos polígonos industriais, e curiosamente esta partida rebaixárona respecto ao ano 2017 de 1,75 millóns a 1,25 millóns, 500.000 euros menos.

Prorrogan a mesma cantidade, tamén, para conciliación e dinamización demográfica que hai dous anos, e incluso rebaixan en 1.130.000 euros a partida destinada ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar, por relatarlles algunhas das partidas. Dotación orzamentaria, algo que esta moción do Grupo de En Marea solicita e que nós, tamén, temos repetido e demandado en diferentes intervencións nesta Cámara.

O Partido Popular fala, de feito, na súa emenda a esta moción do Grupo En Marea de aumentar os fondos para os programas de conciliación e corresponsabilidade, e dende o Grupo Socialista preguntámonos, ¿a canto? ¿A canto se comprometen? Porque a confianza nas súas verbas, como comentabamos antes, está en horas baixas, e os números que sustentan este plan xa aparecen no documento e non aumentan nos tres anos próximos.

Nós non nos oporemos, en todo caso, a apoiar esta moción do Grupo de En Marea, aínda tendo en conta que compromete vagamente o Goberno, que merecería, tamén, de moitos matices e que a nosa confianza de que sexa respectada xa está moi mermada.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo autor da moción, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, efectivamente, a confianza está mermada, claro que si, porque, como xa foi exposto aquí, os datos seguen aí. Os datos son esa década perdida que sinalaba a señora Rodil, porque seguimos tendo un tempo dedicado á familia moi superior aos

homes. Segundo a última enquisa, do ano 2018, pois case seguimos no mesmo, seguimos en case dúas horas máis dedicadas ao día, ao fogar, á familia, unido a todos eses condicionantes que fan que as mulleres sexan quen máis excedencias colle por coidado tanto de persoas menores como dependentes e que despois ten consecuencias na esfera produtiva e nesa famosa fenda salarial.

A confianza é difícil por eses datos e tamén porque cando di que a nosa moción ten distintos puntos con moito contido parece que o fai como un demérito, cando nós entendemos que é positivo, porque a conciliación non é unha medida illada, a conciliación é un conxunto de medidas, e as que nós propoñemos aquí mesmo son insuficientes e mesmo as do plan, o famoso Plan de corresponsabilidade, son insuficientes, porque se trata dun cambio cultural.

Indo ás medidas concretas dese plan —que, por certo, seguiu chamando I Plan logo da exposición do BNG, I Plan, esa década perdida segue aí patente, en fin— e ás emendas, empezando polas do Partido Popular, coa primeira emenda, na que falan de presentar ao Consello Galego das Mulleres o plan, xa están recoñecendo que ese plan se presentou, se adiantou a súa presentación por algunha cuestión mediática, pero que se fixo sen a participación debida.

Nós cremos que segue estando vixente a nosa proposta que poñemos na moción. Podemos —si, iso si—ofrecerlle unha transacción, que sexa incluír algúns elementos das súas propostas pero considerando en global, considerando manter o global das nosas medidas, en especial, no tema do orzamento —xa que falamos del, vostede dixo que se poñían orzamentos por riba da mesa; son orzamentos, como dixo a representante do Partido Socialistas, sacados de distintas consellerías—, para ver como se conforma ese orzamento de corresponsabilidade; pero, en todo caso, seguen quedando por debaixo da media dos países máis avanzados de Europa en materia de conciliación e séguense deixando partidas sen executar. E, ademais, seguen falando dese Plan de emprego feminino, e buscando no *Diario Oficial de Galicia* non atopamos unha execución máis alá do 2 %, a non ser que nolo desgranen nunha pregunta que temos presentada.

En canto ás emendas do BNG, ímolas aceptar, e, ademais, reforzan dous aspectos fundamentais: un, que xa sinalamos, que é mellorar a atención á dependencia, e consecuentemente a factura que ten o Estado con Galicia; é simplemente pedir que se cumpra a lei en materia de financiamento.

Pero tamén é fundamental a cuestión das traballadoras do sector do fogar, é fundamental, porque estamos a falar de que conciliar non é delegar os coidados en traballadoras en precario. Estanse xerando redes internacionais de coidados nas cales mulleres pobres do terceiro mundo coidan as fillas das mulleres do primeiro mundo, deixando á súa vez as súas fillas ou crianzas ao cargo doutras mulleres empobrecidas ou ben da súa familia. Esas redes de coidados tamén se xeran e se precarizan dentro dos propios países. Por iso é intolerable que sigamos sen ratificar o Convenio 189 da OIT, sobre o traballo doméstico, e que estas fundamentalmente mulleres, o oitenta e pico por cento de mulleres, as persoas que traballan no sector do traballo no fogar, non teñen os mesmos dereitos que o resto da clase traballadora. É intolerable. Por iso nos parece fundamental resaltar esta cuestión.

En fin, para conciliar precisamos un conxunto de política e un cambio cultural, cómpre tamén saír desta inmediatez. Neste sentido, este tipo de propostas e este tipo de intentar chegar a acordos son positivos. Imos intentar facer unha transacción, pero adiántolle que non aceptaremos a votación por puntos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Pois non deixamos de falar da vida, neste caso da vida das persoas maiores. E estamos a falar dun debate fundamental, porque na loita en defensa das pensións públicas dignas xogamos o modelo de sociedade que queremos, xogamos un futuro de pobreza para as persoas maiores ou a xustiza social. Simple, é simple, parece simple, pero é así.

E cómpre, máis que nunca, defender o carácter das pensións públicas como dereito. É un elemento central do Estado do benestar. E esa solidariedade interxeracional, fundamental, protexe as persoas na súa vellez cando non teñen outra maneira de aumentar os seus ingresos que, por exemplo, esa revalorización conforme o IPC das pensións.

Na realidade, o debate sobre a viabilidade dos sistemas de pensións para nós sempre foi sesgado e interesado. Estase advertindo da súa suposta insostibilidade para xustificar a diminución do investimento público en pensións para, entre outras cousas, favorecer os sistemas privados de pensións. Estamos continuamente a aplicar a autocracia da austeridade por riba das vidas dignas das nosas persoas maiores.

Estas persoas maiores, xa na actualidade —non estamos a falar só de futuro, estamos a falar de que xa na actualidade—, están a percibir este empobrecemento. ¿Que lles deparará o futuro se non defendemos, como digo, sistemas públicos de pensións?

No noso país, como xa expuxemos aquí en numerosas ocasións, as pensións son o ingreso principal de case o 30 % das familias, que cada vez teñen máis dificultades para pagar as súas facturas. Había unha nova de prensa que recollía os datos do IGE ultimamente, que falaba de 73.000 familias galegas que atrasan os pagos de facturas de servizos básicos como luz, gas, auga, hipoteca ou alugueiro. Estamos a falar de case o 7 % dos fogares, duplicando a cifra que había o ano pasado e que, por suposto, é a cifra máis alta dende o ano 2013.

Estamos continuamente vendo como esa suposta recuperación non chega á maioría social. O cálculo é ben sinxelo polo que dicía do empobrecemento: se os salarios e pensións se estancan e se os prezos de bens e servizos básicos, sobre todo como foi exposto aquí hoxe

tamén no pleno, sobre todo os alugueiros e sobre todo a electricidade, aumentan, a maioría social perde poder adquisitivo.

Se temos en conta o que evolucionou o IPC dende a crise, o dato acumulado fala dun 12,7 % fronte a un incremento global medio das pensións do 8,5 %. Perdeuse poder adquisitivo no 2017; se os prezos subiron de media máis dun 2 %, as persoas pensionistas perderon poder adquisitivo. Teñen todo o dereito de estar enfadadas, porque, encima de que se lles «sobe» —entre aspas— ese 0,25, envíaselles unha carta que é un insulto.

Pero, ademais, enlazando con esta idea de que o 30 % dos fogares teñen como ingreso principal unha pensión, as pensións no noso país están exercendo como renda contra a pobreza, están facendo de colchón fronte ás escasas axudas de protección social e fronte á precariedade laboral. A situación da pobreza no noso país sería aínda peor se non tiveramos as pensións, que xa son das máis baixas do Estado.

Así que actuar directamente sobre aumentar o poder adquisitivo das pensións é tamén actuar directamente contra a pobreza, é actuar directamente contra reducir xa no inmediato esas taxas de risco de pobreza, é actuar para recuperar dunha vez a demanda interna, que segue sendo unha asignatura pendente da economía galega, e inmediatamente isto redundaría nun aumento dos ingresos do sistema pola vía das cotizacións.

Nós sostemos que esta perda de poder adquisitivo que xa sofren os nosos maiores vai acen-
tuarse no inmediato. ¿Por que? Porque en 2019 entra en vigor este factor de sostibilidade, que nós cualificamos como penalización ao aumento da esperanza de vida, e porque xa está establecida aquela medida supostamente temporal no factor de revalorización, que non ten en conta o IPC para o cálculo da pensión. Pois xa tendo en conta este factor de revalorización, se o normal nas conxunturas expansivas poñamos que é un crecemento dun 2 % da economía española e unha evolución similar do IPC, a actualización supón automaticamente unha merma de poder adquisitivo.

Por iso esta moción vai ao básico, vai simplemente a pedir especificamente que se retiren esas dúas medidas regresivas que supuxeron o factor de sostibilidade e o de deixar de actualizar as pensións conforme o IPC. É moi básico, é un pacto de mínimos. Tendo en conta, ademais, que estamos —supostamente— nunha fase alcista do ciclo económico, ¿por que non se pode recuperar o poder adquisitivo das pensións? Cálculos sindicais, por certo, falan de que na vindeira década se perderá un 15 % de poder adquisitivo nas pensións.

Como dicíamos, hai unha campaña interesada e falaz na suposta inviabilidade do sistema público de pensións, e tendo en conta isto, como dicíamos tamén na anterior moción, tendo en conta o feito de que o Estado español é quen menos gasto público inviste nesta cuestión, en xeral nas prestacións sociais, pero nas pensións, un 11,6 % por baixo da media da eurozona e do propio conxunto da Unión Europea, é dobremente falaz. O Fondo de Reserva, que fora creado para asistir a ese sistema de pensións cando situacións de crise impedían que se cubrixe todo pola vía das cotizacións, cando se recupera a economía, teoricamente, segue con déficit. Non dixeron, claro, que pediran un préstamo para o rescate da banca dese Fondo das pensións.

Estamos continuamente nesa idea da ditadura da redución do Estado social, e quen paga son sempre as persoas máis desfavorecidas, tamén as máis de 750.000 pensionistas galegas que coñecen a realidade da precariedade. Xa non imos desgranar os datos concretos da pensión media, porque é bastante obvio —téñenos en todos as estatísticas e xornais—, pero só un dato: o 62 % das pensións galegas están por baixo do limiar da pobreza, o que chega ao 68 % case no caso das mulleres. Continuamente a fenda de xénero, tamén na ancianidade. As mulleres, de media, cobran uns douscentos e pico euros menos ao ano, é unha diferenza intolerable, ademais porque as pensións de viuvez son as máis baixas do Estado, non das máis baixas, as máis baixas do Estado. E se falamos de Lugo e Ourense, son as provincias que teñen as pensións en conxunto das máis baixas do Estado. As pensións de viuvez ou de autónomos nas provincias de Ourense son de miseria. E, polo tanto, se non recuperamos o poder adquisitivo das pensións, están condenando todas as pensionistas galegas á miseria, pero especialmente as pensionistas do interior. Son pensións de miseria e que non garanten ese dereito constitucional a pensións dignas.

Hai alternativas —xa as temos desgranado en numerosas iniciativas aquí—, que pasan por mellorar a produtividade, derrogar as reformas laborais últimas, que reduciron o poder adquisitivo da clase traballadora e que consecuentemente reduciron os ingresos do sistema pola vía das cotizacións. Pero tamén hai alternativas se se ten en conta que o Estado español é dos que menor presión fiscal ten da zona euro. Así que cómpre determinación e obter recursos tamén para as pensións pola vía fiscal.

Tamén, desde as competencias da Xunta, ¿que pode facer? Pois ten tamén na súa man facer determinadas medidas que redundarían nunha mellora da calidade de vida das persoas maiores. Á parte de aumentar a axuda ás pensións non contributivas, podería reducir copagos ou mellorar servizos públicos, e podería, por suposto, como lle vai propoñer En Marea, implementar un modelo de renda social que garanta o complemento de ingresos ás persoas máis vulnerables.

Así pois, nesta moción centrámonos neses dous elementos centrais da contrarreforma de 2013: o factor de sostibilidade e o factor de actualización, e por iso son obxecto unicamente estes dous desta moción.

O factor de revalorización, que supón desligar a actualización das pensións da evolución da inflación, é contrario, nós sostemos que é totalmente contrario, ao ordenamento xurídico. Primeiro, porque é obvio e contrario ao artigo 50 da Constitución española. Non actualizar as pensións segundo se encarece o custo da vida impide esa famosa suficiencia económica que sinala a Constitución. E, segundo este artigo, ademais, deben ser as pensións axeitadas e periodicamente actualizadas. Non se pode apostar polo artigo reformado 135 para entregarlles aos mercados o Estado social e ao tempo deixar sen cumprir o artigo 50. ¿Que digo? ¡Claro que se pode! É o que pretendían. Pero, entón, é que están sendo constitucionalistas a tempo parcial: constitucionalistas do 155 pero non constitucionalistas dos artigos que teñen que ver con garantir dereitos.

É tamén contrario ao ordenamento xurídico porque este factor ten efectos retroactivos, ten efectos a pensións que foron causadas con anterioridade á reforma e, polo tanto, xeran unha

total indefensión ás persoas, porque se vulnera ademais outro principio constitucional, que é o de irretroactividade das leis. Ademais, é tamén contrario á sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que afirma que o elemento de revalorización das pensións forma parte do cálculo da contía e como tal é un elemento fundamental na protección social da vellez.

Sinalámoslle tamén que é opaco, que xera indefensión, que é arbitraria a fixación da contía da revalorización e que estamos ante unha fórmula de cálculo descoñecida no ámbito europeo. Igual que non se pode ser constitucionalistas segundo me conveña que artigo, tampouco se pode ser europeísta segundo me conveña, porque tamén, ademais, é contrario á normativa social internacional, que contempla a revisión das pensións tendo en conta as variacións do custo da vida, tanto a Carta social europea como o Código europeo de seguridade social. É inxusto, porque non ten en conta a contía das pensións.

En canto ao factor de sostibilidade, que nós cualificamos como penalización do feito positivo da humanidade de aumento da esperanza de vida, tendo en conta que se adianta esa aplicación para 2019, por riba nin sequera cumpre o obxectivo de reducir a contía das pensións, porque está a ter un efecto chamada de xubilacións anticipadas, que aumentan o gasto en pensións.

Este factor de sostibilidade, que penaliza o alongamento da esperanza de vida, como dicimos, implica que en trinta anos se calcula un descenso do poder adquisitivo da pensión inicial entre un 9 % e un 18 %. Para nós ou derogamos estas contrarreformas que recortan as pensións dignas ou agárdanos un futuro de máis pobreza para as persoas maiores. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Comezarei dicindo que por parte do Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta moción de En Marea, porque consideramos que recolle dous puntos fundamentais sen os cales calquera das cuestións que poidamos debater sobre o sistema de pensións serán única e exclusivamente parches, tal e como estamos vendo estes días precisamente ao fío dos orzamentos do Estado e da publicidade e propaganda do imperio. Para nós eliminar ese insostible factor de sostibilidade e someter a debate a cuestión da revalorización son absolutamente básicas e o primeiro paso que temos que dar para outros pasos que despois describirei.

Nós entendemos que, nun incremento de mobilización social como o que estamos afortunadamente vivindo, onde as e os nosos pensionistas xa non tragan esa mensaxe de que están vivindo por riba das súas posibilidades, diante deste aumento que está a haber da recadación e dun aumento tamén da capacidade económica do Estado, froito da saída da recesión, non ten ningún tipo de credibilidade a mensaxe que está lanzando o Partido Popular desde o Estado e desde Galiza, nin a de que non pode facer máis polo sistema público de pensións nin tampouco esa outra mensaxe escondida que levamos escoitando durante estes dez anos de recesión de que as pensións non son sostibles.

E quero insistir hoxe en que non é un problema de falta de recursos, senón un problema de repartición dos recursos que existen. Polo tanto, urxe derrogar este mecanismo. Para mostra, un botón —e facía algunha mención por riba a señora Verao—. Eu quero insistir: esa mensaxe envía a o mesmo partido, o mesmo Estado e o mesmo Goberno responsable de que durante a crise socioeconómica, mentres á banca se lle regalaban máis de 60.000 millóns de euros, baleirouse paralelamente a caixa das pensións. Porque hai que poñer as dúas cifras en comparación, eses máis de 60.000 millóns de euros para a banca mentres desde 2012 se retiraron máis de 54.000 millóns de euros da caixa das pensións, do Fondo de Reserva.

Polo tanto, credibilidade, ningunha, porque o rescate bancario custou unha cantidade similar á máxima que se chegou a acumular no Fondo de Reserva de pensións, que foi de máis de 66.000 millóns de euros. No ano 2011, é dicir, en pleno momento da crise económica, nun período de recesión, foi no momento no que houbo a máxima acumulación de Fondo de Reserva das pensións. Iso demostra que incluso en recesión económica hai capacidade, dependendo do modelo, de ter diñeiro e recursos para as pensións.

Por iso non é crible e non tragamos esa píldora envelenada que nos quere facer crer o Partido Popular de que en momento de crecemento do cadro macroeconómico non hai diñeiro para as pensións. Máis aínda cando vemos que no Estado español o gasto que se emprega para manter o sistema con respecto ao PIB é menor ao gasto do conxunto da Unión Europea, ou como tamén non é que as e os nosos pensionistas teñan grandes luxos en canto ás contías que reciben, pois segue a ser unha media aproximadamente dun 70 % da Unión Europea, e baixando.

Polo tanto, o que estamos vivindo non é unha incapacidade económica, senón unha falta absoluta de vontade política, porque está precisamente ao servizo desa axenda neoliberal encarnizada, que quere que haxa inseguridade a respecto do sistema de pensións, que haxa inseguridade na clase traballadora e que as persoas acudan a eses sistemas privados de fondos de pensións, que aínda son minoritarios no Estado español.

É curioso —tamén é contradictorio— que pretendan que a clase traballadora contribúa a ese tipo de mecanismos cando hai os salarios que hai neste país e neste Estado. Pero, en fin, o que queremos poñer enriba da mesa é que non é casualidade precisamente que se estea dando isto neste momento económico, e que non é casualidade tampouco que todos os informes sobre os perigos do sistema de pensións sexan precisamente procedentes de bancos e de entidades privadas.

Insistimos en que é fundamental derrogar ese factor de sostibilidade, e facelo con urxencia, pois 2019 é xa, e a partir deste 1 de xaneiro de 2019, para o que queda menos dun ano, veremos outro grande recorte e atraco á man armada ás pensións, desta volta coa desculpa da esperanza de vida. Que, por certo, aínda non escoitamos cales eran as desculpas —que eu estou segura de que chegarán, aínda que non terán credibilidade— para como iso non vai impactar de forma maioritaria nas mulleres. E tamén lle digo, señora Verao, que vostede e mais eu deberíamos ir cambiando de provincia, porque as de Lugo e as de Ourense de momento somos as que máis esperanza de vida temos.

Pero, brincadeira á parte, entendemos que este é un paso fundamental, así como recuperar a revalorización real anual. Neste sentido vemos desde o nacionalismo galego como xa alertabamos disto hai anos cando se implementou e damos a benvida a aquelas forzas sindicais estatais que no seu día sacaron as fotos cos respectivos gobernos e que a día de hoxe están chamando a mobilizarse. Alegrámonos de que sexa así, porque desde logo imos ter que ser moitos e moitas na rúa e tamén nas institucións para conseguir darlle unha volta radical a esta avanzada contra o sistema público de pensións.

Como digo, apoiamos estas dúas cuestións concretas que nos presentan, e pensamos que non debemos quedar aí. O noso horizonte ten que ser unha recuperación real desas pensións, ten que ser garantir o sistema público, ten que ser incrementalas até un salario mínimo interprofesional, que tamén debера subir, e teñen que poñerse enriba da mesa outros debates, como os que sexan realmente os quince mellores anos...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

A señor PRESAS BERGANTIÑOS: ...da vida do traballador e traballadora os que computen ou como que paren de darse cuestións que a día de hoxe vemos, como que se empregue realmente a xubilación anticipada como unha forma encuberta de ERE por parte de moitas empresas.

En suma, temos moitos retos por diante, pero desde logo coincidimos co grupo proponente en que o factor de sostibilidade e a revalorización real das pensións son dous puntos de partida fundamentais. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputados.

Os homes e mulleres socialistas sentímonos moi orgullosos do noso sistema público de pensións *(Aplausos.)*, un dos cinco piares básicos do sistema público de benestar, sistema público de benestar impulsado e garantido durante os gobernos socialistas. E este sistema público de pensións permitiu que nunha década, no Goberno do señor Rodríguez Zapatero, se puidese dotar un Fondo de Reserva da Seguridade Social de máis de 66.000 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Pero no ano 2011, en plena campaña electoral, o señor Mariano Rajoy mentiu —unha vez máis— a todos os españois e a todas as españolas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Evidentemente, señora Prado del Río. ¿Quere saír vostede aquí? Pois se non, por favor, aténdame. *(Murmurios.)* Ben. Pois mentiu a todos os españois e a todas as españolas nunha entrevista feita o 5 de novembro de 2011: «*Meteré tijera a todo, menos educación, sanidad y pensiones*». ¡Menos mal que non ía *meter tijera* en ningunha destas cousas! *(Aplausos.)*

Pero é que mire, inmediatamente, unha vez que acceden ao Goberno, o Partido Popular aplica a súa ideoloxía, empregando a crise como xustificación perfecta para impoñer as súas políticas. Mire, acceden no 2011, e nos orzamentos de 2012 xa inician a súa acción de goberno e aplican as medidas regresivas dirixidas a atender contra a dignidade dos pensionistas e das pensionistas deste país.

Primeiro aproban un real decreto lei, o 16/2012, no que establecen o copago farmacéutico; polo tanto, 8 euros menos en pensión, en cada un dos pensionistas. Primeira.

Segunda. Aproban decretos leis polos que eliminan medicamentos do catálogo farmacéutico da Seguridade Social. Segunda rebaixa do poder adquisitivo dos pensionistas. (*Murmurios.*) ¿Rinse? Pois non deberían de rirse, porque dentro de pouco serán vostedes e nós os que cobraremos iso e no que vai deixar o Partido Popular.

Terceira. Endurecen as condicións de acceso á xubilación.

E, como remate último, a reforma unilateral do sistema público de pensións, levada a cabo pola Lei 23/2013, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social. Esta lei afecta a contía das pensións que se xeren a partir de 2019, o sistema de revalorización, e establece unha modalidade de actualización das contías das pensións que impón unha perda do poder adquisitivo dos pensionistas e, polo tanto, o seu empobrecemento. Recórdolles que os desvincula da evolución dos prezos, o que supón que, en escenarios de inflación positiva, sempre van ter unha perda de poder adquisitivo.

O PP aproba un factor de sostibilidade dun 0,25 %; é dicir, en dez anos os pensionistas terán unha rebaixa dun 17,5 % da perda real de poder adquisitivo e en vinte anos terán unha perda dun 30 %, supoñendo unha inflación evidentemente do 2 %, que é un obxectivo establecido polo Banco Central Europeo. Polo tanto, o PP concibe, coma sempre, as pensións como un gasto, non como un dereito.

Miren, voulles dar datos, xa que se rin, para que se sigan rindo, datos do Goberno de Mariano Rajoy. Fronte... (*Murmurios.*) ¿Perdón?

O señor PRESIDENTE: Non se riu ninguén agora.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—descontárame o tempo, ¿verdade?— aos gobernos de Rodríguez Zapatero, o déficit estrutural das contas da Seguridade Social incrementábase en 9.000 millóns de euros e o Fondo de Reserva baixa en máis de 55.000 millóns de euros.

Mire, as pensións mínimas de xubilación con cónxuxe a cargo durante a época de Rodríguez Zapatero —sete anos— incrementáronse en 257,11 euros máis; e durante sete anos do señor Mariano Rajoy, 46,90 euros máis, (*Aplausos.*) é dicir, unha quinta parte.

Pero mire, voulles dicir: en Galicia temos 144 euros menos de media nas pensións contributivas respecto do Estado, pero é que na totalidade das pensións Galicia ocupa o número

18 de 19, é dicir, todas as comunidades autónomas máis Ceuta e máis Melilla. ¡Curioso, ¿verdade?, curioso!

O conselleiro de Facenda, na interpelación do pleno anterior que deu orixe a esta moción, dixo que a solución está en incrementar o emprego e mellorar a calidade do mesmo. E nós, os socialistas, estamos totalmente de acordo. Pero voulle dicir: ¿saben cal é a realidade do emprego en Galicia dende que governa o señor Núñez Feijóo, durante oito anos, desde 2009? Que baixan os habitantes, que os fogares con todos os membros en paro se incrementan, se incrementan os fogares sen ingresos, se incrementa o número de parados en 14.500 e que baixa o número de ocupados en 86.400 persoas, e os contratos en xaneiro —datos de 2018—, 10.376, dos que o 7,9 % son indefinidos e un 92 % son temporais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa, señor presidente— e a Xunta de Galicia deixa sen executar no programa 32 (promoción de emprego e institucións do mercado de traballo), no ano 2016, 100 millóns de euros, e no ano 2017, 133 millóns de euros, executando só o 56 % desta partida; é dicir, 233 millóns de euros sen executar.

De verdade, vostedes, deputados e deputadas do Partido Popular, ¿pódense atrever a defender aquí as actuacións do señor Mariano Rajoy cara aos pensionistas? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez. Terminou o tempo. Silencio. Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Traian datos, eu aquí teño datos e, cando queiran, corrobóramolos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Sen ánimo de molestar, (*Risos.*) a esta oposición fáltanlle retrovisores. (*Risos.*) Si, si, retrovisores; retrovisores para mirar atrás (*Murmurios.*) e retrovisores para mirar aos lados. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Teñen vostedes, señores da oposición, moitos ángulos mortos, non son capaces nin de mirar atrás para ver o que fixeron cando gobernaron, nin teñen vostedes retrovisores suficientes para saber o que fixeron vostedes moi preto de aquí, onde gobernaron. Esa é a realidade. (*Aplausos.*)

Miren, señorías, nós temos unha boa noticia que darlles: teñen vostedes nas súas mans a capacidade de subirlles as pensións a máis de medio millón de galegos e galegas, tanto ou

máis do que vostedes propoñen nestes momentos. ¿E saben como? Aprobando os orzamentos xerais do Estado. Se vostedes queren facer algo de verdade polos nosos pensionistas, teñen seis votos no Congreso dos Deputados os señores do Partido Socialista Galego e teñen cinco votos os señores das *Mareas de Pudimos*. Con eses once votos nós aprobamos os orzamentos do Estado e subímoslles as pensións a medio millón de galegos. ¿Aceptan? ¡Voten a favor no Congreso dos Deputados aos orzamentos! (*Aplausos.*) O demais é palabrería.

Miren, ¿acaso vostedes non queren subir as pensións mínimas? ¿Acaso vostedes non queren subir as pensións de viuvez? ¿Acaso vostedes non queren subir as pensións non contributivas? (*Murmurios.*) ¿Ou daqueles que cobran menos de 850 euros? Eu creo que non, e por iso van votar en contra dos orzamentos xerais do Estado, porque xa o dixeron; dixérono incluso antes de que se presentasen os orzamentos xerais do Estado. E esa é a súa preocupación polos problemas reais dos galegos e das galegas e do conxunto dos españois. Esa é a situación.

Señora Vázquez Verao, non sei se fala vostede en nome de todo o seu grupo; si sei que, en calquera caso, representa moito a opinión do señor Luis Villares. Mire, nós cremos que hai que tomar isto en serio. Falábanos vostede de que somos constitucionalistas a tempo parcial. ¡Oia!, mire, o que si sabemos nós é que somos constitucionalistas de día e de noite, ¡de día e de noite! (*Aplausos.*) ¿E sabe que? Sabemos detectar ata tres delitos nun atestado policial. Mire, nós non lles aceptamos leccións de ningún tipo e creo que, ademais, a bronca non a merece vostede, porque é a menos indicada para levala. Pero eu diríalle que, dende logo, tal e como se comporta o seu grupo, mañá o líder ou o presunto líder do seu grupo non ten legitimidade para presentarse diante do presidente da Xunta de Galicia na sesión de control. Esa é a sensación..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...non ten autoridade, e, se a ten, dende logo vaina deixar na casa.

Eu sei que os molesta moito que lles chame As Mareas de Podemos e por iso teño decidido cambialo: xa non se chaman máis *las Mareas de Podemos*, son *las Mareas de Pudimos*, porque non poden. Esa é a súa realidade. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*)

¡Señor Lago! (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Señor Lago! Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Miren, ¿sabe como se blinda o noso sistema nacional de pensións? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¿Saben como se blinda o noso sistema nacional de pensións? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Creando emprego... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e aumentando o número de cotizantes... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Sacamos a campá? (*O señor Santalices Vieira fai soar a campaña.*)

Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E, polo tanto, nós non podemos aceptar leccións dun partido como o Partido Socialista, que o que fixo foi, nese rememorado Goberno do señor Zapatero, destruír 3.800.000 postos de traballo. Miren, ¿saben que fixemos nós dende que chegamos ao Goberno? Crear 1.800.000 postos de traballo. (*Aplausos.*)

E é verdade que non somos capaces de crear emprego ao mesmo ritmo que vostedes o destruían, non somos capaces. Non somos capaces de crear emprego á mesma velocidade que vostedes o destruían cando gobernaban, por certo, coa complicidade destes señores que daquela estaban moi calados; non había acampadas. Daquela o señor Manolo Lago estaba nese sindicato que, por certo, apoiou o Goberno socialista cando no ano 2011 ampliou a idade de xubilación aos 67 anos. (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Felicidades, señor Lago! Sei que vostede quería participar no debate! (*Aplausos.*)

Mire, señora Rodríguez Rumbo, a verdade é que teño que dicirle que é enternecedor ver un socialista reivindicando o Goberno do señor Rodríguez Zapatero, porque o seu legado é ese. Teño que recordarlle unha cita daquelas tempos, e dicíao alguén dende esas filas, dicía: «*se nos fue la mano con tanto bienestar*». Iso dicíao o líder do PSdeG-PSOE, sentado nesa silla: «*se nos fue la mano con tanto bienestar*». Mire, eu non sei se se lles foi a man, no que si se lles foi na destrución de emprego: 3.800.000 desempregados; ese é o seu legado.

Mire, nós blindamos as pensións no peor momento da crise, (*Murmurios.*) incrementámolas todos os anos, pouco, pero incrementámolas todos os anos. ¿Que fixeron vostedes nese mesmo momento en países limítrofes? (*Murmurios.*) ¿Que fixeron vostedes? ¡Baixalas! (*Murmurios.*)

Mire, en Portugal..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Murmurios.*) Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...baixaron as pensións eses de esquerdas entre un 15 % e un 25 %; en Grecia, trece baixadas consecutivas de pensións, ata un 40 % —*los amigos del señor Manolo Lago*—. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Miren, esa é a realidade..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...nós blindamos as pensións. (*Murmurios.*)

O índice de revalorización... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Remate.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...permite subir as pensións sempre, todos os anos. Esa é a realidade.

Miren, nós incrementamos o gasto de pensións no noso país: 95.000 millóns de euros dedicados a pensións en 2010, 139.000 millóns en 2017. Nós incrementamos o gasto de pensións. E temos unha proposta, que é seguir incrementándoas. ¿Como? Aprobando os orzamentos xerais do Estado. ¿Que van facer vostedes? Votar a favor.

Señores da oposición, creo que están onde están non por casualidade. En calquera caso, o que lles falta...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...son retrovisores e un pouco de humildade para asumir todo o dano que lle teñen feito á economía deste país. Non nos fagan comulgar con rodas de muíño.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O Partido Socialista é o responsable desta situación.

Por certo, déalle a noraboa ao señor Pedro Sánchez por ese plan de pensións, creo que ten acumulado 100.000 euros. ¡Noraboa! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo autor da moción, señora Vázquez Verao.

(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)

Silencio.

Señor Lago, vou ter que chamalo á orde. *(Murmurios.)*

Primeira vez que o chamo á orde. *(Murmurios.)*

¡Tranquilos! *(Murmurios.)* Tranquilidade para todos. Silencio.

Unha chamada á orde ao señor Lago, pero tranquilos todos, por favor. Ademais, temos invitados. ¡Vaia imaxe que estamos dando! *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. É o Parlamento. ¡Este é o Parlamento e recórdollelo a todos! E temos uns invitados. Deamos unha imaxe de normalidade, se é posible.

Señora Vázquez Verao, cando queira.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, pois ¡que zafiedade! Que me desculpen os convidados, pero ¡que zafiedade! E asegúrolle, señor Tellado, que falo en nome de todo o meu grupo, ¡que zafiedade de intervención! (*Aplausos.*) Mesmo ten vostede valor para falar de mortes, de ángulos mortos. ¿Teñen vostedes algún tipo de lección que dar cando ascenden un alto cargo do Sergas imputada por homicidio polos atrasos nos tratamentos da hepatite? ¡E teñen leccións que dar! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora VÁZQUEZ VERAO: En fin, a crise como escusa. Efectivamente, non se pode utilizar a crise como escusa. Tampouco, por certo, para pactar ese artigo 135; tampouco, por certo, para iso. E nós non imos aceptar migallas deses orzamentos a cambio de dereitos, porque estamos a falar de dereitos e estamos a falar de que é sostible este sistema público de pensións.

Estamos a falar dun dos elementos centrais do Estado do benestar. E vostedes falan de Portugal e falan de Grecia. É unha ignominia que falen de Grecia cando vostedes, dende as institucións europeas, afogaron en todo o que puideron o pobo grego; agora din: ¡ui!, fracasaron. ¡Claro, claro!, fracasaron, ¿como non van fracasar se dende as institucións europeas fixeron un golpe de Estado? O mesmo que fixeron no Estado español co rescate á banca e co 135, o mesmo. (*Murmurios.*) O mesmo e estamos pagando esas consecuencias.

E penso que é preciso acadar un gran pacto político para recuperar o Estado do benestar e aínda pois eu persoalmente non me resigno a que iso sexa posible. Porque esta é unha cuestión —como dicía a señora Presas— de vontade política, porque hai alternativas para aumentar os ingresos do sistema. Pero, claro, hai alternativas dende outra posición ideolóxica, porque só coas tarifas planas á contratación, só eliminando esa cuestión, a Seguridade Social recuperaríase case uns 2.500 millóns de euros ao ano, o que sería suficiente para revalorizar as pensións conforme o IPC. Hai alternativas se se derroga a reforma laboral e se remata coa precariedade e aumentan os ingresos do sistema. Hai alternativa se se buscan ingresos pola vía de impostos. E hai alternativa se se remata cos beneficios fiscais para os plans de pensións privadas, o que suporía xa simplemente de repente uns 2.000 millóns de euros máis, ou se se elimina o tope máximo das cotizacións. Hai alternativas, claro, se non se carga a responsabilidade sobre as de sempre, se non se utiliza a crise como escusa para seguir roubándonos ás de sempre.

Non me dá tempo a responder a máis cuestións que tiña anotadas. En fin, ás mulleres —que é algo que citou a señora Presas— é evidente que ese factor de sostibilidade nos penaliza máis porque vivimos máis e, porque tendo carreiras máis pequenas de cotización, imos ser das mulleres máis pobres do Estado.

Pero aquí seguiremos reclamando un sistema de pensións público, digan o que digan nas súas intervencións. Pensan que isto é —non sei— o Congreso dos Deputados, aquí estamos

no Parlamento de Galiza e nós presentamos unha proposta seria, a mesma, por certo, que presentamos no Congreso dos Deputados e que vostedes vetaron. Non a veten e así tamén poderemos garantir as pensións públicas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e precarización do emprego na sanidade pública

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

A verdade, ás veces un sorpréndese da cantidade de argumentos que se chegan a utilizar aquí de maneira un tanto..., vou copiar a palabra de zafiedade; a verdade é que me gustou e é bastante axeitada. Non entendo cal é o problema nin coa utilización dos fondos de cada persoa; se a alguén lle sorprende un fondo de 80.000 euros, pois, non sei, o patrimonio declarado de Rajoy son 72.000, ou o fondo de pensións privadas do señor Feijóo, de 150.000. A ver se o señor Tellado ten aquí a valentía de subir aquí a dicilo, *(Aplausos.)* e fai unha crítica diso. Porque a ver se vai ser que a patrimonialización dos fondos privados tamén é da dereita, só poden ter fondos de pensións a dereita, só pode ser. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Iso é unha curiosidade. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Silencio, por favor. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

O señor TORRADO QUINTELA: Da patrimonialización dos feitos.... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Está debatido ese tema.

Señor Torrado, á cuestión. *(Murmurios.)*

O señor TORRADO QUINTELA: Non se preocupen, que imos falar tamén da patrimonialización dos feitos que fai a dereita, que hai para todos.

O señor PRESIDENTE: Vamos á cuestión.

O señor TORRADO QUINTELA: Vamos á cuestión.

O señor PRESIDENTE: Vamos ao tema sanitario, que é moi importante.

O señor TORRADO QUINTELA: Estou de acordo, señor presidente. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Pero non falen diso! (*Murmurios.*) Pero, señores, ¡por favor!, este debate xa pasou. E, ademais, todos temos feito a declaración de patrimonio neste Parlamento, isto é público. ¡Xa está! ¡Morreu o conto! (*Murmurios.*)

Por favor, señor Torrado, á cuestión sanitaria.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, señor presidente.

E, ademais, gústame que me indique que vaiamos á sanidade, porque na interpelación pasada recriminóuseme que neste tema falara de sanidade. Gústame, señor presidente, que me dea a razón e que este tema é un tema sanitario, non só universitario. Agradézolle o seu apoio nese sentido. (*Aplausos.*)

A verdade é que o conselleiro de Ordenación Universitaria tivo unha interpelación na que discutimos hai quince días, hai tres semanas, sobre esta cuestión, e con certo desdén, hai que dicilo; a verdade é que me desagradou un pouco. Fixo algunhas afirmacións —a maior parte delas na segunda intervención, onde é máis habitual que se fagan afirmacións por parte do Partido Popular, cando non hai dereito á réplica—, cousas como: «vostede cometeu un erro por descoñecemento», «meteu a pata», «non coñece o procedemento». Incluso dixó: «parece que veu aquí falar de sanidade» —agora, co apoio do presidente do Parlamento, xa sei que non o fixen tan mal— e incluso díxome: «intentei ser pedagóxico, pero non fun capaz de explicarlle o procedemento». E recriminoume que este procedemento do que falabamos —a limitación de prazas da Facultade de Medicina na Universidade de Santiago—, esa limitación, viña marcada, por exemplo, entre outras cousas, a través da Lei orgánica de universidades, e que, evidentemente, eu estaba preguntándolle a quen non debía, que era ao Goberno da Xunta. Citoume o artigo 43 da LOU para dicirme que ¿como lle podía preguntar eu por iso á Consellería de Ordenación Universitaria? Artigo 43: «*Las comunidades autónomas efectuarán la programación de la oferta de enseñanzas de las universidades públicas de su competencia y sus distintos centros, de acuerdo con ellas y conforme a los procedimientos que establezcan*». Dá a sensación de que a LOU nos dá a razón, ¡curiosidade! Debe ser un erro do conselleiro.

Criticóuseme que fixera unha valoración en termos sanitarios, a pesar de que se recoñeceu que tiña unha relación específica co Sergas a determinación do número de prazas de sanidade, como é obvio para calquera. Criticouse que viñeramos aquí a preguntar, cando non é unha decisión arbitraria. Precisamente por iso preguntamos, porque non é unha decisión arbitraria, porque é unha decisión política. Porque para iso están os gobernos, para decidir sobre política. Criticóusenos que quen fai a proposta ao Ministerio non é a Consellería de Ordenación Universitaria. ¡Como vai ser! É o Consello de Docencia Clínica de Galicia. Entón un, moi guiadiño, vai ao DOG e pregúntase: se non a fai a Xunta de Galicia, ¿quen é o Consello para a Coordinación da Docencia Clínica de Galicia? Pois o Consello para a Coordinación da Docencia Clínica de Galicia, como órgano colexiado de carácter consultivo, está adscrito á Secretaría Xeral de Universidades, que depende, ¡oh, curiosidade!, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. É máis, entre as funcións dun órgano

que depende da Consellería de Educación está a de emitir informes sobre a oferta de prazas para o ingreso nos graos de Ciencias da Saúde.

Conclusión: hai unha proposta da Universidade de reducir prazas, e a Xunta ten que tomar unha decisión sobre se a acepta, se a corrixe, se a reencamiña ou non. E non hai ninguén que queira dar unha opinión. ¿Non teñen criterio nin sequera sobre iso? Porque a semana pasada preguntábanlle ao conselleiro de Sanidade sobre este tema, sobre cal era a súa posición. E a súa resposta —cun criterio fantástico do Consello da Xunta— era: nin apoio nin deixo de apoiar. ¡Fantástico!, nin apoio nin deixo de apoiar, que é unha boa maneira de facer política: non digo o que penso, non vaia ser que alguén o saiba, son goberno pero non me importa; non apoio nin deixo de apoiar. Debe ser que vostedes teñen certos criterios sobre a política sanitaria pois... un tanto de Cifuentes. Pero a verdade é que alguén quere saber algunha cousa, alguén quere saber algunha cousa. Si, de Cifuentes, disto de nin digo nin deixo de dicir, de Cifuentes, un criterio... Non deficiente, senón de Cifuentes.

Señores do Partido Popular, ¿cal é a súa posición? ¿Que cren que deben facer? (*Murmurios.*) É unha pregunta sinxela. Vostedes ¿que opinan sobre a proposta da Universidade de reducir prazas? ¿Que opinan? Porque algo opinarán, polo menos. Esa é a nosa pregunta, e vostedes non teñen resposta.

Nós hoxe traemos aquí unha moción que plantexa algunhas cousas. Por exemplo, xa que hai que emitir certos informes... Un faino o Sergas, por exemplo. ¡Que obscenos nós ao preguntar por unha cuestión en termos sanitarios! Curiosamente, un faino o Sergas. É que ese Consello de Docencia Clínica está composto maioritariamente por persoal da Consellería; sobre todo, da Consellería de Sanidade. A ver se vai ser que quen non sabía de que vai o Consello é o conselleiro de Educación.

Este informe do Sergas nós pedímolos. E debería estar listo, porque é mañá a reunión do Consello. Vostedes ¿que opinan? O Partido Popular ¿que opinión ten sobre a proposta de redución de prazas da Universidade? ¿Cal é a súa posición? Esa é a nosa pregunta. E nós hoxe pedimos eses informes, porque cremos que son importantes —o informe que ten que facer o propio Consello de Docencia Clínica—, pedimos que se fale coa Universidade para adoptar as medidas que sexan necesarias para ter a mellor información posible. Xa saben, hai que falar coa Universidade, coa Universidade pública. É moi importante falar coa Universidade. Non lle pidan que lles validen cousas, é soamente para acordar algunhas cuestións. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por certo, se van, levanten acta da reunión, que logo non se acordan de cando van á universidade.

¿Que pensan vostedes desta cuestión? ¿Teñen algún criterio sobre o que pasa na Universidade pública? Xa sei que vostedes non están en época de falar da Universidade pública, pero ¿teñen algún criterio sobre isto? ¿Van opinar algo? ¿Cal vai ser a súa posición sobre a petición de informes e a proposta de avaliar, conxuntamente coa Universidade, a ampliación de prazas ou non e os medios ou os recursos necesarios? ¿Cal é a súa posición? Porque vostedes, coa Universidade pública, xa sei, teñen un criterio. A verdade é que a evolución da Universidade pública é moi interesante. Historicamente só podían estudar aqueles que tiñan moito, só os ricos, por dicilo vulgarmente. A implantación dos sistemas universais de educación, dos sistemas públicos, permitiu

o acceso á universidade de todas as capas sociais. Vostedes descubriron un novo truco: antes só estudaban os ricos, agora só estudan os pobres. Os demais pagan polo título. *(Aplausos.)*

Claro, ninguén lles nega que vostedes son hábiles nisto. Pero, por favor, déannos unha opinión sobre o que pensan, porque a teñen. Porque mañá reúnese o Consello; polo tanto, vostedes terán algún criterio sobre isto. E, ademais, propoñemos establecer un plan de contratación. Porque nós consideramos que hai un déficit de persoal sanitario. Xa sei que é moi ousado falar de sanidade nesta cuestión. Pero, miren, é que estamos falando da formación de futuros médicos e médicas en Galicia. E nós cremos que é importante ter claro o que queremos, se cremos que é necesario reducir a formación, se cremos que é necesario igualala, se cremos que é necesario aumentala... Poden saír aquí a facer algún espectáculo, como fixo o voceiro anterior do Partido Popular, pero só hai que ter unha opinión. ¿Serán vostedes capaces de ter unha opinión sobre se hai que reducir, igualar ou aumentar as prazas? E é ben fácil. A Universidade fai unha proposta de redución de prazas de Medicina. A nosa posición é moi sinxela: cremos que fai falta persoal en Medicina porque é necesario ter a maior capacidade formativa posible. ¿Por que? Porque hai un déficit de persoal e hai que xerar máis médicos e médicas. ¿Vostedes opinan o mesmo ca nós? Se opinaran o mesmo ca nós, apostarían, polo tanto, por aumentar esas prazas.

Porque dixó aquí o conselleiro —hai tres semanas, no pleno— que a decisión final non tende a ser normalmente a que propón a Universidade. Claro, a decisión final tende a ser a que propón a Xunta. Por iso preguntamos, porque nós queremos saber o que pensa o Goberno. Tamén temos un certo labor de control. Xa sei que vostedes consideran unha arte esconderse, pero entre escapulirse e dicir que nin apoio nin deixo de apoiar, a verdade é que terán que ter algunha posición intermedia. Así que dean algunha opinión sobre o que pasa na universidade. Se pode ser, xa lles digo, acredítana e levanten a acta para acordarse de que van ás reunións. Porque despois pásalles que van á universidade e non se acordan, e teñen títulos e non saben onde. E a verdade, teñen actas, pero non teñen títulos... Teñen vostedes un problema coa universidade. Por favor, dean unha opinión sobre que pasa coas prazas de Medicina, se é posible e se a teñen. Porque mañá hai unha xuntanza que vai decidir se se amplían ou non se amplían, se se reducen ou non se reducen as prazas de Medicina. ¿Cal é a súa opinión? Teñen unha boa oportunidade para dicilo, a ver se vai desta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Antes de darlle paso ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, imos saudar os alumnos e alumnas do centro Nosa Señora dos Ollos Grandes, de Lugo, que hoxe nos acompañan xunto con 24 alumnos de intercambio do centro Lycée Joseph Saverne, de Francia, todos de secundaria. Benvidos ao Parlamento.

E tamén saúdo os nosos invitados, que levan con nós xa algún tempo.

Ten agora a palabra a representante do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todos e a todas. E aos alumnos e alumnas de Lugo e de Francia, boa tarde e benvidos e benvidas.

Seguimos falando de profesionais, seguimos falando de políticas de emprego e de preemprego. E asistimos neste Parlamento continuamente á situación de que cada vez que tratamos iniciativas instando a que se cubran prazas de profesionais, de facultativos, de enfermeiras, a contestación sempre é a mesma, que non hai profesionais. Se pedimos pediatras, que xa dixen pola mañá que é unha especie en extinción —e estase despoboando Galiza e, á parte de mozos e mozas que teñen que coller o camiño da emigración, o seguinte son os pediatras—, pois a contestación sempre é a mesma, que non hai. E parece que que non haxa é coma unha especie de maldición bíblica: desapareceron, non hai. E, claro, non hai e resulta que o Partido Popular non fai nada por que haxa. Porque non é que de repente nos levantamos pola mañá e desapareceran. Non houbo unha peste bubónica, non, é un proceso, esta cousa é un proceso. Pois se non se forman ou se non se fan unhas políticas sanitarias e laborais que fagan que os profesionais que se formen, ou que se formen nunha cantidade suficiente, queiran desempeñar os seus labores profesionais nunhas condicións dignas, se non se lles ofrecen uns contratos nunhas condicións dignas, pois non quedan, marchan a onde lles ofrezan unhas condicións laborais onde poidan desenvolver os seus proxectos de vida. E a contestación sempre é que non hai. Non hai profesionais dispoñibles para poder contratar, para poder cubrir as baixas, as vacacións, as licenzas ou os servizos. E non hai porque o Partido Popular non quere que haxa, porque ten a súa folla de ruta moi clara. Para deteriorar a sanidade pública hai que, primeiro, non ter profesionais dispoñibles nin en cantidade nin en calidade suficiente.

E no BNG temos moi claro que para ter uns servizos públicos de calidade, para ter unha sanidade pública de calidade, é preciso, fundamentalmente —á parte doutras cousas—, ter ou obter profesionais formados, cualificados e suficientes. E o que é unha evidencia é que o Goberno do Partido Popular o que leva facendo nas dúas lexislaturas pasadas e no que vai de lexislatura é maltratar ese capital humano. Faino de xeito directo e logo tamén permite que se faga desde outras instancias.

Eu creo que quedou perfectamente explicada cal é a situación a este respecto, que parece, a verdade, pouco xustificable con todo o que levamos xa debatido neste Parlamento a respecto da situación, fundamentalmente de falta de persoal facultativo pero tamén doutras especialidades. Eu vou dar uns cantos datos que deberían facer saltar as alarmas. As xubilacións producidas entre o ano 2011 e 2017, por exemplo, en pediatras foi de 165; en médicos de familia, 315; matronas, 65. E a media de profesionais destas especialidades maiores de 50 anos é do 54,77 % dos traballadores. Estamos falando dunha situación que debería facer saltar as alarmas. Entón, diante desta situación encontrámonos con que a Facultade de Medicina toma a decisión de reducir profesionais. Atopámonos con que, a pesar de traer reiteradamente iniciativas a este Parlamento demandando que o Goberno galego pida máis prazas de formación MIR e EIR, atopámonos co muro do Partido Popular, que non atende estas demandas, e o aumento é pírrico. Diante destas necesidades de profesionais, o aumento é pírrico. Entón, diante de situacións coma estas, de que hai un plan de recursos humanos do propio Sergas onde o que se ve claramente é que hai un avellentamento dos profesionais moi elevado, fundamentalmente de facultativos e de enfermería, ¿como é posible que logo se vaia a unha re-

dución na Facultade de Medicina e que non se pida unha ampliación das prazas, MIR e EIR fundamentalmente, e que logo se diga que non hai profesionais? ¿Ten algunha explicación? Só a explicación dun goberno que ten como obxectivo dinamitar a sanidade pública de Galiza, non ten máis explicación ca esa. Non ten máis explicación ca esa. (*Aplausos.*) Non é entendible por ninguén que teña na súa cabeza ter unha sanidade pública en condicións, non ten ningunha.

Co cal, o BNG vai apoiar esta iniciativa e presentamos unha emenda ao punto 5º por unha razón. No punto 5º, a iniciativa do Partido Socialista solicita un plan de contratación estable e que durante as anualidades de 2018 a 2020 se convoquen unhas OPE de 1.750 prazas ao ano. Na emenda do BNG pedimos un plan de estabilidade de emprego para negociar de inmediato na mesa sectorial e que permita establecer un cadro de persoal coas ratios axeitadas, e o que pedimos é que se remate coa política de precariedade na contratación e que se convoquen a totalidade das prazas vacantes. E as prazas vacantes existentes no Sergas neste momento derivan dos propios datos do Sergas, que agora acaba de convocar concurso de traslados. E ¿con que nos encontramos cando convoca concurso de traslados?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Pois que hai practicamente 6.000 prazas vacantes. Resulta que veñen aquí a sacar peito dicindo que non hai temporalidade no Sergas e convocan 1.680 prazas. E atopámonos con que hai 6.000 prazas vacantes. É dicir, que a temporalidade no Sergas é escandalosa. Entón, parecéndonos que é un avance o que propón o Partido Socialista, párecenos insuficiente. Imos votar igual a favor, porque é un avance. Pero o que pedimos é que...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...se convoquen a totalidade das prazas vacantes, que son practicamente 6.000.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois ben, a ver se as cuestións que plantexaba o voceiro do Partido Socialista teñen máis éxito que as cuestións que lle plantexamos durante a mañá ao conselleiro de Sanidade relativas á súa opinión, ou ao seu plantexamneto, coas especialidades de enfermería, porque parece ser que a Consellería de Sanidade non ten ningún posicionamento sobre a necesidade de máis ou menos matronas, de máis ou menos enfermeiras e enfermeiros de xeriatria ou do resto de especialidades de enfermaría. É bastante lamentable que a Consellería de Sanidade non teña posicionamento, pero é así. Imos ver se o Grupo do Partido Popular si ten po-

sicionamento no caso das especialidades de medicina e da propia carreira de medicina na Universidade de Santiago de Compostela. Este é un tema central, é un tema relevante, unha problemática de falla de profesionais no Servizo Galego de Saúde, común ao resto do Sistema nacional de saúde pero que, evidentemente, en cada comunidade ten unha serie de particularidades específicas. A planificación no Sistema nacional de saúde é un desastre. Eu creo que o podemos afirmar de maneira rotunda, porque non se pode chegar a unha situación tal como esta, na que hai carencia de tantas especialidades de medicina. En primeiro lugar, pois, non sei, levamos nalgunhas especialidades talvez máis de quince anos con dificultades para cubrir algúns profesionais, ou advertindo de que iamos ter dificultades para cubrir estes profesionais. Eu lembro anestesia e pediatría, que eran as máis habituais. E ante esta situación non se fixo nada, non se tomou ningún tipo de medida.

E é unha circunstancia que obviamente vai empeorando á medida en que transcorre o tempo, por razóns obvias, porque os profesionais e as profesionais se van xubilando. Calcúlase que nos vindeiros anos, e na totalidade do Sistema nacional de saúde teñen que xubilarse o 21 % dos profesionais de medicina, esta circunstancia dá a medida da gravidade do problema da ausencia de planificación durante moitos anos, moi responsable, ao noso entender, das necesidades do propio sistema en canto a profesionais de medicina. E, efectivamente, trasladaba aquí o voceiro do Partido Socialista que deberían pronunciarse sobre que van facer mañá respecto do número de persoas que van poder titularse en medicina e posteriormente, evidentemente, tamén respecto do número de prazas de residencia que se nos conceden.

Efectivamente, nós coincidimos en que se remita o informe dos técnicos do Sergas aos grupos parlamentarios referido á recomendación sobre o número de estudantes que hai que admitir. Porque estaría ben coñecer o criterio da Administración sanitaria e que se remita o informe do Consello para a Coordinación da Docencia Clínica en Galicia sobre esa provisión de prazas nos graos de Ciencias da Saúde. É, obviamente, información, unha cousa moi revolucionaria que estamos acostumados a pedir e que habitualmente non se nos proporciona. Hai que tirar xa da ironía porque é bastante habitual que non se faciliten os informes nesta Cámara. E, dende logo, en que se avalíe coa Universidade esa dotación de medios humanos, esa dotación de medios físicos, e tamén no referido ao punto que fala da planificación das prazas de residencia. Nós non podemos entender como durante todos estes anos se deixou pasar esta circunstancia, e é unha responsabilidade directa do Ministerio de Sanidade. Un desastre en planificación e xestión, e non se pode chegar a este punto. Pero tamén hai unha responsabilidade directa da Consellería de Sanidade bastante obvia, que é que ten que ser quen faga pois un «inventario», cualifique cales son os profesionais que necesitamos, cantos se van xubilar nos anos actuais, nos anos vindeiros, e que a curto e a medio prazo faga unha planificación lóxica, aceptable, que poida trasladar ao Ministerio. Iso debería ser o normal. Sen embargo, agora atopámonos nunha situación de incerteza na que temos que tirar de medidas extraordinarias, como esa que o Partido Popular aprobou na modificación da Lei de saúde referida aos profesionais extracomunitarios. Está habendo problemas nalgunhas comunidades autónomas con profesionais que non teñen unha titulación homologada no noso país. E a min chámame moito a atención —aínda que hai outros países que si teñen, evidentemente, titulacións que son homologables a pesar de que sexan extracomunitarios—, chámame moito a atención, porque, haberá cousa dun ano, falando deste tema na Comisión 5ª de Sanidade, nós propuxemos unha serie de medidas, entre elas contratar profesionais

de fóra, e a min díxoseme que iso non se podía facer porque era moi caro. E iso xustificaba que non se puidesen facer esas contratacións, e, polo tanto, que dese igual que non tiveramos profesionais. Esa foi unha das propostas, unha de moitas.

Evidentemente, nós imos apoiar esta moción porque entendemos que é o mínimo exixible, a información e o coñecemento do posicionamento da Consellería de Sanidade e da Consellería de Educación da propia Xunta de Galicia respecto de cantos e cales profesionais se van formar para substituír as carencias que temos.

Repito que temos unha situación grave, derivada dunha planificación nefasta e tamén das medidas restritivas impostas polo Goberno central e polo propio Goberno galego que «obrigaron» a xubilarse a moitos profesionais e agora andamos chorando polas esquinas pedíndolles que non se xubilen porque non temos profesionais para substituílos, ou mesmo os recortes ou as medidas restritivas —remato xa— en canto ao económico que durante moitos anos foron incrementando esas amortizacións de prazas. E desa mala xestión e administración vén a situación actual de deterioración do Sistema nacional de saúde e do Servizo Galego de Saúde.

Nós imos apoiar a moción e agardamos tamén a ver se podemos escoitar algún tipo de resposta. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Saúdo tamén os alumnos do centro Nosa Señora dos Ollos Grandes, de Lugo, que veñen acompañados por estudantes franceses, e o público que nos acompaña na tribuna.

Señor Torrado, hai menos dun mes, no anterior pleno e nesta mesma Cámara, o conselleiro de Educación respostáballe con claridade e de maneira concreta a unha parte da moción que hoxe nos presenta. Pero vostede, erre que erre... Imaxino que co claro propósito de desgastar e de confundir, co mesmo mantra de sempre. Pero, mire, a realidade é a que é, o Goberno está ben anclado e a sanidade na nosa comunidade goza de boa saúde.

Trae vostede na súa moción cinco puntos. Respecto do primeiro e do segundo, repítolle o que todos nós escoitamos e o que case todos entendemos nesta Cámara ao conselleiro de Educación. Os artigos 43 e 44 da LOU regulan as competencias en materia de determinación de prazas ofertadas nas universidades públicas, así como a fixación de límites máximos de admisión de estudantes. E tamén nos dixo que en Galicia o procedemento para a determinación da oferta de prazas nas titulacións oficiais de grao e máster nas universidades do Sistema universitario de Galicia estableceuse nas instrucións do 12 de febreiro do 2015 da Secretaría Xeral de Universidades. E o caso concreto da oferta de prazas para o ingreso nos

graos en Ciencias da Saúde impartidas no Sistema universitario galego está regulado polo Decreto 104/2011, do 12 de maio, polo que se crea o Consello para a Coordinación da Docencia Clínica en Galicia. Dado que a oferta de prazas nas titulacións de Ciencias da Saúde necesita do preceptivo informe do Consello para a Coordinación da Docencia Clínica en Galicia, tamén escoitamos aquí que está prevista, como se dixo, unha xuntanza para mañá, 11 de abril.

Señor Torrado, será nesta reunión do Consello para a Coordinación da Docencia Clínica, que conta con representación da Consellería de Cultura e Educación, da Consellería de Sanidade, do Sergas —que elabora anualmente un informe sobre a previsión de necesidades profesionais no eido da medicina—, dos hospitais universitarios galegos e das tres universidades galegas, onde se consensúe o número de estudantes que se vaian admitir no curso 2018-2019. Non depende unicamente do criterio do Sergas, conta a opinión de todas as partes.

En calquera caso, mire, o número de prazas que se convoca finalmente axústase sempre ás necesidades previstas de médicos en Galicia, e vostede sabe que o número de prazas que se forman na Facultade de Medicina de Santiago este ano é de 360.

Respecto do número 3 da súa moción, xa se pactou hai meses. E fala vostede, no número 4, de desenvolver as accións necesarias para conquistar unha ampliación de prazas MIR en Galicia atendendo ás recomendacións dos informes técnicos do Sergas. Señor Torrado, non se fai outra cousa. Evidentemente, desde o Sergas analízanse as plantillas, a evolución das mesmas. Fanse cálculos con base nos múltiples factores que afectan. Son estimacións que o Sergas fai de maneira constante. Pero, mire, estamos a falar dunha profesión de seis anos de duración, de un, dous ou tres anos para preparar un exame MIR, de catro ou cinco de especialidade; é dicir, dez ou once anos. Créame que isto non lle é fácil. Levamos corenta anos de formación MIR en España, un MIR de elevada cualificación, con profesionais de excelencia formados en hospitais tamén de excelencia. Mire, este ano, no 2018, 14.450 presentados —mil máis que o ano pasado—, 6.500 prazas ofertadas, e quedan case 8.000 aspirantes a esa formación. ¿Seguimos formando máis médicos? Esta é a cuestión.

E, para rematar, o punto número 5 pide un plan plurianual de contratación estable. Señor Torrado, 1.616 prazas na OPE do 2017, duplicáronse as prazas. Hai unha provisión aproximada de 5.000 prazas de aquí a 2020. Temos a estabilidade máis alta de todo o Goberno español —si, señor—, co obxectivo de eventualidade posto no 5 % cando o Goberno central pide un 8 %. Recomendolle que lea o DOG do 7 de febreiro do ano 2018.

A reforma da Lei de saúde, que vostedes votaron en contra, vén dar estabilidade e mellorar o Sistema galego de saúde: ofertas públicas de emprego anuais, concurso de traslados aberto permanente, mellora das condicións laborais do persoal temporal cun novo pacto de contratación, posibilidade, a través da reforma actual da Lei de saúde, de vincular a profesionais extracomunitarios e flexibilidade na idade de xubilación, entre outros.

Mire, vostedes piden nesta moción cousas que non son decisións exclusivas da Xunta de Galicia, salvo no tema da estabilidade no emprego. Este si que é competencia, e aquí recórdolles o DOG do 7 de abril do 2017, no que o conselleiro de Sanidade asinou cos principais sindicatos

profesionais, CESM, O'Mega, SATSE e CSIF o Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde 2017-2018.

E, por último, recordando a opinión que piden aquí sobre o que pasa en cámaras a quiñentos quilómetros de Galicia, nós centramos o debate en Galicia, imos falar de Galicia e imos pedir cal é a opinión que teñen vostedes do que pasa nesta Cámara. (*Murmurios.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Polo grupo autor da moción, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Grazas, sen ningunha dúbida, aos grupos que amosaron o apoio a esta moción. Non imos aceptar a emenda do BNG. Aínda que compartimos basicamente o mesmo que di, preferimos a nosa formulación porque temos o construto económico construído sobre como facelo e axustámonos mellor a isto.

Sobre a posición que manifestou o Partido Popular —a non-posición que manifestou o Partido Popular—, sorpréndenos que digan «xa lle contestaron a semana pasada». Non, contestaron o mesmo que escoitei agora, que isto si pero non, non pero si, e que é cousa que xa di a LOU e que, polo tanto, non nos corresponde; e que, ademais, isto corresponde ao Consello Galego de Docencia Clínica. Vouno ler outra vez, a ver se vai ser que nos podemos enterar.

O que di a LOU sobre a quen corresponde a competencia é: «*Las comunidades autónomas efectuarán la programación de la oferta de enseñanzas de las universidades públicas de su competencia y sus distintos centros, de acuerdo con ellas y conforme a los procedimientos que establezcan.*»

Ata onde nós sabemos, isto é unha comunidade autónoma, e Santiago, que é a universidade que ten a facultade de medicina, está en Galicia. Polo tanto, este artigo di que a Consellería de Educación Universitaria, que é a competente nesta materia, ten a decisión.

Hai un Consello de Docencia Clínica de Galicia, si. ¿De onde depende? Da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. É máis, ¿quen o compón?, ¿quen é o presidente? O titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. E ¿quen é o vicepresidente? O titular da Consellería de Sanidade, ou as persoas en que deleguen. ¡Pero se son vostedes! A súa resposta sobre se hai que aumentar, reducir ou manter as prazas na universidade ¿consiste en dicir que iso xa está na lei e que non teñen que dicir nada? ¡Pero se son vostedes os que teñen que opinar! ¡Se é a Xunta de Galicia! Non poden subir aquí a dicir: non, é que... Pasa unha cousa: vostedes non queren dicir o que pensan sobre isto. Vostedes non queren contar o que pensan sobre isto, porque teñen un problema, porque non se queren enfrontar a ninguén. Pero teñen un problema porque teñen vostedes a opinión. Non, din que xa o dirá o Consello Galego de Docencia Clínica. É que se reúne mañá. Pero ¡cando vai ter opinión a Xunta de Galicia! ¿Cando se van reunir? ¿Hoxe pola noite? ¿Vano decidir

hoxe pola noite? ¡Pero vostedes que cren, que isto é un máster da Rei Juan Carlos! *(Aplausos.) (Fortes murmurios.)* Aquí hai que opinar sobre as cousas. Reúnese mañá. ¿Vostedes non teñen opinión sobre a reunión á que teñen que ir mañá a definir a súa posición sobre se hai que aumentar ou reducir as probas da universidade en Medicina, non teñen opinión? Vostedes cren que se compran aquí as opinións como se compran os títulos no Rei Juan Carlos, pero vostedes, ¿teñen algunha opinión? ¿Vostede comprou un título na Rei Juan Carlos? Non sei..., *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Pero teñen algunha opinión sobre isto?

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TORRADO QUINTELA: É que contestaron tres veces e aínda non saben dicir se opinan unha cousa ou outra. Vostedes teñen un problema e é que non queren dicir o que pensan, ou probablemente non lles interese. Pero teñan unha cuestión, é mañá. Polo tanto, se eses informes existen, que supoño que o Sergas terá feito o seu traballo e existirá ese informe para mañá, supoño, non farán como algúns informes ou actas que os fan falsificados a posteriori, supoño que non os farán así.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Supoño que o Sergas terá emitido ese informe.

Pedimos que os grupos parlamentarios teñan ese informe e pedimos que o Consello Galego de Docencia Clínica poida facilitar ese informe. ¿Tan difícil é de facilitar un informe? ¿Vostedes consideran unha arte esconder as cousas? Está visto que nos últimos días lles dan títulos a quen os fai mellor. Pero, ¿vostedes consideran isto unha arte? É información.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: —Remato, presidente—.

Se consideran que isto non é a súa obriga, a lei —esa á que vostedes apelan para dicir que lles dá a razón— di que é a súa competencia. Vostedes, a verdade, o que demostran é que algo teñen que ocultar, porque non queren dar nin sequera esta opinión. É dicir, vostedes considéranlo un acerto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Pero, en todo caso, os profesionais sanitarios necesitarían esa opinión, precisamente, porque con vostedes non poden contar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Rematou o debate. Procedemos á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

Votamos a Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada dona Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, así como de atención ás persoas dependentes.

Acéptase a emenda, aceptou a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e eu enténdinlle que ía facer unha transacción con... ¿Non a hai?

¿Para que quere a palabra, señora García Míguez?

Perdón, déanlle voz ao escano, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Queriamos solicitar a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: Xa lle dixo que non. Xa lle dixo na intervención que non lle ía aceptar a votación por puntos.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Xa.

O señor PRESIDENTE: Entendín eu que dixo vostede iso.

Na súa intervención xa lle dixo que non.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ¡Ah! Moi ben, grazas.

O señor PRESIDENTE: Entón votamos esta moción coa emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, así como de atención ás persoas dependentes

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia.

Non se presentaron emendas.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

E votamos, por último, a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e a precarización do emprego na sanidade pública.

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Acepta vostede a votación por puntos. ¿E por que non aceptou...? *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Perdón, téñome que aclarar con isto.

Acepta a votación por puntos pero non lle acepta a emenda. Non, non, votación por puntos.

Entón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non aceptou a emenda, entón votamos por puntos. ¿Cal punto quere separar? O último punto.

Votamos en primeiro lugar o último punto.

Votación do derradeiro punto da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e precarización do emprego na sanidade pública.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 36; abstencións, 5.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, agás o derradeiro punto, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina, e para evitar o déficit e precarización do emprego na sanidade pública.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos e, consecuentemente, a moción.

Remataron as votacións das mocións.

Abran as portas, por favor.

Pasamos ás proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade en Galicia co fin de eliminar as listas de espera

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incrementar o número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade da nosa Comunidade Autónoma, co obxectivo de eliminar a lista de espera antes de que remate o ano 2018, tanto nas solicitudes como nas revisións das valoracións de discapacidade».

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Quero, antes de nada, dar a benvida aos nosos convidados que nos acompañan hoxe, o presidente de Cermi Galicia, o representante de Down Galicia, de Fegadace, de Cogami e de Fagal. Moitas grazas por asistir hoxe a esta sesión plenaria para seguir o debate desta iniciativa.

En xuño de 2017 o PSdeG traía — máis ben levaba á Comisión 5ª — a mesma iniciativa que imos debater hoxe. A primeira pregunta é, ¿por que repetimos esta iniciativa? Pois volvémosla traer porque daquela o Partido Popular votou en contra, foi o único grupo que o fixo, e o que pediamos era que se solicitara o incremento do número de equipos de valoración de discapacidade. Volvemos traela, como dicía, porque votaron en contra, porque lles quedou esa asignatura pendente o ano pasado, e imos ver se podemos hoxe facer unha repesca, e ademais porque a situación, lonxe de mellorar, o que veu facendo neste último case ano foi empeorar a pasos axigantados.

Hai hoxe en día unha lista de agarda nas valoracións de discapacidade que é absolutamente inaceptable e, ademais, unha mostra máis da dieta de adelgazamento a que vén sometendo o Goberno do Partido Popular as políticas sociais nestes últimos anos. Isto a pesar de ter unha herdanza recibida, unha boa herdanza, esa Lei de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas con dependencia que puxemos en marcha os socialistas e da que — como sempre digo e vou seguir repetindo — nos sentimos moi orgullosos e orgullosas dela.

E o único que tiñan que facer era alimentar esas políticas, orzalas, e, polo contrario, o que están é poñendo en vigor dietas milagre que os socialistas non queremos.

Un recoñecemento da discapacidade que se realiza a través duns equipos de valoración que dependen directamente das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social. Hai nas sete cidades, o número de equipos na Coruña é de catro, en Ferrol, en Santiago e en Lugo de dous, e en Ourense, Pontevedra e en Vigo son tres os equipos de valoración que están agora mesmo en vigor.

Unha normativa, unha atención que vén rexida pola orde do 25 de novembro do ano 2015 pola que se regula este procedemento e que establece — e queroo recalcar hoxe aquí — un prazo máximo para resolver estas solicitudes de tres meses. O que nos atopamos é cunhas listas de agarda, como dicía, insoportables en toda a comunidade autónoma, pero que son especialmente significativas e graves agora mesmo na provincia de Pontevedra, onde as solicitudes que se están a tramitar a día de hoxe foron rexistradas na Consellería en xullo do ano 2015. É dicir, o que deberan ser tres meses de valoración e de procedemento administrativo estase alongando case en tres anos.

Hai, polo tanto, na provincia de Pontevedra, só, 7.000 solicitudes enriba desas mesas, da xefatura territorial, e hai en total en toda a comunidade autónoma — en todas esas delegacións da Xunta de Galicia — 17.000 solicitudes que están pendentes de resolución.

E, ¿por que se fai isto? Porque se se establece un prazo de tres meses se acaban resolvendo en tres anos. Bueno, pois o certo é que esa facultade extraordinaria que ten a Administración pública, que se recolle nesa orde do 25 de novembro de 2015, o Goberno galego estaa utilizando como unha práctica habitual.

É importante este recoñecemento, non é un papeliño máis. As persoas ás que se lles recoñecen legalmente esas limitacións físicas e psíquicas reciben un certificado, un grao de dis-

capacidade que dá acceso a determinados dereitos e a determinados beneficios, por poñer algúns exemplos: a redución no IRPF, a exención en determinados impostos, subvencións para a mobilidade, o dereito de acceder a determinadas oposicións, a prazas de emprego público. É importante non soamente para estas persoas, e quero resaltalo hoxe aquí, senón tamén para as súas familias. Non nos podemos esquecer desas coidadoras, desas nais, desas irmás que son as que están atendendo estas persoas e que están, tamén, esperando recibir eses beneficios da Lei de dependencia.

Uns graves prexuízos que non soamente ten denunciado o Grupo Socialista e o resto dos grupos da oposición tamén, senón que a propia Valedoría do Pobo no ano 2016 —nese informe dese ano— resaltaba o inaceptable destas condutas e puña como exemplo, por exemplo, que houbera varias persoas que non se puideran presentar a prazas de emprego público por non dispor deste certificado de discapacidade. Isto, señorías, é especialmente grave, porque ocorre precisamente na comunidade autónoma que ten a taxa de ocupación de persoas con discapacidade máis baixa de toda España.

Un prazo excesivo, como dicía, que atrasa a consolidación dun dereito que en moitos casos moitas destas persoas falecen antes de telo recoñecido. Hai que lembrar que o 32 % das persoas que están a solicitar ese grao de discapacidade teñen máis de setenta e cinco anos.

E tamén me quero lembrar hoxe delas, unha angustiada agarda para aquelas persoas que están a pasar por unha situación socioeconómica complicada. A desatención nestes equipos non é ningunha novidade, a falta de medios humanos, de recursos humanos e de recursos materiais vén sendo unha constante nestes últimos anos, e chega a tanto que nin sequera se están a substituír as baixas do propio persoal da Xunta.

Levan dende o ano 2002, exactamente dezaseis anos, sen convocar prazas para estes equipos de valoración de discapacidade. E claro, daqueles pos, estes lodos, unha lista de agarda de 17.000 expedientes en toda a comunidade autónoma.

Ante esta situación, ¿que fixo o Goberno galego? ¿Dar prazas? Non. O que fixo foi un remendo, asinar un convenio de colaboración entre dúas consellerías, a de Política Social e a de Sanidade, para facer —á fin e ao cabo— incrementar a carga de traballo do propio persoal do Sergas.

¿Que se lle require a este persoal de reforzo? Ser licenciado sanitario do Sergas, maioritariamente e preferentemente que sexan médicos de familia, médicos de traballo ou de atención primaria, ou de urxencias hospitalarias, como se xa este persoal non estivera suficientemente sobrecargado de traballo. E, a maiores, un cursillo semipresencial de vinte horas, onde soamente doce horas son presenciais para —repito— substituír postos de traballo como os dos equipos de valoración de persoas que levan décadas traballando e que están especializadas en dano corporal, principalmente.

Incúmprese, ademais, a orde do 25 de novembro, xa que no artigo 6 di que cada órgano de valoración ten que ter unha composición mínima. E o que se está a facer é substituír ese médico que deba ser obrigatorio por un médico do Sergas, o cal é algo que —repito— non

se pode facer con base nesta orde. E tamén incumpre o artigo 19.6, posto que esta valoración por facultativos do Sergas soamente se pode facer —segundo di a propia orde— por circunstancias especiais da persoa interesada e que non poida, por algunha razón, acudir a estes equipos. Repito, circunstancias especiais solicitadas pola persoa que está a pedir este certificado, non por unha decisión discrecional e unilateral da Consellería.

Ademais, segundo se di no propio convenio de colaboración —e quero citar textualmente—: «Os expedientes informados por estes profesionais non precisarán que as persoas valoradas acudan á consulta». Só se recolle isto de feito excepcional, é dicir, as valoracións médicas son valoracións a distancia.

No que se refire á valoración social —que nós consideramos que é importantísima e que hai moito tempo que está relegada a un segundo plano—, o feito é que o solicitante ten que ser o que opina de maneira expresa. ¿E que supón se non ten esta valoración? Pois en moitos casos unha perda de quince puntos nese expediente global de valoración. O mesmo que ocorre, tamén, coa valoración dos traballadores e das traballadoras sociais.

Por se fora pouco o desleixamento na posta en marcha deste convenio, isto fíxose dando as costas ao propio persoal da Consellería de Política Social, que solicitou en numerosas ocasións ese convenio de colaboración, que o que quería ter era información ao respecto e que non a puido ter. Tívoa cando nós a solicitamos a través do artigo 9, por certo, con atraso. Raquíuticos requisitos para suplir a especialistas que son a dieta milagre de adelgazamento de listas de agarda, que o presidente da Xunta anunciaba a bombo e platillo. Unha medida curtopracista que supón mingua do servizo, que bota balóns fóra e que supón, ademais, un parche moi custoso para a propia Administración. Son 360.000 euros o que se leva investido nestes dous anos neste convenio de colaboración.

Nós o que levamos anos reclamando non é incrementar a carga de traballo do persoal da Xunta de Galicia, nin a través de horas extra dos equipos de valoración nin tampouco do persoal do Sergas, senón que o que estamos a pedir é un incremento do número de postos de traballo.

Esperamos que hoxe —a pesar de que sexa tarde, mal e arrastro— esta iniciativa saia adiante. É importante porque nós non podemos agora eliminar os problemas que todas esas persoas sufriron por eses atrasos. Pero si o que podemos é aliviar o daquelas solicitudes que están pendentes e tamén evitárllelos a todas aquelas persoas que soliciten unha valoración de discapacidade no futuro.

E máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Blanco.

Por parte do Grupo Popular de Galicia ten a palabra a señora Marta Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Desde aquí tamén quero saudar os representantes das entidades de discapacidade que están hoxe connosco.

Ben, pois falamos hoxe dun tema que non é novo neste hemiciclo e que consiste nos atrasos nos que se atopan os expedientes na tramitación de valoración do grao de discapacidade tanto nas novas solicitudes como nas revisións. Unha situación coa que o Grupo Parlamentario Popular está tamén preocupado e, por descontado, quere que se resolva canto antes, como así o fixemos patente noutras intervencións.

Aínda que o Goberno galego foi dando algúns pasos para solventalo, é unha situación que está a ser complicada por varias causas, a primeira é, precisamente, as características que tiña a complexidade do procedemento de valoración, que impedía a resolución do recoñecemento do grao de discapacidade nos prazos establecidos na norma. O obxectivo que compartimos con vostede, señora Blanco —non o dubide—, de reducir o número de expedientes actualmente pendentes de recoñecemento e conseguir a valoración no prazo establecido non é unha cuestión que dependa única e exclusivamente do reforzo dos equipos e do aumento de persoal. É moito máis complexo. En cada caso particular, en cada sección, existe unha problemática diferente —como vostede sabe que ocorre ás veces na Administración— e que se estivo a analizar ata o de agora.

A segunda causa é que en Galicia se incrementou o número de solicitudes e iso conleva unha importante demora na tramitación debido a varios factores dos que falamos aquí moitas veces: do envellecemento da poboación, dos cambios demográficos e sociais, do progresivo incremento do número de beneficios que están aparecendo nos distintos ámbitos socioeconómicos dirixidos ás persoas con discapacidade —do cal nos congratulamos— e do progresivo incremento do número de solicitudes de revisión do grao de discapacidade derivado das anteriores causas.

Isto, que non deixa de ser unha complicación máis no caso de aminorar os tempos, significa que se están a facer as cousas relativamente ben, porque a Consellería de Política Social está dedicando unha gran parte do seu orzamento. E nos temas de discapacidade estanse a conseguir políticas máis inclusivas e beneficios, polo que a xente que antes non solicitaba o grao de discapacidade, porque moitas veces non valía para moito, hoxe si o fai. E, vólvoo dicir, nós congratulámonos de que así sexa.

Dende o ano 2011, no que os expedientes pendentes de valoración se reduciron un 23,78 %, o Goberno galego implantou melloras para reducir os tempos de tramitación co obxectivo de cumprir os prazos fixados; medidas como o acceso á historia clínica electrónica das persoas solicitantes por parte dos médicos dos EVO, así como a implementación para que estes médicos poidan acceder ao Ianus ou reforzo a través de profesionais do Sergas e a aprobación da carteira de servizos.

A estas novas medidas, que se empezaron a implementar no ano 2017, súmanse as implantadas nos últimos anos: o plan e o sistema de xestión e reforzo dos EVO en Santiago, Pontevedra e Vigo en 2015 e 2016; a redistribución das áreas xeográficas de atención das seccións de Santiago de Ferrol; e a reasignación dos concellos de cada área co obxectivo de

referencialos así á sección máis próxima en atención á súa capacidade de xestión; e co fin de evitar desprazamentos innecesarios ás persoas que solicitan estas valoracións de discapacidade.

Así tamén como medidas para simplificar o procedemento administrativo, que —como dixen ao principio da intervención— é un proceso moi complicado e que alonga o tempo, burocraticamente falando, sen necesidade. Pero todavía hoxe existe unha bolsa de pendentes de recoñecemento e non se consegue a valoración no prazo establecido. De feito, o conselleiro de Política Social hai dous meses —no mes de febreiro— pediu desculpas en declaracións feitas en febreiro polos atrasos na valoración dos expedientes. Polo tanto, o que queremos dende o Grupo Popular é que se resolva esta situación e se proceda dun xeito rápido á valoración do grao de discapacidade. E dado que coas melloras adaptadas aínda persisten as listas de agarda, é polo que presentamos a seguinte emenda que esperamos que conte co seu apoio:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar o número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade da nosa comunidade autónoma co obxectivo de eliminar a lista de espera antes de que remate o ano 2018, tanto nas solicitudes como nas revisións das valoracións de discapacidade.»

Esperamos que conte co seu apoio.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Por parte do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Monserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Eu tamén quero comezar saudando os representantes das entidades que nos acompañan hoxe aquí no Parlamento. Porque, dende logo, o tema que estamos abordando —non por ser un tema que xa tratamos en máis ocasións— non deixa de ser un tema que nos preocupa. E preocúpanos porque son moitas as persoas que, derivado da non solución do mesmo, sofren as consecuencias.

Eu teño que empezar dicindo que lamento, señora deputada, que na súa intervención usou moito a escusa —a escusa de mal pagador—. E parécenos ben que o conselleiro de Política Social pida desculpas, as desculpas están ben, pero está moito mellor poñer medios e solucionar os problemas; iso, dende logo, estaría moito mellor.

E sabemos que hai un problema, o que non sabemos, dende logo, é cal é a solución que está poñendo a Xunta e a Consellería encima da mesa. E eu lamento que vostede diga hoxe aquí que a Consellería está a facer ben as cousas; cando hai máis de 17.000 persoas en lista de espera e hai persoas que levan case tres anos agardando para unha valoración, que vostede iso considere que é estar facendo as cousas desde a Consellería ben...

A verdade é que creo que debería revisar os conceptos, dígollo con franqueza. Porque a realidade é que as persoas necesitan esa valoración do seu grao de discapacidade, ese recoñecemento de grao para moitas cousas. E non telo supón a demora ao acceso de moitas cuestións, porque todo está moi burocratizado. E necesitan para ter determinados beneficios sociais, que poden supoñer unha mellora no ámbito económico da unidade familiar ou no ámbito individual, no acceso á formación ou facilidades para acceder a un novo emprego. Leva consigo o non telo o risco de exclusión social derivado dunha situación que impide desenvolver o traballo ou a vida con normalidade. E moitas veces significa perder o posto de traballo mentres non chega ese recoñecemento, ou non ter unha participación na vida normal: cuestións como ter para aparcar o vehículo ou para o transporte público. Bueno, pois cuestións que para unha persoa normal poden parecer insignificantes pero que para as persoas que o necesitan son un mundo, e telo ou non telo significa moitas cousas.

E, dende logo, nós lamentamos que non se tome realmente como unha prioridade. Como aquí ben se dixo, desde o ano 2002 non se convocan prazas para os equipos de discapacidade. E falamos de que non é unha novidade, estamos falando de case dezaseis anos, e que, claro, temos unha poboación envellecida, que cada vez hai máis dificultades, e que iso require máis demanda e máis expedientes. Pero é que non é unha novidade, non é algo que acabe de xurdir, non é algo que caia de repente e que nos atopemos cunha situación extraordinaria; é algo que se ve vir e que é necesario tomar medidas.

E vostedes puxeron encima da mesa un tema que se sacaron da manga, ese convenio co Sergas, que quedaron de valorar pasado un tempo e non sabemos se fixeron esa valoración. Ademais desa situación que, desde logo, nós consideramos que raia a ilegalidade, ese convenio, pois non sabemos como funcionou e cal é o resultado. E van a golpe de que lles estean encima e de que lles teñamos que estar instando a tomar solucións. Co cal, dende logo, a sensación, non só que teñamos aquí o BNG, senón realmente a xente que está nesa situación —e supoño que as entidades que están hoxe aí na tribuna—, é de que non están tomando en serio a situación que viven as persoas e que significa un drama para as persoas que o viven. Porque non ter esa valoración significa non poder empezar coa seguinte engranaxe, que é ir pedindo as outras cuestións.

Entón, eu non sei se o partido propoñente da iniciativa vai aceptar a emenda que propoñen, pero se se acepta que sexa antes de que finalice este ano vai significar que o van tomar en serio. Porque, dende logo, as persoas que están nesta situación necesitan que non se estea xogando con esa situación de drama.

E o que é evidente é que con menos recursos e con máis peticións só hai unha solución, que é máis persoal e máis equipos. Dende logo, o que fixeron foi un reforzo en equipos xusto onde había menos listas de espera. E iso chámase..., ten un nome, porque onde hai máis listas de espera, que é a provincia de Pontevedra, foi xusto onde non reforzaron. Reforzaron curiosamente Ferrol —é casualidade que o conselleiro sexa de Ferrol—, reforzaron Ferrol e Santiago, onde había menos listas de espera. Iso ten un nome, señoras e señores do Partido Popular, ten un nome.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora PRADO CORES: E eu agardo que a vontade de solucionar as cousas non pase por facer as cousas como se están facendo e que signifique, realmente, pensar nas persoas que están sufrindo as consecuencias de como fan vostedes as cousas.

Nós imos apoiar a iniciativa do Partido Socialista con ou sen emenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Noela Blanco.

Desculpe, señora Vázquez Verao. Por parte do Grupo de En Marea ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidenta.

Saudar primeiro os colectivos que nos acompañan.

En Marea tamén trouxo o ano pasado unha PNL relativa á mesma cuestión e volvemos — de novo como toda a oposición — á rexistrala, porque lonxe de mellorar a situación, pois seguimos na mesma. É necesario, segue sendo necesario, aumentar de xeito estable os postos de traballo nos equipos de valoración da discapacidade para rematar con esa intolerable lista de agarda que non cumpre coa normativa, tanto na revisión do grao como na valoración de novos graos de discapacidade. Porque malia que a Xunta nos aseguraba que si ían reducir os tempos de espera e cumprir coa lei — en definitiva trátase de cumprir coa lei —, a realidade é que continúa o colapso dos expedientes de valoración, como xa se sinalou aquí, sobre todo na provincia de Pontevedra, na que se chega a atrasos de tres anos.

Os equipos de valoración e orientación para a discapacidade son equipos multidisciplinares, é moi importante esta cuestión; son equipos multidisciplinares e todas e todos os profesionais dos mesmos precisan unha estabilidade. E a súa función, queremos tamén lembrar, vai máis aló de valorar esa cuestión, de valorar o grao de discapacidade, pois en teoría teñen, tamén, funcións de orientación para a habilitación, para a rehabilitación, e medidas destinadas para favorecer as persoas con discapacidade.

¿Que sucede? Que co nivel de persoal insuficiente que teñen se deben dedicar ao mínimo, a sacar a adiante estes expedientes, e aínda así non se dá abasto. Como parche, como xa se ten expresado aquí, a Xunta propuxo un convenio de colaboración cos médicos do Sergas para a valoración, para a suposta axilización destes expedientes. Primeiro, ese convenio de colaboración para o reforzo destes equipos con horas extra de profesionais do Sergas fíxose sen contar cos sindicatos de política social, fíxose a escuras, os propios partidos da oposición, como tamén dixo a señora Blanco, pedimos ese convenio e entregóusenos tarde, a través dese artigo 9, que se incumpre tantas veces, artigo 9 do Regulamento do Parlamento que nos permite pedir documentación, pero incúmprese tantas veces que non sei se ten a súa función.

Como dicía, a suposta axilización dos expedientes, porque tanto ten que se adiantase esa valoración médica se segue colapsada a estrutura xeral, porque o problema é estrutural, hai que reforzar estruturalmente eses equipos, e tamén porque —como xa foi exposto aquí— o persoal do Sergas sofre xa unha saturación.

A Consellería de Política Social admite agora que non é suficiente o persoal dos EVO para resolver as solicitudes nun prazo razoable. Saudamos que o admita, pero nós xa trouxemos o ano pasado aquí esta cuestión e votouse en contra. E isto é normal, é normal que estea saturado o persoal porque se amortizaron prazas, e ademais, como xa foi dito, non se cobren as baixas. É unha situación que era esperable.

A Xunta, nunha resposta a En Marea, do mes de setembro pasado, cando tamén propuxemos aquí no pleno a mesma PNL, recoñecía o incremento progresivo de solicitudes da valoración e revisión do grao de discapacidade que existía, pero non se acompañou con medidas efectivas para a redución das listas de agarda. Dicíanos a Xunta: «Estanse implementado continuas accións de mellora para reducir os tempos de tramitación co obxectivo de cumprir os prazos fixados na normativa de referencia.» Seguimos sen cumprir esta cuestión.

As demoras en Pontevedra chegan ata os dous anos. Mesmo a unha persoa, como coñecemos pola prensa, lle trasladaron que a obtención do certificado de discapacidade para o seu pai, que ten oitenta e tres anos, podería tardar ata tres anos. Estamos a falar de persoas con idade moi avanzada que terían dereito xa a exencións fiscais ou a prazas de aparcamento e que non o poden exercer. O que tamén é grave nas situacións de persoas que poderían ter dereito ao acceso ao emprego público e por non ter este certificado non poden acceder ao mesmo.

A tardanza, ademais, na resolución destes expedientes incide tamén negativamente, xa o temos sinalado sempre, na saturación dos xa —valla a redundancia— saturados servizos sociais municipais, que contribúen á realización destes trámites e asesoran as persoas que consideran que poden ter dereito ás exencións ou aos distintos dereitos que dá este certificado, e xa tamén este atraso colapsa os servizos sociais municipais.

De feito, nós trouxemos aquí estas proposta a instancia dos Servizos Sociais do Concello de Ribadumia, que ese mesmo mes —que era o mes non sei se xuño ou xullo— estaban a virlle valoracións do grao con máis de dous anos e medio de atraso. Pouco máis se avanzou na provincia de Pontevedra.

Así pois, consideramos positivo que o PP recoñeza que fai falta incrementar eses equipos e, polo que vemos, o que hai é unha diferenza de gradación temporal, pero agardemos que só sexa unha diferenza da PNL do PSOE, que propón seis meses, e a emenda do PP propón a final de ano. Agardemos que só sexa iso e que non veñamos aquí o ano que vén novamente coa mesma PNL. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Agora si ten a palabra, polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Noela Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidenta.

O primeiro que quero facer é agradecer o apoio dos grupos da oposición, que xa tivemos —repito— hai un ano, e agradecer esta..., o que parece unha especie de cambio de posicionamento do Partido Popular, e digo que parece porque escoitándoa a vostede a intervención é moi similar á de hai un ano, pero vendo a súa emenda a verdade é que non ten absolutamente nada que ver.

Vostedes votaron o ano pasado en contra sen presentar ningún tipo de emenda, caeunos —e lémbroo perfectamente— un chorro á oposición importante ese día porque se estabamos exaxerando, porque se non era a realidade... Así que eu creo que, ademais das desculpas do conselleiro de Política Social —que nós valoramos positivamente—, estaría ben que o Grupo Popular pedira desculpas tamén aos grupos da oposición, porque hai 17.000 expedientes —repito— pendentes de valoración na Consellería de Política Social, e iso, por desgraza, o que vén é darnos a razón ao PSdeG cando denunciámos este tema.

Dixémolo porque, á parte, explicamos unha cousa que eu creo que é fácil de entender, a señora Vázquez Verao dicíao claramente: son equipos multidisciplinares, o que quere dicir que aínda que se resolva a parte médica, a parte social se vai ir acumulando, e dixémolo naquel momento tamén. Non é o mesmo un médico do Sergas que un médico dos equipos de valoración, ao igual —e poño o mesmo exemplo que poñía aquel día— que un biólogo que é zoólogo e outro que é botánico. Vostedes non escollerían —imaxino— un experto en animais para dirixir un botánico. Pois aquí pasa exactamente igual, son médicos especialistas neses equipos de valoración.

Non hai unha bolsa, como dixo vostede, o que hai é un remolque de expedientes, iso é o que hai agora mesmo. Con situacións moi graves, coa súa responsabilidade detrás delas, porque en Pontevedra hai atrasos de máis de tres anos; pero é que hai de máis dun ano en situacións graves, en persoas de máis de setenta anos, en persoas que están a recibir pensións non contributivas, en nenos e nenas e, señora deputada, en persoas con cancro terminal. Isto está ocorrendo agora mesmo nesa delegación, e, ¿por que? Por un capricho e por unha decisión electoralista, que foi a de trasladar ese equipo de valoración a Ferrol —¡oh, casualidade!—, onde o conselleiro de Política Social (*Aplausos.*) vai ser seguramente candidato á alcaldía, e non poñelo en Pontevedra, que levaban solicitando os traballadores e as traballadoras dende o ano 2016.

Imos intentar chegar a un acordo, a unha transacción, é certo que consideramos que é importante, agradecemos —como dicía— o apoio dos grupos da oposición e este cambio de posicionamento, que parece que ás veces —e quero dicir así tamén— o empeño e a constancia que estamos poñendo dende os grupos da oposición, pero tamén dende o PSdeG en materia de política social, pois ás veces teñen a súa recompensa e dan os seus froitos. Esperamos que estes froitos non nazan podres, e explícome. Esperemos que esta iniciativa que aprobemos hoxe aquí non sexa papel mollado, que cumpran este tema, porque imos estar vixiantes. Porque, señorías, está en xogo a calidade de vida de moitas persoas e depende de que o Goberno galego empece a facer o que non fixo ata o de agora.

E máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co título de adquisición do pazo de Meirás por Francisco Franco

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha autoemenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda e do seu deputado Antón Sánchez García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:

«O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que:

1) Mediante unha acción coordinada entre as administracións do Estado, Deputación da Coruña e Concello de Sada exercite, participe ou coadxuve ás accións legais oportunas, para a incorporación do Pazo de Meirás ao Patrimonio público.

2) Dote á Comisión de Expertos para a devolución do Pazo de Meirás, creada para o fin de estudar as vías legais para dita devolución, dos medios necesarios, materiais e humanos, precisos para desenvolver as súas actuacións do mellor xeito posible, de maneira que poida presentar o seu ditame, á maior brevidade posible.

3) Demande do Estado español:

a) A incorporación da Avogacía do Estado á Comisión de Expertos para a devolución do Pazo de Meirás, así como á Xunta Pro-Devolución, aos efectos do estudo e procedencia das accións administrativas e xudiciais oportunas que deban emprenderse aos efectos da incorporación do Pazo de Meirás ao Patrimonio público.

b) A que de resultas das conclusións xurídicas dos informes emitidos no seo de dita Comisión e Xunta, á vista da proba documental existente, e de conformidade coa estratexia xurídica coordinada antes sinalada entre as distintas administracións (estatal, autonómica e local), incoar expediente de recuperación posesoria do Pazo de Meirás e a interposición das accións xudiciais que procedan. Caso de considerar que a propiedade do Pazo de Meirás era pública, antes de ser outorgada a escritura pública de venda con data 24/5/1941, ao efecto de anular ou extinguir o título de propiedade detentado pola familia herdeira do ditador Franco (nese caso, mesmo a vendedora non podería ter transmitido o que xa non era seu, senón público); ou ben, caso de considerar que o verdadeiro pagador do prezo e comprador non foi o ditador Franco, ao efecto de modificación do referido título no que atinxe á persoa compradora a quen se lle transmitiu o dominio do vendido. E co obxecto da súa reversión e incorporación ao Patrimonio público e o seu posterior destino conveniado a uso dotacional público.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei .

Emenda de substitución

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a instar ao goberno do Estado a poñer en marcha todas as accións administrativas e xudiciais oportunas para conseguir a recuperación posesoria e de oficio para o Patrimonio Público do Pazo de Meirás, comprometéndose a Xunta de Galicia a colaborar en todo o necesario.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- 1. Tendo en conta o acordo aprobado por unanimidade polo Pleno da Deputación da Coruña, demandar do Estado que exercite as accións administrativas e legais oportunas para os efectos de recuperación posesoria e de oficio para o patrimonio público do Pazo de Meirás, e para tal efecto comprometer a colaboración da Xunta de Galiza.*
- 2. No suposto de que esta vía non prospere, iniciar todas as accións administrativas e legais precisas para conseguir que o Pazo de Meirás pase ao patrimonio público, incluíndo a vía civil da acción de nulidade do título da fraudulenta adquisición por Francisco Franco do Pazo de Meirás.*
- 3. Velar co máximo rigor, incluíndo sancións económicas, para que a familia Franco cumpra as esixencias derivadas da declaración do Pazo de Meirás como BIC. E para que nas visitas se respecte a verdade histórica e a memoria das vítimas do franquismo.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Volvemos traer o tema do pazo de Meirás porque consideramos que a situación é urxente. E dicimos isto porque o pazo de Meirás está en venda, e dicimos isto porque é necesario lembralo, porque é necesario ter prudencia, como xa se dixo, pero hai que avanzar sen pausa.

Está pago, pagouno o pobo baixo extorsión, isto sabémolo todas. Hai suficiente documentación que avala esta afirmación, sabemos que houbo doazón encuberta, que houbo transacción ilexítima, que houbo contrato simulado, que é unha das cuestións centrais deste tema.

A venda non soamente a anuncia unha axencia inmobiliaria cántabra, a venda xa está en varios portais en páxinas web internacionais. Polo tanto, cremos que isto necesita unha resposta rápida. Dende logo, en ningún país ocorreu nada igual. Nós imos defender que ademais de notarios, de once persoas que nos ofrecen bastante tranquilidade, que é xente formada e que ademais hai un documento previo histórico xurídico de gran valor e que cremos que van estimar, hai moitos motivos para ter esperanza e moitos motivos para pensar en que hai unidade. Hai un logro histórico de unanimidade.

Pero, en fin, hai que lembrar que este mes de marzo, hai exactamente cen anos e doce días, 28 de marzo do século pasado, ese día se lle entregou a Franco este «agasallo» por unha comisión de notables. Díciase: «*En el día 28 de marzo de nuestro segundo año triunfal*» —di o documento— «*la ciudad y provincia de La Coruña hicieron la ofrenda-donación de las torres de Meirás al fundador del nuevo imperio, jefe del Estado, generalísimo de los ejércitos y caudillo de España, Francisco Franco Bahamonde.*» Esa mesma mañá tamén na catedral de Santiago o arcebispo lle entregou a espada de Deus.

É dicir, un día ben aproveitadiño para Franco, o que se di unha xornada particular. Non sabemos o que sería da espada de Deus, como di o Rivas, non o Rivas o noso compañeiro deputado, senón o escritor, non o sabemos, pero o pazo está aí á venda. Quen o pagou foi o pobo con diñeiro obtido por nóminas, contribucións, por ese sistema de voluntario forzoso, xa por dicilo moi suavemente, é dicir, ex-tor-sión.

Baixo a retórica do imperio a realidade foi que..., en fin, que a ofrenda que ía ser usufrutuaria para os Franco tiveron a habilidade de atalo e ben atalo todo, mesmo despois de morto, de tal maneira que no ano 1978, hai corenta anos, o noso rei emérito, Juan Carlos I de España, lle outorgou á filla do xeneralísimo, do gran ditador, o título de señorío de Meirás.

Ben, isto é unha aldraxe en toda regra, sabémolo quen opinamos que debe existir unha memoria histórica democrática; hai xente que o nega, hai xente que dubida de que exista, pero, dende logo —pode que haxa xente que negue que existe unha memoria histórica democrática—, ou é alguén descerebrado, amnésico, amnésica, non sei, pero supoño que toda a xente estará de acordo en que existen vergonzas históricas. Como diría tamén o mesmo autor mencionado, diríalle Abraham a Isaac: «vergonzas bíblicas, meu fillo», vergonzas bíblicas. Falo de Abraham e falo tamén de Isaac, que, como sabedes ou saben, estiveron no pazo de Meirás e tamén teñen que volver ao pobo.

Dicindo isto e facendo unha ponte con intervencións anteriores, sentimos a necesidade urxente, porque esta situación non admite dilacións nin demoras. Creo que a unanimidade é un éxito social e un éxito de todos os colectivos que están instándonos; é un éxito tamén da Deputación da Coruña; é un éxito tamén dos compañeiros e compañeiras de Sada; é un éxito para todos os grupos políticos se somos quen de dar para adiante con esta cuestión.

No pleno anterior dicíase que ten que ser un obxectivo colectivo de país. Pois posiblemente sexa unha das primeiras veces que concordo coa señora representante do PP, María. É que non se pode errar, é certo, non se debe errar. Creo que, á parte do documento, que xa dixemos e defendemos que debera socializarse, cando faciamos referencia a un contrato simulado, parece que é unha das vías ademais de converxencia que o propio equipo de expertos ven como viable para vincular e para recompilar esta documentación. Pero pensamos que vai moi de vagar, que non pode dilatarse, que o día 1 do mes pasado, o 1 de marzo, o propio Feijóo dixo que en poucos días teríamos conclusións; estamos en abril.

Parece que hai cuestións importantes e que ás veces se fala non tanto de reverter como de converter en dominio público, pero hai unanimidade de todas e de todos en que isto ten que pasar a ser patrimonio público. Están as vías xudicial e civil, hai que buscar nos arquivos, leva tempo. Pero, por favor, que se ordene, que se clarifique e que, se a complexidade reside na dispersión da comunicación, se reforce.

Por iso nós —e aí teño que pedir realmente algunha desculpa— fixemos unha autoemenda. Realmente cando se presentou este documento foi antes de que acontecesen certas cousas, por iso é unha xustificación, pero que procuraremos evitar para veces posteriores. Dígoo por un comentario que me fixo, con razón creo, a deputada do Partido Socialista de Galicia. Procuraremos evitalo, pero explico o porqué.

Na emenda de modificación nós mantemos a idea, a necesidade, que, de feito, xa se está dando, de acción coordinada entre administracións autonómica, provincial, local e estatal, entre a Deputación, o Concello, e que se coaduxve moi unidamente para que sexa patrimonio público.

O segundo, insistimos en que hai que dotar de máis recursos e medios necesarios, porque pensamos que si hai que reforzar este comité de expertos, constituído por once persoas de prestixio, que pertencen ás tres universidades, que hai notarios, rexistradores e historiadores. Nós cremos que sería moi conveniente, moi favorable, porque tamén compartimos a idea de que o Estado pode exercitar accións legais oportunas para convertelo en dominio público. Polo tanto, cremos que é unha medida absolutamente sensata que entre a formar parte desta comisión tamén a Avogacía do Estado. Parece absolutamente coherente.

Despois, falando tamén cos deputados e deputadas do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, hai vontade de chegar a acordos. Hai unha modificación con respecto ao segundo punto que nós propomos, que é instar ao Estado a incorporación da Avogacía, como acabamos de dicir.

No punto segundo retiráramos o que autoemendamos para deixalo estritamente nos termos aprobados por unanimidade na Deputación da Coruña, incluído o Partido Popular, que di: «Tendo en conta o acordo aprobado» —e desculpo as variacións, non tiven ocasión de falar coa representante do Partido Popular, espero telo de hoxe para mañá, se lle parece pertinente— «por unanimidade polo Pleno da Deputación da Coruña, demandar do Estado poñer en marcha todas as accións administrativas e xudiciais oportunas para conseguir a súa recuperación posesoria e de oficio para o patrimonio público do pazo de Meirás.»

Máis nada, grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Nesta historia estaba a familia Franco gozando placidamente dos seus veraneos en Meirás ata que no ano 2007 empezaron un pouco a torcérselle as cousas coa limitación do BIC, que xa sabemos a historia que tivo. E, sobre todo, torcéronselle máis a partir do ano 2017, no que se produciu un feito moi relevante, que foi unha resposta social e institucional absolutamente contundente fronte ás provocacións da familia Franco e tamén da fundación que leva o seu nome, —hai que dicilo— coa permisividade e coa compracencia dos gobernos do Partido Popular, que chegou a financiar con 53.713 euros nos anos 2011–2012 a familia Franco para que abrise o BIC, algo absolutamente inaudito.

Esta resposta contundente da sociedade e política, ao noso entender, marcou o inicio dun camiño que entendemos que é irreversible, un camiño que vai ser longo, que vai ser complexo, pero que vai inevitablemente conseguir a propiedade pública deste ben que foi roubado. Estamos seguros de que vai ser así, de que o imos conseguir, de que imos vencer atrancos, incluídos todos os que poña o Partido Popular, porque torres máis altas caeron que as torres de Meirás.

Meirás, a estas alturas, é moito máis que un pazo, é moito máis que unhas torres, é un símbolo, un símbolo da dignidade colectiva, tamén da imaxe de Galiza ante o mundo. É un símbolo tamén para a democracia, porque unha das cuestións fundamentais de todo este proceso é que esta batalla vai servir, ten que servir para limpar, para sanear os pozos negros da transición, as foxas sépticas do sistema, do réxime do 78. E hai quen pretende perfumar os pozos negros da transición, e o lixo, o excremento, a merda non se pode perfumar. O fascismo non se pode perfumar, o fascismo hai que botalo ao depósito de lixo da historia. (*Murmurios.*) ¿Parécelles mal algo do que dixen? ¡Ah, vale!

Entón, trátase con estas iniciativas de acabar con esa illa de impiedade e de ignominia que é a actual situación do pazo, a legalización durante corenta e dous anos do roubo, do espolio e da corrupción, con todas as complicidades que houbo nesta situación. Trátase de acabar tamén cos privilexios e coas prebendas que aínda mantén a familia Franco, incluíndo títulos nobiliarios concedidos polo señor rei Juan Carlos I de Borbón, que moitas cousas lle tiña que agradecer ao seu antecesor para concederlle estes títulos á familia Franco cinco días despois da morte do ditador.

Ese cambio no verán do ano pasado obrigou o Partido Popular a cambiar un pouco o chip, polo menos en aparencia, aparentar que realmente quería facer algo para acabar con esta situación, e sobre todo o que puxo é a familia Franco á defensiva. Estanos contando unha historia de que se sente perseguida e acosada aquí, que non a consideramos grata; pois, efectivamente, non os consideramos gratos; van de vítimas, e de vítimas ademais á fuga; o que pasa é que é unha fuga na que queren marchar facendo caixa co botín de guerra e da ditadura con esa venda anunciada do pazo.

Por iso, para nós é moi importante actuar con axilidade, actuar con rigor e actuar con coherencia, cousa que non vemos que estea facendo ata o momento a Xunta de Galicia, pero que si está facendo —e ás probas remitímonos— a Deputación da Coruña, que neste tempo elaborou un moi serio e rigoroso informe histórico e xurídico (*O señor Bará Torres mostra un documento*) que se lles presentou a todos os grupos deste Parlamento e que deu pé, ademais, a un acordo histórico, un acordo unánime da Corporación, da Deputación Provincial, do que participou tamén o Partido Popular, e que nós entendemos que ten que ser o auténtico punto de partida para o traballo que teñamos que facer a partir de agora.

E por iso insistimos unha vez máis en que o acordo da Deputación da Coruña é, absolutamente, a cuestión principal; as demais cuestións son accesorias. En ánimo, en aras do acordo do consenso, imos chegar a esta transacción, a este acordo coa Marea e co Partido Socialista, pero poñendo o foco e atención principal nesta cuestión.

En definitiva, señoras deputadas e señores deputados, o que consideramos é que a actual situación é unha anomalía, é incompatible coa democracia, e que é responsabilidade principalmente do Partido Popular, no Goberno da Xunta e no Goberno do Estado, rematar con esta infamia definitivamente. Deuse un primeiro paso con ese acordo da Deputación da Coruña. Esperemos que hoxe teñan capacidade de rectificar acordos anteriores e apoiem o que xa apoiaron na Deputación da Coruña.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Outra vez falamos de Meirás, unha anomalía democrática onde as haxa, un pazo espoliado ao pobo, mercado co espolio do pobo, que segue en mans da familia dun ditador, unha anomalía democrática. Pero tamén é unha anomalía democrática inadmisíbel manter o título nobiliario do ducado de Franco na familia Franco. E tamén é unha anomalía democrática absoluta seguir declarando legal, manter como legal unha fundación, a Fundación Francisco Franco, que exalta a figura dun ditador e dun asasino e incita ao odio. En ambos os elementos, anular o ducado de Franco e declarar ilegal a Fundación Francisco Franco, o noso partido está traballando para ilegalizalos en Madrid. Oxalá estes dous temas, entre outros moitos, pero estes dous, o do ducado de Franco e o da Fundación Francisco Franco, estiveran eu creo que tan ben encamiñados e dirixidos como pode estar para romper esa anomalía democrática o do pazo de Meirás.

Por certo, aproveito a ocasión e que estamos falando da Fundación Franco para pedirlle ao Partido Popular que, ¡por favor!, ¡por favor!, por vergonza democrática, por sanidade democrática, non permita que se estea exaltando a figura de Franco no pazo de Meirás, como

estivo ou está pasando cuns carteis absolutamente inadmisibles e cuns carteis de exaltación dun ditador e ademais de insulto aos represaliados de Franco na capela do pazo de Meirás. Alí estaban, e iso merece unha resposta absolutamente contundente, de denuncia, (*Aplausos.*) por parte do Partido Popular. Porque non pode ser admisible semellante situación.

E dicía: son anomalías democráticas todas elas, dende logo nin en Italia nin en Alemaña, algo así sería absolutamente impensable. Pero témolo —digamos— un pouco encarrilado, e dígoo porque existe —e repito: xa o dixen aquí— un informe da Xunta pro Devolución do Pazo —que sinto moito que nunca teño tempo, porque sempre estou na resposta, para explicar exactamente en que consiste—, que é un informe moi contundente, dende o punto de vista dos profesores Emilio Grandío e Xavier Ferreira, que deixa unha porta aberta, pero moi clara, para solicitar que o pazo de Meirás vaia ao patrimonio público, que é onde tiña que estar e que Franco intentou evitar a través dunha compravenda simulada, porque a Lei de patrimonio nacional de 1940 faría claramente do pazo un ben do patrimonio público e para evitalo fixo esa compravenda simulada.

Temos unha saída aí. Entón, aquí hai dous elementos claves. Un, solicitarlle ao Partido Popular, sobre todo á Xunta de Galicia, que, por favor, acelere o ditame do consello de expertos que teñen en marcha. Isto ten que ser rápido, rápido, non podemos eternizarnos para ter ese ditame. Polo tanto, por favor, fagan o posible para que teñamos ese ditame dunha vez, que estou segura de que vai ser no mesmo sentido que o da Xunta pro Devolución do Pazo.

Polo tanto, nestes intres o Partido Popular o que si podería facer é votar a favor xa dunha que era a nosa emenda, como sabe a señora Cuña, de votar unha resolución, unha moción xa votada na Deputación da Coruña por todos os grupos, incluído o Partido Popular. Iso sería polo menos un sinal de que o Partido Popular non muda de cara para fóra, non muda soamente de palabra, non muda simplemente para saír do paso, un sinal de que muda —digamos— cunha certa sinceridade. Polo tanto, creo que deberían de votar positivamente esa moción votada por unanimidade na Deputación da Coruña.

E o que lle dicía —e quero explicalo publicamente porque xa o falei coa señora Cuña—, que non creo politicamente que poidamos ter, porque xa é a segunda vez que nos pasa, de chegar aquí cunha proposición non de lei sobre o pazo de Meirás pero cambiar despois toda a parte resolutiva, e sabe a señora Cuña que iso evita que os demais poidamos facer as emendas. Pero nós estamos de acordo, por suposto, en chegar a esa transacción que ela citou, e —insisto— facer tamén un chamamento para ver se conseguimos por unha vez estar todos fronte a esta anomalía democrática que é absolutamente imposible de aguantar xa máis.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Popular, señora Antón.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Señorías, efectivamente, como todos os representantes que xa faloron nesta tribuna na pasada sesión desta Cámara, tivemos oportunidade de debater unha proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego moi semellante á que hoxe presenta En Marea. E a verdade é que, despois de ver todas as emendas, mesmo a súa autoemenda, señorías de En Marea, non temos ningunha dúbida de que estamos ante un *déjà vu*, pois nos devolven realmente ao pleno de hai tres semanas. E o Grupo Popular xa expresou o seu parecer, e nós intentamos ser coherentes, en política intentamos ser coherentes. E non hai nada novo sobre esta cuestión que nos faga, en principio, mudar de criterio.

E nós tratamos de ser respectuosos e coherentes co pobo galego, e por iso aprobamos nesta Cámara a creación dunha comisión de expertos. Puxémola en marcha, incorporando a ela prestixiosos especialistas en diversos campos, coa clara intención de analizar e afondar nos aspectos históricos, económicos, xurídicos e patrimoniais deste caso.

E, mentres, vostedes —e lamento dicilo—, señora Cuña e señor Bará tamén, manteñen unha actitude de puro postureo político. O seu único obxectivo é que non sexa o Partido Popular o que lidere a recuperación do pazo de Meirás. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu sei que lles doe, pero o Partido Popular está facendo todo o posible por devolver o pazo de Meirás ao patrimonio público.

Señora Burgo, nesta carreira que están aquí En Marea e Bloque está quedando un pouco descolocada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu xa a convido para que no próximo pleno volvamos falar do pazo de Meirás.

E, señora Cuña, doutro xeito eu non entendo que se autoemenden por escrito, se autoemenden *in voce*, e así nos deixan un pouco descolocados, porque agora resulta que a súa exposición de motivos da proposición non de lei presentada e o texto resolutivo non teñen nada que ver. Xa a propia exposición de motivos da primeira parte era contraditoria, porque, ao tempo, vostede dicía que había que esperar ao que dixeran as xuntas e as mesas, pero tamén combinaba a actuar rapidamente nun sentido, e agora enreda aínda un pouquiño máis as cousas.

Nós dicíamos entón e dicimos agora que é preciso que a comisión de expertos realice o seu traballo sen presións, como está realizando, nos seus tempos, libremente, sen directrices e con todos os medios á súa disposición. Xa llo dixen, señora Cuña: nós non temos ningunha queixa de que a comisión de expertos necesite máis dos medios que ten ao seu dispor. Esta absolutamente tranquila, que, se fora ao contrario, tamén lle daríamos os medios que necesitase.

E compartimos o obxectivo que vostede di na proposición, que é establecer esas canles que permitan a recuperación para o público, como dixen antes, do pazo de Meirás, sen que lle custe un euro ao patrimonio do pobo galego. E, polo tanto, respecto absoluto aos traballos da comisión de expertos, prudencia ata coñecer o resultado dos mesmos.

Vostede sustentaba a súa proposición no anuncio da posible venda do pazo de Meirás, en todos os portais en que está xa o pazo de Meirás. Pero vostede sabe —e así tamén o indicou o propio presidente da comisión de expertos, o señor Núñez Seijas— que, ao ser un BIC, está protexido pola Lei de patrimonio, está protexido polo artigo 49 da Lei de patrimonio de Galicia.

Señora Cuña, realmente se vostede considera que é tan urxente actuar, nestes momentos ten un camiño moi fácil: fágao vostede a través do Concello de Sada ou da Deputación da Coruña. No Concello gobernan vostedes co apoio dos grupos da oposición aquí presentes, na Deputación todos os grupos da oposición aquí presentes teñen a maioría. Na miña opinión as súas posicións son dunha hipocrisía política maiúscula, porque lle piden á Xunta de Galicia que actúe segundo as conclusións do informe solicitado pola Deputación da Coruña, pero vostedes, que gobernan en Sada e que teñen a maioría na Deputación, non o fan.

Sempre é o mesmo: a dobre vara de medir; piden para outros o que non fan vostedes. E se vostedes están tan seguros das conclusións do informe da Deputación da Coruña e de que é o camiño correcto, promova unha iniciativa na Deputación; promóvaa, que actúe a Deputación xudicialmente. Ningunha administración estaría máis lexitimada para facelo; o informe do señor Ferreira e do señor Grandío di que foi a Administración que máis activamente actuou para esta venda.

Este Grupo Popular esperará ás conclusións do informe do comité de expertos, que traerá a esta Cámara, esperando o apoio sen fisuras das súas señorías. E será perfecto que houbera unha confluencia nos informes, nas estratexias xurídicas e procesuais, e entón tomaremos as decisións que correspondan. E esperamos de vostedes a mesma lealdade que nós, o Partido Popular, tivo na Deputación da Coruña.

E, efectivamente, non podemos errar e non podemos tomar unha vía que nos leve ao fracaso. E, polo tanto, insisto en que debemos ter prudencia e paciencia, a paciencia necesaria para que culminen os traballos da comisión de expertos.

E non se preocupen, que, se temos éxito, será o éxito colectivo de toda Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: En primeiro lugar, agradecer a coherencia, a sinceridade, o compromiso dos grupos da oposición.

E mire, señora María Antón Vilasánchez, cando vostede fala de *déjà vu*, iso é unha percepción que eu creo que está un pouco deformada. Hai algo novo, é algo que non se tratou, non se considerou e que é unha aportación —supoñemos— favorable para que isto vaia para diante, que é a incorporación da Avogacía do Estado, porque dende Sada e dende En Marea cremos que o Estado ten que xogar un papel decisivo; isto non estaba en propostas anteriores.

Polo tanto, antes de insultar, por favor, ¿sabe de onde vén a palabra «sinceridade»? Na época grega a xente famosa tiña moitos bustos e os seus opositores políticos tendían a quebrarlle o nariz, por exemplo. Entón, poñíanlles cera e supostamente o auténtico era o que estaba sen cera, e de aí «sincero». A min vostede pode acusarme de moitas cousas, pero

teña coidadiño, por favor, porque eu procuro ser respectuosa, e tildar de hipocrisía a unha persoa ten que estar moi argumentado e moi fundamentado.

O pazo de Meirás está agora á venda. Claro, cando dicíamos, na web Mikeli Luxury Real Estate, «*con un estilo de espaciosa mansión en campiña de Europa tranquila y señorial*», anúnciase co reclamo de «*inmueble singular en venta en Sada*». Prezo, xa o coñecemos, é o mesmo: 8 millóns de euros; un millonciño de euros para cada netiño e outro para gastos, ¿verdade?, xenial. É dicir, roubaron e agora pretenden vendelo. Despois anúnciase tamén a ocupación, unha superficie de 66.700 metros.

Ben, era a casa de dona Emilia Pardo Bazán. O ano pasado tivemos ocasión de ir e despois de mil atrancos fomos toda a Comisión de Cultura, algunhas apaixonadas por coñecer a torre da quimera, algunhas apaixonadas, e outras pensando noutra cousa —supoño—. O que nos atraía moito desta fascinante, engaioladora muller é que se abriu paso sen pedir permiso na forma de escribir e de vivir e rompeu barreiras. Ben, isto pasou a ser unha historia negra, escura. Alí fixéronse durante todos os veráns consellos de ministros e algunhas sentenzas nada gratas.

Claro que é unha anomalía insoportable, claro que temos unha total coincidencia no da Fundación Franco, e sexan vostedes realmente coherentes, voten o mesmo na Deputación da Coruña e aquí, e interveñan a Fundación Franco, por favor, porque está demostrado que está nun territorio a-le-gal. É infame que hoxe se intente meter preso un actor que está creando unha obra e que está xirando con ela e que se intente encarcerar por estar facendo un traballo artístico, guste ou non. E aquí hai silencio, conivencia, auténtica hipocrisía e permítese que un representante da Fundación Francisco Franco estea facendo apoloxía do fascismo, en pleno século XXI. ¿Son vostedes demócratas, señoras e señores do Partido Popular? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

(*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles Antón Vilasánchez e oito deputados/as máis, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de medidas que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, así como a elaboración dun programa de colaboracións cos centros de estudos xacobeos

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 26713 [10/PNP-001893].*)

Emenda de substitución:

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a remitir á Cámara nesta semana toda a documentación referida ao proceso de contratación coa UTE Old Navy Port Producións S.L. e Esmerarte Industrias Creativas S.L. para a promoción do evento Xacobeo 2021.”)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 26713).

Emenda de adición:

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a establecer un programa de actuacións do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, liderado pola Consellería de Cultura, así como dotar dunha contía orzamentaria estas actuacións.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Permítanme facer un breve resumo histórico da existencia do Comité de Expertos do Camiño de Santiago para contextualizar esta proposición non de lei.

Como todos sabemos, o Comité de Expertos é un órgano de colaboración e asesoramento da Xunta de Galicia nas diferentes cuestións que afectan o Camiño de Santiago. Este comité constituíase no ano 1992 como unha das medidas do Plan Xacobeo 1993, que foi a semente do Xacobeo e o instrumento imprescindible para revitalizar e poñer en valor o Camiño de Santiago.

O éxito do Xacobeo 1993 foi o éxito do Camiño de Santiago e de Galicia, que tivo como colofón a declaración do Camiño de Santiago como patrimonio da humanidade.

A Administración autonómica da época, consciente das potencialidades do Camiño e do novo status que supoñía ser patrimonio da humanidade, sentou as bases do traballo e a consolidación e xestión. Así, en 1994, por decreto da Xunta de Galicia, créase formalmente o Comité de Expertos do Camiño de Santiago. No decreto fálase de tres funcións fundamentais do comité: a análise e investigación dos temas directamente relacionados co Camiño de Santiago, o fomento das publicacións sobre temas xacobeos e a organización de xornadas, congresos, seminarios e simposios coa finalidade de estudar e promocionar internacionalmente o Camiño de Santiago.

A vocación internacional deste comité reflíctese na propia configuración destes primeiros nomeamentos, onde as nacionalidades dos principais países con vocación xacobeas están presentes, buscando un equilibrio entre elas.

Así, o comité bota a andar con dous representantes para España, para Francia, para Alemaña e un para Italia, Reino Unido e Portugal. Todos os membros do comité xa tiñan unha avalada traxectoria na súa vida profesional a favor do Camiño de Santiago, como estudosos, investigadores, como promotores de actividades de promoción, mesmo como impulsores de albergues de peregrinos ou impulsores de centros de estudos xacobeos en cidades tan importantes como París ou Perugia.

Algún destes membros do primeiro Comité de expertos participa en eventos de singular importancia, como a exposición do Camiño de Santiago en Bruxelas, para representar a España con motivo da nosa entrada na Unión Europea. Ou de sabios na declaración do Camiño de Santiago como o primeiro Itinerario Cultural Europeo no Consello de Europa. A súa bagaxe, o seu coñecemento e o seu prestixio internacional sempre estivo ao servizo do Camiño de Santiago, tal e como o están tamén os membros hoxe en día.

Se facemos un breve balance das actividades que desenvolveu este comité nestes case 25 anos de existencia, teriamos que mencionar máis de dez congresos de carácter internacional que promoveu como comité científico, organizador e coordinador de poñentes e das súas actas, referentes imprescindibles nos estudos do Camiño de Santiago; as exposicións nas que participaron; as xornadas de estudo que promoveron ou nas que participaron os máis diversos países do mundo; sen esquecer o seu legado á Biblioteca Xacobeá, entre o que podemos destacar a transcripción latina do *Códice Calixtino* realizada no ano 1999, como unha renovación da realizada no ano 1944.

Esta proposición non de lei pretende dar pulo ao contido no propio Plan director do Camiño de Santiago, onde a liña estratéxica de coordinación e organización administrativa xa recolle o obxectivo de fortalecer o Comité de Expertos do Camiño de Santiago, para o que establece unha serie de accións a impulsar.

Esta proposición, ao noso entender, é moi axeitada neste momento por dúas cuestións. Por unha banda, porque este ano celebramos precisamente 25 anos da declaración do Camiño de Santiago como Patrimonio da Humanidade, e o ano próximo celebraremos 25 anos da creación deste Comité de Expertos do Camiño de Santiago. Ambas as dúas cuestións están relacionadas e non deben pasar desapercibidas. E, por outra banda, porque se está iniciando toda a estrutura participativa e programática do Xacobeo 2021, á que o Comité de Expertos, sen dúbida, poderá achegar a súa experiencia e coñecementos.

O Comité Internacional de Expertos foi renovándose a medida que os seus membros xa non estaban entre nós. Sirva tamén esta proposición para facer unha pequena homenaxe a figuras como Manuel Díaz e Díaz, catedrático da Universidade de Santiago, considerado un dos mellores medievalistas do mundo, mestre de toda unha xeración de historiadores e filólogos como Fernando López Alsina, hoxe membro deste comité. A Vicente Almazán, un dos principais expertos da investigación da cultura Xacobeá no norte de Europa, particularmente nos países escandinavos. A Brian Tate, destacado hispanista británico de vocación xacobeá tardía, experto nas peregrinacións marítimas, que substituíu o profesor Derek Lomas, quen estivo tan só un ano como membro do comité, e que tamén foi substituído, á súa vez, por Simon Barton, que acaba de falecer. A Humberto Baquero Moreno, especialista en Historia Medieval

e as relacións entre España e Portugal. Deixounos unha ampla obra historiográfica na que destacan as peregrinacións de Portugal a Compostela. A Robert Plötz, que dende o museo que dirixía na Baixa Renania foi un incansable investigador, peregrino e animador do movemento asociativo do Camiño de Santiago, medalla de ouro da Cidade de Santiago e medalla de prata de Galicia. A René de La Coste-Messèliere, conservador dos arquivos nacionais franceses e membro dun grupo de intelectuais franceses hispanistas, membro da Asociación francesa de amigos do Camiño de Santiago dende 1962, cando aquí aínda nin pensabamos no Camiño de Santiago, e funda o Centro de Estudos Composteláns en París en 1970.

Estes nomes quedarán para sempre na historia do Camiño de Santiago como investigadores e promotores da Ruta Xacobeana nas últimas décadas do século XX e nos albores do século XXI. Hoxe só quedan dúas persoas daquel comité que naceu en 1994 e neste momento hai dúas prazas vacantes, polo que é necesario proceder ao seu relevo. Esta conxuntura debe ser aproveitada como unha oportunidade para seguir impulsando a vocación internacional do comité e o equilibrio plurinacional. Incorporar novos investigadores de países europeos que permitan seguir enraizando o Camiño de Santiago nos centros de coñecemento de Europa, ou mesmo doutras latitudes que se están a revelar como moi interesantes para o Camiño. Debe ser unha vía —ao noso entender— a explorar pola Administración autonómica.

A investigación e coñecemento do Camiño de Santiago desde o punto de vista academicista e científico ten que seguir a ser unha prioridade. Afondar no coñecemento do Camiño é afondar na nosa idiosincrasia, nas relacións entre os pobos de Europa e do mundo en cada momento da historia, do pensamento, das correntes literarias, da arquitectura, en fin, de moitísimas outras cousas que están arredor do Camiño.

E vincular a Galicia con calquera parte do mundo a través do Camiño de Santiago é unha sorte de oportunidades en moitos máis eidos que o puramente cultural e que debemos saber aproveitar. Nesta tarefa podemos ter ao noso lado a prescriptores, a personalidades tan importantes e cun prestixio xa recoñecido que debemos ser quen de apoiar o seu traballo e de rendibilizar a súa figura para establecer accións que permitan dar a coñecer a Galicia nos seus ámbitos de influencia.

E o mesmo pasa cos centros de estudo vinculados ao fito e á cultura xacobeana. As relacións e as sinerxías entre os membros do Comité de Expertos do Camiño de Santiago e os centros de estudo xacobeos son evidentes. A presidencia do centro de Perugia recae actualmente nun membro do Comité de Expertos, e o centro de París ata hai moi pouquiño tamén era responsabilidade dunha persoa que hoxe forma parte do Comité de Expertos.

Estes centros de coñecemento e proxección do culto e cultura xacobeana son unha punta de lanza importantísima para seguir avanzando na investigación, no estudo e na difusión do Camiño de Santiago. Son centros de relación e achegamento ao mundo xacobeano desde diferentes perspectivas e experiencias, pero fundamentais para ter un lugar de encontro onde compartir intereses comúns arredor do Camiño; onde formarse e informarse sobre as vicisitudes pasadas e presentes da ruta xacobeana. Os centros manteñen tamén unha estreita relación ás veces causal coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago, converténdose en puntos de referencia das mesmas.

Na nosa consideración, o labor encomiable dos centros de estudo xacobeos merecen tamén unha atención especial por parte do Goberno galego, que permita desenvolver as súas actividades e programas nas mellores condicións posibles, xa que axudando os centros de estudos xacobeos estamos contribuíndo a engrandecer o Camiño de Santiago.

En resumo, señorías, solicitamos o seu apoio para esta proposición non de lei co obxectivo de solicitar do Goberno galego o impulso e o apoio ao Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago e aos centros de estudo xacobeos que desenvolven as súas actividades por todo o mundo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas. Boa tarde.

No debate anterior, a señora Antón dicía que as iniciativas da oposición sobre Meirás eran sempre postureo político. Pois non sei eu entón como cualificar as constantes iniciativas do Partido Popular sobre o Xacobeo, nas que se limitan a dicirlle á propia Xunta de Galiza que fagan aquilo que a Xunta ou xa está facendo, ou xa anunciou que vai facer, ou vén contemplado no propio Plan director, como é este caso.

Eu xa sei que despois, na réplica, me vai vir con que o Bipartito era moi malo. E si, sería Satanás, señora Antón, pero vostedes, por riba de malos malísimos, están sendo un pouco vagos en canto a esta cuestión. *(Aplausos.)* Porque, unha de dúas, ou non se lles ocorre nada novo que non veña no Plan director do Camiño de Santiago de Compostela, ou pensan vostedes que a señora Nava Castro e que o señor Conde non están facendo o seu traballo e non lles gusta... *(A señora Romero Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Romero, se quere intervir no debate, dígalle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pero é que molesta un pouco... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Se quere intervir no debate... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Unha de dúas, eu penso sobre esta iniciativa que ou ben non lles gusta o que están facendo a señora Nava Castro e o señor Conde, ou ben quere facer unha emenda á totalidade —igual que se ve que non lles gustan as mocións que asina o señor Agustín Hernández noutros foros—, porque piden vostedes algo que literalmente aparece no Plan director, e leo literalmente: Punto 6, liña 1: estratexia de coordinación e organización administrativa, plan de actuación prioritaria, fortalecemento do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, páxinas 39 e 40 do Plan director. De feito, é aínda máis con-

creto sobre o de reforzar o papel do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago e demais. Entón, vostedes din que queren fortalecelo e, sinceramente, parece unha brincadeira e que os queren poñer a facer exercicio físico no Obradoiro, ou algo así.

Falan tamén de que vostedes queren reforzar os centros de estudo xacobeos, algo que aparece literalmente. Incluso no Plan director esforzáronse un pouco máis e citan o de París e o de Perugia, e refírense incluso á creación de novos centros. Entón, se vostede vén aquí cunha proposta concreta de creación dun novo centro de estudo xacobeo nalgún lugar, nós apoiaríamolo; pero, a verdade, estamos un pouco sorprendidas, porque incluso no documento resumo do Plan director —que son 42 páxinas e non 110, e deberíalles dar un pouco menos de preguiza lelo— tamén aparecen estas cuestións literalmente. Entón, non sei que concluír, se é que o Goberno aprobou un plan para non cumprilo, para que vostedes presentaran iniciativas ou que; pero parécenos algo escaso. Ademais recomendaríalle que fora máis concreta, tendo en conta que despois o Goberno galego se limitaría a que no congreso anual que fan dos estudos xacobeos isto xa estaría cumprido.

En todo caso, fóra da pouca ambición política que vemos, e que tamén indicamos cando con espírito construtivo fixemos achegas para esa iniciativa sobre as ARI do Camiño de Santiago, que tamén estaba tirada literalmente do Plan RehaVita 2015-2020, ou coa iniciativa dos itinerarios culturais, ou desa tarxeta que quedou simplemente nun proxecto e que aínda non é unha realidade e demais. Fóra diso, nós poderíamos vir aquí e facer achegas en positivo —como temos feito— a ese plan director e a algunhas das súas debilidades; como pode ser, por exemplo, a cuestión da accesibilidade ou a cuestión da xestión ambiental. Pero a verdade é que nos molesta especialmente que coa cuestión do Camiño de Santiago teñan unha dobre moral no Partido Popular, e é que moito traer iniciativas campanario a este Parlamento pero pouco trasladar aos grupos políticos da oposición a información cando a demandamos. E dáse a casualidade de que hai mes e medio o BNG solicitou, tanto polo artigo 9 como por escrito a miña compañeira Rodil, toda a documentación referente ao proceso de contratación para a promoción do evento do Xacobeo de 2021 que custa para as arcas públicas máis de 3 millóns de euros outorgados a dedo.

Fixo tamén unha pregunta con escasa resposta nesta Cámara recentemente, e mes e medio despois seguimos sen ter esa resposta. Por iso emendamos con que nos remitan este tipo de cuestións que estamos a solicitar, a ver se así se verifica que teñen algún tipo de vontade de que, realmente, sobre as cuestións do Camiño de Santiago poidamos falar cun pouco de seriedade.

Eu non sei se van convidar os señores e señoras do Comité a este festival, pero, desde logo, ademais de que cumpran vostedes co Plan director, a nós gustaríanos que, se solicitamos información sobre esta cuestión para decidir e avaliar se iso está feito en parámetros correctos ou non, cumpriran co deber de obriga que teñen con este Parlamento, xa que se ve que co Plan director non teñen moita intención de cumprir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor José Manuel Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidenta.

Señorías, boa tarde.

Son varios os entes creados polos gobernos do Partido Popular ao redor do Xacobeo, entre eles, o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, que naceu da necesidade de asesorar no camiño científico e cultural o Goberno galego en relación coa ruta Xacobeá. Despois crearían a cátedra do Camiño, onde Turismo de Galicia, as universidades e a catedral de Santiago buscaban con isto impulsar a investigación, a docencia e a difusión xacobeá, tanto a nivel nacional como a nivel internacional. E, por último, recentemente creouse a Academia Xacobeá —como ben saben, o seu director é o conselleiro señor Palmou—. Esta entidade ten como obxectivo tamén o fomento da investigación, o estudo e a divulgación da cultura xubilá. Esta é dependente da Orde do Camiño de Santiago e da Consellería de Cultura. É dicir, creáronse tres entes diferentes para acadar obxectivos similares; isto é unha duplicidade de libro.

Cun único ente que aglutine todas as ramas de actuación das tres entidades sería suficiente e evitaríanse duplicidades competenciais e de xeración de coñecemento. ¿Ou acaso non se poñen de acordo dentro do Partido Popular en canto a como xestionar o Xacobeo? Porque todo apunta a que existe un conflito no que existen demasiados entes para realizar o mesmo traballo.

O comité científico que segue arredor do Camiño de Santiago está formado por profesores e investigadores, e cremos que o máis lóxico sería que dependeran de Patrimonio e non de Turismo, como na actualidade. Dependere de Patrimonio significaría darlle un valor que vai máis alá do comercial e do economicamente produtivo, aínda que son importantes ámbolos dous, e que, evidentemente, non se pode deixar de lado, e teñen que destinar recursos suficientes para que siga medrando e adaptándose a todos os tipos de turismo e de turistas. Non obstante, depender da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten máis sentido dende o punto de vista da investigación, a docencia e o campo científico en xeral. Por iso, sinceramente, para poder poñer en valor o noso patrimonio, entendemos que debere depender desta consellería, porque aínda que sexan temas relacionados co turismo do Camiño de Santiago, este comité non pode estar ao servizo unicamente de intereses turísticos, e entre os seus obxectivos ten que ter tamén a preservación do amplísimo patrimonio cultural e científico que ten a ruta Xacobeá. Por iso a nosa emenda de adición, que di: «Instar o Goberno galego a establecer un programa de actuacións do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, liderado pola Consellería de Cultura, así como dotalo dunha contía orzamentaria para estas actuacións».

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Pérez Seco.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Ángeles Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señora presidenta.

Ola novamente.

Eu non son experta no tema, pero aínda que sobre o papel pode parecer que estes entes poden cumprir unha misión, na práctica eu a verdade é que desconfío moitísimo do seu traballo.

O que non semella é que estean integrando expertos no camiño, senón que máis ben o que se percibe son como espazos para asegurarlle unha posición a algunhas persoas que non son necesariamente destacadas en investigación do Camiño. Tamén é certo que a investigación está ateigada de xente afeccionada, e o que se necesita é que haxa moitísimo máis rigor.

Por outra banda, eu creo que esas academias deberan impulsar sobre todo a investigación nova. Hai moita xente moza moi ben preparada e non vemos para nada que isto se faga.

Pero o aproveitamento das institucións públicas galegas para o seu beneficio... (*Pronúnciense palabras que non se perciben.*) O aproveitamento das institucións públicas galegas para o seu beneficio —non perdín a liña— é algo que o PP vén facendo sempre, non sorprende; aínda o ano pasado creaban un novo chiringuito —si, chiringuito— a Academia Xacobeá, dirixida por ese experto expertísimo en temas do camiño que é, efectivamente, Xesús Palmou, novo investigador e moi experto no Camiño.

Dende o punto de vista de En Marea, os cartos públicos deberan gastarse noutro tipo de cuestións, como por exemplo na educación patrimonial, un eido onde en Galicia estamos dramaticamente atrasadas. Existen miles de agresións rutineiras ao patrimonio xacobeo: pintadas, vertidos de lixo e outros comportamentos que non se xustifican. Son o resultado dunha falta de educación patrimonial que ten como consecuencia un escaso respecto polo patrimonio histórico. Existe a sensación de que ao Camiño de Santiago hai un respecto abstracto, pero que logo moitos camiñantes ou mesmo peregrinos non son quen de ver que están facendo unha deterioración deste patrimonio. ¿De que valen tantos comités de expertos se esa información, se é que ten interese real, se teñen interese eses informes, non saen de ámbitos moi reducidos e non se aplican? ¿De que serven, señora Antón?

Hai tamén masificación. Tamén se podería falar de masificación nos cen últimos quilómetros do Camiño e todos os seus efectos perniciosos: macrobotellóns, galpóns para comer bocatas cada 200 metros... Manter os últimos cen quilómetros como requisito é soste unha presión turística insoportable para un ben destas características. Concentrar nos últimos tramos tantos peregrinos é completamente incompatible cunha xestión responsable dun camiño que non só é ben cultural, que é patrimonio da humanidade. Pero claro, o argumento de que o 11 % do PIB provén do turismo válelles para todo, incluso para crear comités e axencias onde colocar os seus afíns e facer que fan, ¡claro que si!

Está claro que cara a 2021 a masificación continuará crescendo, e todo pese a que a maioría das traballadoras, das profesionais técnicas da Administración, mesmo da Dirección

Xeral de Patrimonio, son moi conscientes do problema. Pero para algúns políticos desta Cámara é máis rendible o plano turístico e a cifra de visitantes, e estar permanentemente batendo marcas con respecto ao ano anterior, aínda que sexa gastando 3 millóns de euros nun macrofestival macrodivertido que non fará nada de nada polo ecosistema cultural galego.

Cando falamos de turismo cultural, podemos facelo dende dous puntos de vista, dúas miradas diferentes. Unha, dende a óptica da política cultural, con principios de protección do valor, da existencia do ben, de accións para garantir valores intrínsecos dos bens ou manifestacións culturais e a conservación do valor de identidade que ten para a sociedade que os crea. Hai a outra parte, a outra maneira de ollar, que é onde vostedes están instaladas, que é no mercado, na política turística. Moi ben, é máis importante o valor de uso, a posibilidade de consumo e a contribución noutro tipo de desenvolvemento. Nós cremos que hai unha premisa básica, que sería que a xestión do Camiño de Santiago estivese, como xa se dixo, na Consellería de Cultura. A denominada como Axencia de Turismo de Galicia pode ter un papel clave na difusión e promoción, pero non é coherente...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...que a xestión dun ben cultural patrimonio da humanidade descanse cada vez máis nun organismo turístico.

Máis nada. Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Cuña.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidenta.

A verdade, señora Presas, é que non me sorprende absolutamente nada a súa actitude, porque esta Cámara leva escoitando o rexeitamento, o cuestionamento, máis de vinte e cinco anos do Bloque Nacionalista Galego sobre o Xacobeo e o Camiño de Santiago. Parece mentira que sexa vostede tan xove e que o seu discurso non evolucione nada nestes vinte e cinco anos, a pesar de ter contrastado que foi todo un acerto (*Aplausos.*) a aposta da Xunta de Galicia polo Camiño de Santiago. (*Murmurios.*) E non o digo só en termos de peregrinos e turistas, economicistas, como dicía agora a señora Cuña, dígoo en termos de país. Falamos en termos de país, falamos da imaxe de Galicia, falamos de xeración de emprego, de rexurdimento de pequenas aldeas e vilas polas que transcorre o Camiño de Santiago, particularmente no interior da nosa comunidade.

E claro, señora Presas, como vostede non sabe que dicir, acaba facendo unha emenda que non ten nada que ver coa proposición que presentamos. Xa sabemos que para vostedes o Camiño de Santiago e o Xacobeo é como unha urticaria, teñen que estar todo o día rascando cada vez que hai un éxito. Síntoo moitísimo, pero é así. (*Murmurios.*)

Señor Pérez Seco, eu entendo que ás veces é complicado entrar nestas cuestións se un non fai un pouquiño de historia sobre o mesmo. Entón, está moi ben que vostede pida o liderado da Consellería de Cultura para o comité de expertos, pero ten que saber que está adscrito por un decreto do ano 2015 á Consellería de Presidencia. Eu coido que está moitísimo mellor na Consellería de Presidencia que como o tiñan vostedes no Bipartito, na Consellería de Industria. Creo que aí melloramos lixeiramente. *(Aplausos.)* E ademais non debe preocuparse porque o Camiño de Santiago para o Goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular é un proxecto transversal, é un proxecto de país, é un proxecto que vai por todas as consellerías e cada actúa na súa rama e nas súas competencias. Eu celebro ese interese que ten por esta iniciativa e mesmo a súa preocupación por dotar economicamente ao comité de expertos, pero, se de verdade quere facer algo positivo a favor do Camiño de Santiago, fale co seu grupo parlamentario en Madrid e apoien os orzamentos do Estado do 2018. Neles está a declaración do Xacobeo como acontecemento excepcional de interese público, polo que se disporán importantes beneficios fiscais para que a iniciativa privada contribúa nestes tres anos que quedan ata o 2021 para o patrocinio, para o emprendemento, para a promoción de accións a favor do Camiño de Santiago, e neste contexto podería ser tamén que as actuacións do Comité de expertos tivesen patrocinio.

Señora Cuña, eu entendo que vostede empezou dicindo que non era experta, pero continuou sendo moi atrevida. Porque vir a esta tribuna e facer as afirmacións sobre a honorabilidade que vostede fixo dos membros do comité de expertos e da súa cualificación profesional, é dun atrevemento moi moi grave, ao meu entender. Terá que saber vostede que non reciben ningunha contrapartida económica, para empezar, iso como un aviso. Eu convídoa a que revise a páxina web para ver o currículo da xente que forma parte hoxe en día do Comité...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: ...de Expertos do Camiño de Santiago e despois volvemos falar. Porque, señora Cuña, cando vostede fala de crear axencias e nomear afíns, ¿está falando do Bipartito? ¿Ou é que está a falar das Mareas? ¿Está a falar dos gobernos das Mareas de Santiago, de Coruña e de Ferrol? Eu coido que si, que está falando dos gobernos das Mareas de Coruña e de Ferrol, porque sabe que neses gobernos o dedazo cultural é grande, moi grande, case diría que todo o orzamento que teñen cada departamento de cultura.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Antón.

Entendo que non acepta as emendas. *(A señora Antón Vilasánchez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, señora Antón.

Continuamos coa orde do día.

Proposición non e lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dun plan de compensación en materia ferroviaria que inclúa compromisos concretos especialmente dirixidos ao interior de Galicia

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta, e boa tarde outra vez.

Tres millóns de euros a dedo para patrocinar música de fóra do país que poderían ser investidos nisto que lles imos propor agora. (*Aplausos.*) ¡Tres millóns de euros a dedo! (*Murmurios.*)

Imos falar dunha historia interminable; unha de tantas historias interminables que ten este país. Unha historia inzada de desleixo político, de incumprimentos, de eternas e falsas promesas, pero, sobre todo, unha historia de agravio e discriminación dupla.

Se o ferrocarril neste país, señorías, é materia pendente, nas comarcas de Lugo e Ourense aínda o é máis. Lugo e Ourense son o reflexo palpable das consecuencias que acarrexas a falta de competencias, a falta de capacidade e de decisión política, dun deseño ferroviario feito desde intereses alleos, absolutamente centralistas, da falta de investimento e de abandono. E as consecuencias padécenas as persoas que ben sufrimos un tren obsoleto desde hai décadas, decimonónico se falamos de Lugo, con penosas conexións e frecuencias e prezos abusivos respecto doutras cidades do país. Imaxino que algunhas das súas señorías viron a viaxe en tren que partillamos a deputada Noa Presas e mais eu; un traxecto de case cinco horas para ir de Lugo a Santiago de Compostela. Un traxecto que, ademais do custo en tempo dos transbordos, ten un prezo privativo e exemplifica á perfección a realidade que vivimos no interior do país en materia ferroviaria.

Que Lugo sexa no ano 2018 a única cidade do país sen conexión directa con Compostela, coa capital de Galiza, debéra sacarlle as cores a calquera, e poucos máis argumentos farían falta para deixar en evidencia o escandaloso estado do tren no interior de Galiza. Pero é que, para percorrer os pouco máis de cen quilómetros que separan Lugo de Santiago, as posibilidades que nos ofrece Renfe son dúas, dúas en todo o día: tres horas e catro minutos pasando pola Coruña, con tres cuartos de hora agardando durante o transbordo e 13 euros, ou dúas horas e trinta e oito minutos pasando por Ourense, con media hora de agarda no transbordo e 22,10 euros. Son pouco máis de cen quilómetros, que en coche levan unha hora e media.

Miren cal é a situación, e o esperpento da situación na que vivimos, que, se collemos o tren das catro da tarde por Ourense, chegamos a Compostela dúas horas e corenta minutos despois e só temos unha opción de volta, de maneira que podemos estar na capital do país exactamente trinta minutos, ¡trinta minutos!, o que dura un café. Vigo-A Coruña, 160 quilómetros, custa entre 15 e 18 euros, e leva en tren unha hora e vinte minutos. Trens Lugo-

A Coruña en todo o día hai seis; Lugo-Ourense, tres. A Monforte hai outros tres a maiores dos que van a Ourense. E iso é todo.

Conexións, horarios e frecuencias que non atenden as necesidades do país, moito menos das persoas que viven e traballan no interior de Galiza. Da situación que atinxe á conexión ferroviaria en Ourense xa se ten falado, e moito, nesta Cámara desde o BNG: perda progresiva das conexións e recorte nas liñas intermedias, redución das frecuencias e horarios e un sobrecusto no prezo do billete de máis do 60 % a respecto do eixo atlántico, sendo Ourense a provincia cos salarios e as pensións máis baixas do noso país. Se Ourense mantén unha situación algo mellor que a de Lugo é só porque a cidade é lugar de paso para ir a Madrid. A maioría dos trens que paran hoxe na cidade de Ourense fano porque van ou veñen desde a Meseta.

Desde o BNG defendemos sempre o tren como un elemento fundamental de cohesión social e vertebración territorial, un medio de transporte eficiente, sostíbel ecoloxicamente e un elemento chave que debe ser entendido como central no marco dun sistema de transporte galego, intermodal e complementario, compatíbel para persoas e mercadorías, que ollase á Meseta, si, pero tamén a Portugal. Un tren que conecte comarcas e rache cunha Galiza de dúas velocidades que deixa cada vez máis atrás as comarcas e as localidades do interior do país. Pero non termos capacidade de decisión política sobre o seu deseño, sobre a súa xestión, levounos a ter un sistema ferroviario sen modernizar, sen liñas en dupla vía e sen electrificación no ano 2018.

O que defendemos con esta iniciativa hoxe desde o BNG é un plan de compensación para o sistema ferroviario galego que pase pola transferencia a Galiza das competencias en materia de ferrocarril interior, como xa teñen Euskadi, Cataluña, Valencia ou Andalucía; como contempla o Estatuto de autonomía de 1981 no seu artigo 27.8 e —o máis importante de todo— como acordou de maneira unánime esta Cámara o 22 de setembro de 2009. Lémbrolles que xa gobernaban vostedes. Transferencia que debe ir acompañada do orzamento correspondente, da mellora das frecuencias, da modernización das liñas —principalmente en Lugo e en Ourense—, así como do cumprimento real e efectivo dos acordos parlamentarios adoptados tamén por unanimidade nesta Cámara e referidos ao abaratamento do prezo na liña *avant* Ourense-Santiago-A Coruña.

O que defendemos hoxe desde o BNG, señorías, é moi sinxelo: responsabilizarnos nós mesmas do noso futuro para poder planificar unha rede ferroviaria pública galega, útil para Galiza e, polo tanto, útil para a cidadanía deste país; útil independentemente de se alguén vive en Vigo ou en Lugo. Porque a veciñanza do interior deste país non pode seguir sendo tratada coma se fosemos de segunda. (*Aplausos.*)

Temos dereito a horarios, a frecuencias, a conexións e a tarifas iguais ca calquera. Porque en Lugo e Ourense pagamos tamén os impostos cos que se sostén un sistema ferroviario do que non gozamos. E o máis importante: defendemos que a Xunta actúe de verdade como goberno de Galiza na defensa dos intereses deste país, porque levan vostedes ignorando estes dereitos —por non nos remontar moito máis atrás— nos últimos oito anos.

Abramos unha mesa de negociación co Estado español. Exixámoslle que se respecten os dereitos políticos deste país, asumamos a xestión ferroviaria a través dun ente público galego para, dunha vez por todas, coller o tren e, con el, tamén as rendas do futuro deste país.

Remato como comecei ao principio. Este é o relato dunha historia interminábel. Hai máis de oitenta anos, nas Cortes Españolas —e poden consultalo no *Diario de Sesións*— o que foi o primeiro deputado nacionalista dicía o seguinte: «Señor presidente do Consello de Ministros, parece unha burla, porque Galiza non só precisa que remate axiña a construción do ferrocarril entre Zamora e A Coruña, senón que, ademais, está necesitada do que se chama “ferrocarril central galego”»

Hoxe temos oportunidade de facer real e efectivo un acordo que non é novo, que xa se adoptou por unanimidade nesta Cámara en setembro de 2009. Pero, sobre todo, temos a oportunidade de empezar a recortar unha discriminación que, polo menos as persoas que aínda vivimos en Lugo e Ourense, non estamos resignadas e moito menos estamos dispostas a que se siga mantendo no tempo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, boa tarde a todos e todas.

O 9 de abril de 1918, a Irmandade Rexionalista de Ourense urxe a necesidade do ferrocarril na liña Zamora-Ourense. Nese senso, aprobou por unanimidade o seguinte acordo:

«1. Pedir a construción urxente do ferrocarril Zamora-Ourense polo interese internacional que ten ao facilitar o acceso a Europa desde o porto de Vigo, cuxa proximidade co canal de Panamá destínoa como camiño futuro de América.

2. Pedir que se dote os portos da Coruña, Vigo e Vilagarcía do acceso moderno necesario para os traballos de importación e exportación, para que estes portos sexan os depósitos comerciais das rutas americanas despois da guerra, á semellanza do que sucederá con Burdeos.

3. Xestionar que, ao aplicar o tratado con Francia, se faciliten transportes aos viños galegos, e, se non pode ser por ferrocarril, se desconxestionen as vías con facturación directa a Irún, encargándose de que os viños vaian por ferrocarril aos portos galegos e, dende alí, a Bilbao e Francia.»

Onte cumpríronse cen anos deste acordo, un acordo que pretendía o obxectivo de situar Galicia no epicentro das transaccións América-Europa e mesmo na saída de produtos galegos a Europa. Pedía as infraestruturas necesarias para materializar ese polo de desenvolvemento. Xa choveu dende entón, e ás veces as actuacións que se propoñen teñen obxectivos moi febles ou están, na realidade, exentas deles. En todo caso, nada que ver co ambicioso acordo da Irmandade Rexionalista de Ourense.

Dende aquela, de ata o remate da construción da liña Zamora-Ourense, a mediados dos anos 50, as decisións políticas e os intereses empresariais e territoriais foron manifestamente sectarios con Galicia. A pesar de todo, durante varias décadas o que hoxe denominamos tren tradicional xogou un papel decisivo nas cidades, vilas e pobos nos que estivo operativo. Debemos recoñecerlle méritos que estamos a perder: clave na estrutura e a cohesión territorial, polo de atracción empresarial, dinamizador da economía, creador de emprego, modo de mobilidade insubstituíble no ámbito rural e garante do dereito de mobilidade para moitos galegos e galegas.

A chegada do século XXI mudou o concepto de desprazamentos. Os desprazamentos xa non se miden en quilómetros, mídense en tempos. E os avances tecnolóxicos permitiron, e permiten, reducir os tempos dos desprazamentos. Pero as novas infraestruturas de alta velocidade non se prestan ao medio rural, non son compatibles coas necesidades de mobilidade das persoas que viven en vilas e pobos.

Parece lóxico que nesa tesitura os gobernos actuaran consolidando o ferrocarril tradicional pola aportación ao medio rural e, ao mesmo tempo, implantaran a alta velocidade como obxectivo diferente. Mais, novamente, iso non está a suceder. E novamente, como hai tantos anos, decisións políticas castigaron os máis débiles: ferrocarril tradicional e medio rural. Novamente o interese económico castiga o interese social.

Case cen anos despois, o Goberno popular decidiu a aplicación do Real decreto lei 22/2012, do 20 de xullo de 2012. E, baixo o disface de racionalización dos servizos ferroviarios, aprobada polo señor Rajoy, a aplicación práctica dese decreto, coa compiacencia do señor Feijóo, situou o transporte ferroviario tradicional ao bordo da desaparición prematura e consentida. Todas as accións emprendidas ao amparo do real decreto foron na liña de debilitalo para xustificar o seu desmantelamento.

Cómpre lembrar que as accións se concretaron en catro medidas: peche de estacións e paradas, rebaixa e supresión de frecuencias, supresión de itinerarios, modificación de horarios para desincentivar o seu uso e tamén recorte de recursos económicos e humanos. Todas as accións emprendidas polos gobernos do Partido Popular conducen á desaparición do tren tradicional. Corenta anos para conseguilo, cincuenta anos para desfrutalo e ben poucos para desmantelalo. (*Aplausos.*)

Os gobernos populares non cren na compatibilidade do tren tradicional e o AVE, pero é que, ademais, cen anos despois a historia repítese en Galicia en materia ferroviaria. Hai cen anos as decisións políticas retardaron a chegada a Galicia do tren do momento, tren tradicional, corenta anos. Hoxe, cen anos despois, os gobernos populares, central e galego, están a retardar *sine die* as infraestruturas de chegada do tren do momento, o AVE, a Galicia. Tememos que incluso se poidan superar eses corenta anos.

Nós cremos na convivencia e complementariedade entre o tren tradicional e o AVE, por iso imos apoiar esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Esta iniciativa que trae hoxe o BNG contén moitas actuacións importantes para a conservación e a dinamización do ferrocarril en Galicia. Algunhas poden parecernos máis importantes ca outras, algunhas poden parecernos máis urxentes ca outras, pero todas teñen unha vontade clara: que o ferrocarril sexa unha peza central das políticas de mobilidade, cuestión que debe ser incuestionable dende a defensa do medio ambiente, da vida digna no rural, da seguridade viaria ou do dereito á mobilidade.

Non hai dúbidas de que os beneficios de conservar e dinamizar o ferrocarril son necesarios para calquera estratexia contra o cambio climático, na que é preciso reducir as emisións de CO₂ e na que o modelo de mobilidade ten moito que dicir e o ferrocarril ten moito que aportar.

O ferrocarril tamén pode resolver moitas das carencias que hai en Galicia no que ten que ver co dereito á mobilidade, fundamental tamén para avanzar na fixación de poboación do rural, pois un bo servizo de transporte público é determinante á hora de ter unha boa calidade de vida no rural, unha vida digna no rural.

O ferrocarril tamén é importante para Galicia no que ten que ver para a seguridade viaria. Tristemente Galicia encabeza todos os ránkings de sinistralidade —atropelos a peóns e ciclistas, estamos á cabeza en concentración de puntos negros e contamos cos puntos de maior sinistralidade de todo o Estado—. Nesta cuestión o ferrocarril tamén ten moito que aportar, sendo o transporte colectivo máis seguro para desprazarse polo territorio.

Imos apoiar, evidentemente, esta iniciativa, como non pode ser doutra maneira, aínda que sospeitamos que non sairá adiante porque o Partido Popular non a apoiará. Porque nos últimos anos vén amosando unha falta de compromiso co ferrocarril, co tren convencional, onde as comisións e as mamandurrias son moito máis complexas de acadar que co AVE, onde se centra o baixo investimento do Partido Popular nos últimos anos.

Temos varios problemas para que o ferrocarril se dinamice en Galicia que teñen un responsable: o partido máis corrupto de Europa, o Partido Popular. Non hai moito segredo, non se trata de ningunha forza sobrenatural. Por unha banda, a caída orzamentaria do Estado en Galicia. Co Partido Popular no Goberno de España, os orzamentos do Estado en Galicia caeron; e, sobre todo, a súa execución caeu estrepitosamente. Os orzamentos do 2018 que propón o Partido Popular tampouco solucionan o problema, e xa imaxinamos tamén cal será o seu nivel de execución. Se é o mesmo dos últimos anos, será entre un 40 % e un 60 %.

Por outra banda, outro dos problemas que temos co ferrocarril e polo que chegamos á situación na que estamos é o paulatino proceso privatizador do servizo ferroviario, que situou

a media das traballadoras e traballadores públicos en 56 anos, e é ascendente; un suculento negocio para os amigos. É un proceso que vai deixando morrer as liñas deficitarias porque o neoliberalismo non entende de servizo público nin de loita contra o cambio climático nin de dereito á mobilidade nin de fixar poboación no rural. Só entende de ampliar beneficios privados; e no neoliberalismo de amiguetes do Partido Popular, en moitos casos, utilizando as institucións.

E, por último, os orzamentos en ferrocarril están centrados no investimento no AVE a custa de abandonar o ferrocarril convencional. Os datos son claros e din que os dous terzos dos orzamentos en materia ferroviaria se dedican ao AVE, que se vende moito mellor nunha campaña electoral, unha deriva irresponsable que antepón os intereses privados e partidistas aos intereses da cidadanía. Porque así se vén utilizando o AVE, que vén sendo utilizado de forma electoralista sen importar que sexa a custa de destruír, nuns casos, e abandonar, deixándoos esmorecer, noutros, o tren de cercanías, de media distancia e de mercadorías; o que é fundamental para o desenvolvemento social e económico, fundamental para baixar as emisións de carbono á atmosfera, fundamental para garantir o dereito á mobilidade e fundamental para vertebrar o noso territorio. Pero iso ao Partido Popular dálle absolutamente igual, e por iso ten o 70 % dos orzamentos de infraestrutura ferroviaria dedicado ao AVE e o 30 % ao tren convencional.

É importante destacar que máis do 95 % dos usuarios e usuarias do ferrocarril utilizan o tren convencional, fronte a menos do 5 % que utiliza o AVE. Sen embargo, o nivel de investimento nunha e noutra modalidade de ferrocarril non se corresponde con esta realidade, deteriorando o servizo que utiliza a inmensa maioría da cidadanía. Polo tanto, falamos de orzamentos insuficientes, mal distribuídos e de proceso privatizador. Sen orzamentos, non hai para iso; sen executar os orzamentos non se pode conservar e dinamizar o transporte ferroviario, e o proceso privatizador empeora o servizo. Non hai ningún segredo.

Isto lévanos a ter unha rede ferroviaria obsoleta e a ter o récord de todo o Estado en incidencias nos servizos. Temos a liña FEVE cun 30 % das incidencias de todo o Estado —900 incidencias o ano pasado e 2,5 incidencias ao día—, para o que o Partido Popular non ofrece ningunha solución. Destruíron o tren de proximidade e temos a Ferrol e a Lugo condenados cun tren do século XIX que non é competitivo. E a Ourense témolo discriminado dentro das liñas de velocidade alta, unha liña pouco o nada competitiva, Vigo-Ourense, a saída sur, temos a saída polo Cantábrico cara á Meseta moi deficiente e con continuas incidencias. Temos menos dun 1 % de transporte de mercadorías, os portos sen conexión ao redor das mercadorías, e o eixo atlántico —que é a xoia da coroa— con incidencias e cartel de «non hai billetes» en moitas ocasións.

Polo tanto, agardamos que o Partido Popular apoie esta iniciativa para sustentar os discursos nos que falan de sustentabilidade e de lexislatura do rural. E, se non é así, que ofrezan algunha solución ao esmorecemento do ferrocarril en Galicia.

Pola miña banda, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora Rodil, vexo que ten problemas co tema das contratacións de artistas estranxeiros, pode preguntarlle ao seu compañeiro os millóns que contrataban cando gobernaban no Bipartito e levaban vostedes cultura. Vexo que esquecen pronto como gastaban.

En calquera caso, é unha pena que estean tan baleiras as bancadas de En Marea. A verdade, ¡que poucos! Non sei se é a imaxe do que é hoxe A Marea, un bonito símil. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*

Espero que estean reunidos polo menos para devolver a dignidade a esta Cámara, que sería o que deberían estar facendo, se se seguen falando. *(Risos.)* *(Murmurios.)* Xa que falamos hoxe de trens, eu o que estou vendo aquí é un choque de trens *(Murmurios.)* entre as faccións da Marea, que non están facendo outra cousa máis que facer descarrilar A Marea. O proxecto da Marea descarrila e vai bastante mal. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*

Tomen medidas. Seguimos esperando. *(Fortes murmurios.)* *(O señor presidente toca a campá.)* *(Risos.)*

Non se preocupe, señor presidente, que está un acostumbrado. Xa dei clase en primaria e estou acostumbrado. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Vaíamos co tren.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Non hai problema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Os pisos van mañá, na Coruña. Xa aceptaron que estaba mal. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor FERNÁNDEZ PRADO: En primeiro lugar...,

O señor PRESIDENTE: Ao tren, á cuestión.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Imos para o tren.

Quero recordar e empezar con iso para que quede claro, e non se terxiversen as palabras, que o Grupo Popular e os seus gobernos son partidarios absolutamente, e están absolutamente comprometidos, co transporte ferroviario de persoas e mercadorías.

Imos seguir apoiando as medidas de impulso deste transporte, e por iso, neste sentido, xa impulsamos e votamos moitas delas. E non só se votaron, senón que se trasladaron —como tiña que ser— por parte da Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento, que é a administra-

ción competente nos temas ferroviarios. E moitas delas ou están xa en marcha ou están recollidas —como se pode ver— no borrador do orzamento xeral do Estado para o ano 2018. (*Murmurios.*)

Boa mostra disto —xa sei que non lles gusta escoitalo— é que Galicia, mal que lles pese, é a terceira comunidade en investimento por habitante. Dos 900 millóns de euros que ten consignados Galicia máis da metade son para o tren, para o ferrocarril. Estes son os datos, máis do 50 % do investimento vén para o tren, para o ferrocarril. (*Murmurios.*) Non lles gustan, os datos non lles gustan. Non se preocupen.

Pero non só pasa con isto. Outra das mostras do que está pasando coa Marea —como non imos volver falar de infraestruturas— é que tiñamos unha PNL sobre a N-540, Lugo-Ourense, que tiveron que retirar. Claro, porque non só se aprobou na Comisión 2ª e se pediu a Fomento, senón que as obras xa están en marcha. (*Murmurios.*) E cunhas obras xa en marcha traían esa proposición non de lei. (*Murmurios.*) Este é o nivel ao que estamos asistindo ultimamente.

Pero volve a esta Cámara unha vez máis, por parte do Bloque, a petición de transferencia do servizo ferroviario a Galicia. Nesta ocasión, ademais, sen aclarar expresamente que sexa cos orzamentos ou co financiamento necesario para cubrir o déficit; porque, como é ben sabido, estas liñas de cercanías teñen déficit. Só este ano, algún dos servizos que vostedes piden teñen un orzamento de 60 millóns de euros para cubrir o que é a obriga de servizo público nestes tramos de cercanías, 60 millóns de euros. Espero que non estean pensando que Galicia asuma tamén ese déficit.

Pero, claro, o máis estraño é ler no último punto —non sei se é un gazapo ou quería ser así— que piden un plan integral de estradas, de transporte por estrada, nesta do ferrocarril. Supoño que ou ben asumiron xa por fin que o que hai que buscar é o mellor servizo de transporte en función de cada caso —e, claro, evidentemente, a malla de transporte por estradas ten que ser e será sempre máis completa— ou sinxelamente que se trata —como dicía— dun gazapo. Pero, en calquera caso, creo que non está saíndo nada mal este transporte de estradas tendo en conta que levamos un bo número de plenos sen que veña a esta Cámara. Creo que é bo sinal de que está funcionando adecuadamente. En calquera caso, nas próximas datas posiblemente esa segunda fase do Plan de transporte por estradas estará xa publicada. Non se preocupen, o que poden facer nesta ocasión é colaborar e alegar ou aportar algo a este plan.

Da lista de obras poderíamos falar de moitísimas. Pero, miren, no tema do punto 4 —compromisos do AVE—, ¡vai chegar antes que a moitas outras comunidades autónomas! E ás obras vén cada tres meses o ministro de Fomento para dar conta e para que esas obras rematen antes de final do 2019 e poidan estar en marcha no 2020. Máis do 80 % da execución xa está realizada, e, por fin, vemos preto esa finalización.

¿Ourense, Santiago e Coruña? Pero se o día 22 na Comisión 2ª o director xeral xa lles dixo que estaba pedido a Fomento. Deámoslle, polo menos, uns días a Fomento para que poida tomar as decisións oportunas. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Sobre o corredor atlántico, non hai nin un mes que o subdirector da Unión Europea que leva o tema de transporte ferroviario de mercadorías dixo en Galicia que o Goberno do Estado xa pedira o que están poñendo aquí, por unha demanda previa do Goberno galego e outras comunidades autónomas. Xa está pedido, ademais, por unha PNL aprobada por unanimidade nesta Cámara.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Si, remato xa.

Sobre o ERTMS, hai 51 millóns de euros nos orzamentos para o eixo atlántico, para incluír a totalidade do ERTMS en todo o eixo atlántico. Voten ese orzamento estatal...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Si, si, xa teñen que votar...

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Voten o orzamento estatal...

O señor PRESIDENTE: ...e outros acontecementos hoxe tamén.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...e teremos os sistemas de freado, porque están nas partidas dos orzamentos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moitas grazas, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, grazas, presidente.

Eu, señor Fernández Prado, xa vexo o que lle importa a vostede a situación que ten o sistema ferroviario galego, sobre todo nas comarcas de Lugo e Ourense, porque debeu investir máis da metade da súa intervención en falar de calquera cousa, todo lle valía para non ter que abordar a cuestión... *(Murmurios.)*

Xa terminou o tempo do Partido Popular. Permítanme que agora fale eu.

¡Xa me gustaría a min que o señor Fernández Prado abordase máis a cuestión que é obxecto de debate nesta proposición non de lei!, que é a situación que ten o sistema ferroviario galego no conxunto do país e, nomeadamente, nas comarcas de Lugo e de Ourense. Acabou falándome vostede da N-540 e doutras cousas que non viñan nin ao caso nin a conto.

E falan do AVE insistente e recorrentemente, e eu preguntome de que AVE nos falan. Temos unha vía sen electrificar en Lugo, e levamos décadas agardando as falsas promesas da dupla vía e da electrificación. (*Aplausos.*) Levan décadas neses orzamentos do Estado. A súa palabra non vale nada, absolutamente nada. ¡Como se pode falar de verdade e que non sexa considerado un insulto que se nos fale da alta velocidade cando somos incapaces de viaxar por unha liña merecente de tal nome no século XXI entre Lugo e Ourense!

A min lémbreme vostede —lembroumo a súa intervención— un gran libro —eu recoméndollo a todo o mundo— de Ignacio Ramonet e Noam Chomsky, que era *Cómo nos venden la moto*. ¿Cantas veces pensan que nos poden seguir vendendo a mesma moto? Eu non sei se subiu vostede algunha vez no tren que viaxa desde Lugo a Monforte, o que vai de Lugo a Ourense mesmamente, e se vostede botou a ollada a unha das grandes promesas electorais que vai orzada ano a ano neses orzamentos xerais do Estado español, que é a variante da Pobra de San Xiao —coñécea ben a señora Rodríguez, que é de Monforte—. ¿Sabe cantos anos levamos esperando por esa variante, que son exactamente 7 quilómetros? ¡Boten! ¡Doce anos agardando por esa variante! (*Aplausos.*) A súa palabra non vale absolutamente nada. Os orzamentos xerais do Estado, alén dun insulto en materia de investimentos no noso país, son absolutamente papel mollado.

E digo que a súa palabra non vale nada porque eu facía referencia, na miña primeira intervención, a un acordo unánime adoptado o 22 de setembro de 2009 nesta Cámara, e eu creo que hoxe merece que a vostede lle responda un dos seus. Alguén do Partido Popular —e quero citalo porque ben merece tamén ser citado—, o señor Gómez Alonso, deputado nesta Cámara polo Partido Popular en setembro de 2009 —e con isto remato—, dicía o seguinte: «O noso compromiso é ineludible coa posta en marcha do ente ferroviario galego. Foi unha promesa electoral do Partido Popular nas pasadas eleccións autonómicas e agora ímolo facer realidade nesta lexislatura. Nós apostamos por un ente ferroviario á semellanza do catalán, do vasco e do andaluz. O ente ferroviario galego vaise crear e o ente ferroviario galego ten que impulsar, entre outras cuestións...» Falaba duns metros lixeiros, que aínda están por ver.

A súa palabra non vale absolutamente nada, levan mentíndolle a este país, no mínimo —xa o dixen na miña primeira intervención—, oito anos. Seguiremolo traendo tantas veces como sexa necesario ata que ese ente público ferroviario galego e a realidade dun sistema ferroviario de calidade, tamén no interior do país, sexa unha realidade.

Máis nada.

E agradezo o apoio do Partido Socialista e de En Marea. (*Aplausos.*)


O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e dous minutos do serán.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25